

AÑOS

Nº 16

MAIO 2011



ASOCIACION CULTURAL



ACTIVIDADES REALIZADAS POLA ASOCIACIÓN AO LONGO DO ANO 2010

RUTA XACOBEA E ANO XUBILAR


Como agrupación que estamos dentro do Censo de asociación promotoras do Camiño de Santiago, todos os anos programamos peregrinacións a Santiago e a Fisterra.

Tamén somos defensores do cambio e aumento da Ruta Xacobea Marítima que coidamos debería começar na desembocadura do río Miño entre a Garda e Portugal, seguindo así a singradura que, conta a lenda, fixeron os seguidores do Apóstolo que, nunha barca de pedra, trasladaron o corpo de Santiago.

Este pasado ano 2010, como Ano Santo, peregrinamos a Santiago pero fixémoslo de xeito diferente ao resto dos anos que empregabamos un barco de pasaxe e ímamos dende a Garda ata Pontecesures, visitando todas as Illas Atlánticas maiores e as menores da ría de Arousa, para logo dende Padrón seguir o camiño Portugués a pé ata Santiago. Este pasado ano, reunímonos todos en Pontevedra, cada un veu dende o seu lugar de orixe como quixo, e dende a vila de Teucro, fomos en tren ata Santiago, cumplindo con todos os requisitos para gañar o xubileu.

FESTA DOS MAIOS

A pesar da indisposición do noso Presidente e da nosa Secretaría, "almas mater" desta actividade, que non puideron acudir a Ons, varios membros da Asociación xunto con amigos que se atopaban ese día na Illa, argallaron unhas coplas, que tiñan que ver con sucesos ocorridos durante o ano en Ons, e se dispuxeron a cantalas. Hai que dicir que os textos levantaron as risas dos presentes que pouco a pouco se foron convertendo en gargalladas ao escotarnos cantar tan desafinados e faltos de ritmo; pero ben, a festa pagou a pena e tanto en Casa Acuña como na de Checho, convidáronnos a unhas boas tapas regadas cun excelente viño



alvariño que serviu para mollar e reparar, polo esforzo realizado, as deterioradas cordas vocais.

EDICIÓN DA REVISTA "AUNIOS" N° 15

Editamos o nº 15 da revista Aunios que este ano, xunto aos artigos relacionados coa Illa de Ons, contou cun bo número deles dedicados ao Grove, vila onde a asociación ten a súa dirección postal. Os temas dedicados aos petróglifos, ás crenzas mariñeiras, ás illas Insua e Sálvora, á evolución histórica da ría de Pontevedra, á pesca na ría de Muros e á vieira, cerraron un número de AUNIOS que, debido ao interesante dos seus artigos e o prestixio dos seus colaboradores, tal éxito tivo que ao pouco de saír, xa quedou esgotada.

BIBLIOTECA ITINERANTE, VIAJES CULTURAIS, INTERCAMBIOS,...

Actividades que realizamos ao longo do ano en diversos lugares das rías Baixas, nos colexios, campamentos,... Como xa comentamos o ano pasado, estas actividades, que consideramos moi interesantes, cada vez temos que reducillas debido á falla de axudas e subvencións.

UNIDADE DIDÁCTICA DEDICADA AO MEDIO MARIÑO DE ONS

Unidade Didáctica que tivo unha pequena axuda do concello de Bueu e que conta con tres Bloques Temáticos coas súas correspondentes follas explicativas, follas de actividades, follas con solucións de actividades, mapas, itinerarios e bibliografía sobre os temas: As Embarcacións e A Pesca da Illa de Ons. Esta Unidade Didáctica estará a disposición de quen a solicite para traballar con ela en colexios, campamentos,...

O RECINTO FORTIFICADO E OS PETRÓGLIFOS DA CABECIÑA EN MOUGÁS. OIA, PONTEVEDRA

Por: Fernando Javier COSTAS GOBERNA¹

A costa oceánica do Suroeste de Galicia está caracterizada dende Cabo Silleiro ata A Guarda polas abruptas ladeiras da Grova, adquirindo un protagonismo evidente a rasa costeira de Oia, que cos seus pequenos vales regados polas augas dos regatos que verten as súas augas no océano Atlántico, foron tradicionalmente lugar de asentamento das comunidades humanas, que atoparon nela a posibilidade da explotación agrícola continuada. No borde de esta rasa e nas ladeiras do macizo da Grova localízanse sitios arqueolóxicos de diferentes épocas. Un dos que sobresae é o conxunto arqueolóxico da Cabeciña, na parroquia de Mougás.



O enclave da Cabeciña.

Como Cabeciña coñécese unha elevación de 148 m sobre o nivel do mar, facilmente identificable na paisaxe non lonxe da liña da costa, e que podemos considerar como punto estratégico de extraordinario interese, xa que domina o acceso á zona de tradicional asentamento de poboación de Oia, polo Norte.

A pesar das evidentes pegadas de cantería e a abundante vexetación, podemos identificar un foso ao Leste, zona na que tamén son mais evidentes os restos da muralla perimetral, interrompida para facilitar o acceso ao seu interior. No interior do recinto distínguense algunas terrazas e restos de construcción na súa acrópole. Estes restos son o que queda dun antigo recinto fortificado que quizais foi un antigo castro reutilizado con posterioridade, áinda que este particular só podería ser confirmado mediante escavación arqueolóxica.

Na cartografía de principios do século XVIII, nun mapa do 1702, a medio camiño entre Oia e o Cabo Silleiro, aparece unha icona que corresponde a algúns tipo de fortaleza coa denominación de Cabestan, topónimo que pódese asociar tamén con Cabecina, e que daría lugar posteriormente a Cabezo e Cabeciña denominacións utilizadas hoxe no entorno do que nos ocupamos². Todo apunta por tanto á existencia dalgún posto de interese estratégico - militar nesta elevación como apuntamos con anterioridade, do que se conservan referencias ata o século XVIII na documentación cartográfica.

Na costa de Oia temos constancia de outros dous recintos fortificados de similares características ao da Cabeciña. En Santa María de Oia coñecemos o castro-castelo de Chavella que ten unha situación estratégica que permite o control de entrada e saída polo Sur e con dominio sobre o acceso a zona alta da Grova; e controlando tamén o acceso dende a costa á zona alta da Grova, temos o espacio fortificado de Cano dos Mouros na parroquia de Viladesuso, nos límites coa de Mougás.

No centro da fotografía a elevación do recinto fortificado da Cabeciña en Mougás, Oia.



Os petróglifos da Cabeciña. Ao Leste do recinto fortificado no borde da pista forestal na parte de máis fácil acceso identifícase un conxunto de rochas nas que atopamos catro grupos de coviñas de 5, 10, 22 e 26 respectivamente.

¹ Instituto de Estudios Vigueses.

² Datos sobre toponimia facilitados por Xerardo Sacau Rodríguez.

Pero os gravados mais espectaculares témolos ao Sur dos grupos de cazoletas nunha superficie insculturada de 4,50 x 2 m. aprox. que áinda exercendo un gran dominio visual, resulta evidente que os motivos non foron realizados para ser observados a distancia. O espazo gravado configúrano semicírculos concéntricos formados por seis arcos, algún con covaña central e liñas radiais, algunas figuras de aspecto arriñonado e algúns óvalos. A maior parte das figuras intercomúnicanse dando lugar a un panel realmente enmarañado de excepcional beleza. Finalmente na zona occidental destaca unha figura de tres círculos concéntricos. A anchura máxima dos sucos que definen as figuras é de 6 cm. e a mínima de 2 cm.



Os gravados da superficie da Cabeciña en Mougas. Oia

Loughcrew, en See Kilgren e tamén nalguna das lousas de New Grange⁵. Aquí poderíamos engadir a Pedra da Bouza en Boiro⁶ de bastante similitude coa denominada estela de King's Mountain no condado de Meath en Irlanda⁷, ambas con combinacións circulares.

Os parágrafos anteriores non pretenden ser máis que unha reflexión sobre un tema complexo de certa frecuencia na literatura arqueolóxica, como é o asunto das relacións entre os finisterres atlánticos ao longo do tempo; pero sobre todo chamar a atención sobre un conxunto arqueolóxico de características excepcionais que suxiren a necesidade dun plan de actuación que permita o seu coñecemento e conservación.

BIBLIOGRAFÍA UTILIZADA

BELLO DIEGUEZ, J.M^a

1996; Los Motivos geométricos en los Grabados Prehistóricos del Continente Europeo. Grabados y Pinturas en el mundo Megalítico Atlántico Europeo.. Asociación Arqueológica Viguesa. Serie Arqueología Divulgativa nº 2. Vigo.

BRADLEY, Richard

1996; Los Motivos geométricos en los Grabados Prehistóricos del Continente Europeo. El Arte Rupestre Prehistórico de Gran Bretaña e Irlanda. Asociación Arqueológica Viguesa. Serie Arqueología Divulgativa nº 2. Vigo. COSTAS GOBERNA, F.J. ; PEREIRA GARCIA, E.

1996 El Petroglifo del Coto de Barcelos (Oia; Pontevedra). Castrelos 9-10 . Vigo

COSTAS GOBERNA et alii.

La Piedra con Grabados de Pedra da Bouza. En Boiro (A Coruña). Castrelos 7-8. Vigo

FABREGAS VALCARCE, R.; PENEDO ROMERO, R 1993; Cistas decoradas y Petroglifos. Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología.Vigo

1994; Petroglifos e Arte das Cistas do Noroeste. Trebarvna. Vol III. Castelo Branco

SARTAL LORENZO, A.

1999; Petroglifos Pozo Ventura (Poio, Pontevedra). Galicia 18. Santiago de Compostela y Actas del Congreso Internacional de Arte Rupestre Europea. Vigo.

SHEE TWOHIG, E.

1981; The Megalitic Art of Western Europe, Clarendon Press. Oford.

³ Peña Santos, A.; Rey García. Brigantium 10. A Coruña. 1997. pp-301-331

⁴ Bradley, R. Los Motivos geométricos en los Grabados Prehistóricos del Continente Europeo. El Arte Rupestre Prehistórico de Gran Bretaña e Irlanda. Vigo, pp.

⁵ Shee Twohig, E. A Pedra decorada de Ardaigas de Augas Santas (Concello de Maia). Arqueología 3,pp 49-55

⁶ Costas Goberna et alii. La Piedra con Grabados de Pedra da Bouza. En Boiro (A Coruña). Castrelos 7-8. Vigo, 1996, pp. 61-65

⁷ Bello, J.M^a. 1996; Los Motivos geométricos en los Grabados Prehistóricos del Continente Europeo. Grabados y Pinturas en el mundo Megalítico Atlántico Europeo. Vigo, pp. 13-53



A FAUNA FABULOSA DE ONS

Por: Xóan Xosé Pérez Labaca

Dentro da fauna fabulosa existente na Illa de Ons atopábanse os biosbardos que son seres de moi diferente catadura xa que son moi poucas as persoas que saben, a ciencia certa, como é o seu aspecto exterior. Son un tipo de animais que se prestan para a broma e a burla, penso que naceron precisamente para iso. Na Illa dábanse moi ben polas terras sementadas de millo nas leiras de Chin e nos milleirais por detrás de Casa Acuña, aínda que tamén se dabán noutros lugares cerca do Cucorno e por Pereiró.


A situación para cazar biosbardos dáse cando un grupo convida a alguén a ir a eles, pola noite. Como os non iniciados non coñecen o tema polo xeral aceptan

un grupo de amigos e amigas levamos a unha das rapazas do grupo, chamada Nati que era de Ourense, a unha cacería deste tipo nunha noite de agosto cando os milleirais están crecidos e teñen espigas, e despois de estar bastante tempo, dúas ou tres horas, soa e co saco maila lanterna na man, foina buscar un da panda que lle meteu no saco unha espiga de millo e ao tempo movíaa dicíndolle: toca, toca, aínda está vivo!. Naquel día ela foi moi feliz coa caza, pero despois levou un desgusto tremendo ao saber que era unha broma polo que rematou botando unhas bágoas que calmou e acougou o seu namorado, daquela, Miguel, con bastante traballo pois consideraba que el era o maior culpable

da carallada. De todos os xeitos, penso que a Nati aínda cre hoxe que os biosbardos existen.

Como dicimos, os biosbardos danse, en xeral, moito pola beira do mar onde hai fincas con millo. Aparecen case sempre pola tempora de verán e, ao parecer, son anfibios polo que o mesmo están na terra que metidos na auga. Díñ que hai dúas variedades: o comú (*Bibardus vulgaris*), máis de terra, e o prateado (*Bibardus argentis*) que se da moi ben na Illa. A pel deste ultimo era moi apreciado polas turistas estranxeiras pois era usada para a confección de bikinis, que alcanzaban en lugares turísticos como A Toxa, Sanxenxo ou Baiona prezos considerables, pois a sinalada pel adaptase moi ben ao corpo das persoas, en especial das mulleres ou en traxes de baño de home do tipo ‘*tapacolloada*’ como o de Marilyn.

Polo interior de Galicia, a variedade máis abundante é a comú tamén moi apreciada. Noutros lugares do interior, pola montaña, dos biosbardos existen outras dúas variedades que son chamados “gazafellos” ou “gurrumulos”, que se diferencian dos auténticos en que teñen pintas polo lombo. Destes últimos é un verdadeiro especialista Suso Maqueira, que os ten mirado pola beira dos ríos cando vai pescar.



Leira de millo en Canexol

a proposta, entón os compinchados déixano estar moito tempo no sitio, sen moverse, e aproveitan a escuridade para gastarlle algunha facialtruada ou inocentada á vítima. Para cazalos unicamente fai falta un saco máis unha lanterna, poñéndose o cazador en silencio no medio dunha leira con millo alto e berrando cada certo tempo Biosbardo ao saco! ata que entre un no mesmo.

Eu recordo unha vez, estando na terraza de Jarulo,

Segundo me dixo Mino, o do Chiringo, ás veces cando a marea é propicia e a lúa está na fase de Novilunio (Lúa nova), os biosbardos poden ser cazados nas rochas durante a marea baixa e incluso na orela da praia, onde rompen as ondas, a partires das doce da noite coa axuda dunha lanterna de mergullador que se pon no chan acendida, dentro da auga, para así poder agarrar ben o saco coas dúas mans.

Existe bastante confusión neste tipo de animais e así a xente que non os coñece ben, mestura allos con cebolas e pensa que todo é o mesmo. Isto sucede porque unha inmensa maioría ten a crenza que o biosbardo é o mesmo que gamusiño (**Gambusia affinis**). Isto é un tremendo erro porque áinda que son parecidos no fondo, ou no obxectivo que se quere alcanzar, son totalmente diferentes. Xa explicamos como era o biosbardo e agora vamos co gamusiño.


O gamusiño, en castelán '*gambusino*', é tamén un animal que se da na Illa bastante ben pola zona de Pereiró no medio das xestas e dos toxos, xeralmente polos arredores de onde estaba instalado o campamento, xusto pola zona que comprende entre O Buraco do Inferno e A Pedra que '*Alumbra*'.

O mesmo que cos biosbardos, hai que aproveitar as ocasións propicias para cazalos, sendo ideal contar con persoal que acuda a estas actividades por primeira vez. O procedemento para cazalos é similar ao da captura dos biosbardos pero coas notables variacións que paso a sinalar:

Para a captura non é preciso lanterna senón levar un cacharro, pode ser unha lata grande de conservas vexetais, xerra de folla de lata ou algo similar metálico con pedriñas ou seixos pequenos dentro para que ao axitar o cacharro as pedras resoen ao bater contra as paredes e fagan bastante barullo. Situados os cazadores, neste caso son sempre bastantes pois participan todos

ou case todos, o organizador coloca ao novato nunha posición axeonllado co saco aberto sostido coas dúas mans para recibir dentro o gamusiño que asustado tratará de refuxiarse nel, e que o que fará, pola calada, cando cese o ruído. Ao berro de cacharros! os outros baterán estes con forza para asustar ao animal. Pouco a pouco deixaran de bater e sixilosamente vanse retirando ata deixar ao novato só, esperando polo animal ata o alborecer. O gamusiño é raro que se meta no saco pero, os máis vellos contan, que as veces pasa iso áinda que moi raramente.

A parte dos de Ons, son moi famosos os da Lanzada e Vilanova de Arousa. En certa ocasión coñecín a un médico, madrileño, que tiña a obsesión de coller un para conservalo metido nun frasco con alcohol, pero



a pesar de intentalo repetidas veces non foi capaz de consegui-lo.

Estas bromas en Ons, sempre estiveron presentes, más ou menos cargadas ao bombo, e foron as que fixeron e fan a vida comunitaria máis alegre e divertida incluso aos veraneantes. Por iso non deben desaparecer.

OS LOUREIROS (ORÍXENES)

Por: Javier Fernández Soutullo



O potencial marítimo da Galicia da Idade Media e Moderna acada un forte apoio no transporte das mercadorías do viño. Galeóns, gabarras e grandes carabelas, sucan destinos variados polas nosas costas, ata o Levante, o Mediterráneo e mesmo ata as costas de Bretaña, Flandes, Inglaterra e Irlanda. Obtíñase un plus de traballo e engadíase un tráfico de mercadorías que permitían, nas exportacións de sardiñas e saín, volver coas adegas cheas de bos viños de importación, tamén chamados de *Sobremar*, entre os que tiñan moita fama os de Murviendro e Xerez.

Pronto os pontevedreses, sobre todo a través do porto das Corbaceiras, comenzaron as exportacións dos viños propios da terra. Os do Ribeiro, onde unha lexión de arrieiros carretábanos a lombos de mulas e mesmo en

contrabandistas. Isto deu pé a que os gobernantes, co interesado e fácil apoio da igrexa, dona da grande maioria das terras fértils da época, controlaran, cunha manta de leis e disposicións, o brote do negocio.


Nesta época xa se coñecían os viños denominados de Ullaos, protagonistas sen dúbida das seguintes ringleiras. Eran por aquela viños sen fama algúns, que completaban as exportacións, case sempre, como cota para os tripulantes. Compartíanse nas casas e formaba parte de pequenos trocos. Colleitábanse en todas as comarcas limítrofes coa capital, Pontevedra, pero era no Val do Salnés onde máis afloraba o seu emerxente mercado.

Os impostos que tanto a igrexa como o estado gravaban ao viño, eran xa, dende o principio, moi fortes. O seu consumo en taberna acabou articulándose, ao igual ca venda directa nas adegas, dando lugar ao afloramento dos áinda hoxe coñecidos por *Loureiros ou Furanchos* que fan as delicias dos nosos padais.

Era obriga da época que nas tabernas se lles dera prioridade aos viños de *Sobremar* e os do Ribeiro, pero o seu consumo tan só era accesible para os podentes, por iso foron exportados, na súa maioría, traendo na viaxe de volta, telas, aceites, coitelería e apeiros para esgrimir nos distintos oficios, rexentados por comerciantes e artesáns de todo tipo. Pontevedra medrou moito neses tempos con este tipo de comercio, non así as demais vilas que vivían do mar e a terra sen a penas recursos.

Envasar estes viños para o seu porte corría a cargo dos toneleiros pontevedreses que incluso chegaron a poñer unha unidade de medida a “*Pipa de Cargasón*”, duns cincocentos litros de capacidade, garantindo a súa carga gravando neles o escudo da cidade. Outras medidas de venda eran o *Azumbre* de 18'3 litros de capacidade, e os *Mollos* de 142 litros, tres mollos enchían unha pipa de viño.

Xa no século XII, os preitos eran soados, entre os armadores das naos e os colleiteiros ou cos



Bodega Bouzabellá, decana do Salnés desde 1833. (1965)

carros do país, ata a vila de Pontevedra, por entónces defensivamente amurallada, entrando por unha das portas da cidade, a de Santa Clara.

Privilexios, ordenanzas, acordos e moitos preitos, xiraban en torno a este esforzado recurso, o viño. A súa explotación e consumo mobilizaba a mareas de xentes, entre colleiteiros, arrieiros, toneleiros, taberneiros, mercadores, armadores e mesmo


representantes da igrexa como donos e señores da mayoría dos foros, sobre a calidade dos viños Ullaos. Os primeiros tiñan privilexios dende tempos inmemoriais para eles, os tripulantes e mesmo para as súas familias. Estas leas deron pé á intervención do arcebispado dando recoñecemento aos armadores e mareantes a consumir viños de fóra, pero introducindo unha cláusula que daba as primeiras proteccións aos viños Ullaos, chamado o “estanco anual” segundo a cal rezaba: “*cando Deus dere moita colleita de viño, podería o concello impoñer por certa parte, e tempo do ano, o consumo obligatorio de viños Ullaos a custos razoables*” para que non se botaren a perder e deixaren de labrar os viñedos da comarca, mesmo nos meses de agosto e setembro pasaban a ser de obrigado consumo (ano de 1492).

Durante 194 anos os máis interesados no tema, a igrexa fixo presión e, xa en 1686, Carlos II rexente das Españas dispuxo a prohibición de viños de fóra mentres no foran consumidos os de colleita propia, engadindo meses de consumo de outubro ata febreiro.

Para asegurar o cobro das taxas quedaba tamén prohibido o consumo de viño nos arrabaldes das vilas e cidades na distancia dunha legua. Cando pasaran de dita distancia, nos expedientes abertos soíase empregar, como proba da infracción, un grande ramo de loureiro na porta da adega, costume que sobreviviu séculos e perdura hoxe en día, aínda que con connotacións diferentes.

As colleitas de viños de Ulláns, entre eles, o noso afamado Albariño, comezan a destacar, mellorando as distintas técnicas de elaboración e envasado; pola contra, as exportacións de Ribeiro vense afectadas xa, dende finais do século XVI, por mor das Guerras contra Flandes e Inglaterra, máximos expoñentes das transaccións comerciais do viño do Ribeiro. Portugal, despois da súa independencia, sempre enfrentada co reino de España, comeza a comercializar os viños de Oporto deixando o negocio do viño moi tocado. Por todo isto a igrexa veu diminuír as súas rendas considerablemente e xunto cos fomentadores empezaron a nova apostila polos viños Ullaos. Os rendementos non son cuantitativamente calculados, polo que todos os contratos falan de porcentaxes sobre a colleita anual. Nas outras comarcas, estas acadarían un cuarto da colleita e se fora un ano malo ata un quinto do total, exceptuando a comarca do Salnés que pronto soubo poñerse á cabeza en todo este secular proceso e os impostos acadaban ata un terzo da colleita,

aínda que existían dalgún modo as chamadas bonificacións, consistentes en crear novas superficies dedicadas a viño e colaborar sen renda algúnhia nas colleitas propias de igrexa e señoríos.



Bodega Bouzabella, decana do Salnés desde 1833. (1965)

As descripcións destes tempos eran lúgubres e estaban enchidas de dor e sacrificios. As cíclicas faenas da vendima eran descritas sempre pola presenza do señor. Os homes dirixían os traballos guiando os carros de bois, atestados de cestas de esparto e vimbio, e elas, as mulleres, descalzas a maioría, coas cestas á cabeza, o mantelo cruzado e atado sobre o peito e o van e o mandil baixo. Esta era a escena típica das colleitas da Galicia eterna.

Deixando atrás as pésimas condicións destes homes e mulleres, este sector acadaría nos últimos tempos unha melloría inimaxinable e unhas cotas de calidade do viño que son o verdadeiro acicate para seguir mellorando, con grandes plantacións, adegas e medios de traballo. Para sempre nos queda ese pequeno e familiar Loureiro ou Furanco.



VIÑETAS
“ILLA DE
ONS”

de
LUÍS
DAVILA



Na illa de Ons




Publicadas
no
periódico




FARO
DE
VIGO

AGUDEZA VISUAL: CAL DESTOS CARACOIS É DA ILLA DE ONS



VIÑETAS - CHISTES PUBLICADOS POR MOR
DOS DERRUBES DAS CASAS ILLÁNS POR
KIKO DA SILVA NA VOZ DE GALICIA





ONS: PROPIEDADE - ADMINISTRACIÓNS - VECIÑOS (III) "FINAIS SÉCULO XX - PRINCIPIOS SÉCULO XXI"

Por: Celestino Pardellas de Blas

No número 14 da revista AUNIOS, sacabamos as seguintes conclusións:

CONCLUSIÓN DA PRIMEIRA ENTREGA (AUNIOS N° 14. 2009)

Á vista de todo o exposto, podo atreverme a sacar como conclusión:

- Se cando a Igrexa, a finais do século XIX, non cedeu por medio de documento ao Marqués de Valladares a posesión da Illa.
- Se o Estado, debido ás leis desamortizadoras, no deu ao Marqués ningún título de pertenza.
- Se a familia Montenegro non pode alegar, con documentación, que cumpliu cos requisitos esixidos no foro do século XVI.
- Se o expediente posesorio que outorgaron a favor de don Fernando Quiñones de León non ten a documentación clara a favor deste para poderse realizar.

- Se para ese expediente a favor, alegaron, como sucesores da familia Montenegro, o seguir co foro, tiñan que ter en conta dúas cláusulas ben claras e obligatorias deste: *Non se podía vender, nin hipotecar.* ... Todo o acontecido posteriormente, como a inscrición no Rexistro da Propiedade da Illa de Ons a favor de Fernando Quiñones e Marina Whyte, é **totalmente ilegal**.

Se esta ilegalidade se pode demostrar, o único dono da Illa de Ons é o **ARCEBISPADO** e os **DESCENDENTES** dos **VECINOS** que mercaron as <accións de primeira clase>, xa que, segundo a documentación existente e consultada por Salustiano Portela Pazos, compraron co visto e prace da propia Igrexa, como única dona daquela, e fixérono de boa fe.

No número 15 da revistas AUNIOS rematabamos, despois de facer un repaso aos principios do século XX (de 1919 a 1943), ao paso como propiedade do Estado (Expropiación. 1943) e de facer unhas reflexións sobre os motivos da expropiación, sacando estas conclusións (AUNIOS N° 15. 2010):

CONCLUSIÓN DA SEGUNDA ENTREGA (AUNIOS N° 15. 2010)

Polo exposto no anterior número de AUNIOS nº14 e polo exposto neste, sacamos en conclusión que a Illa de Ons, dende o século XVI, vive unha serie de irregularidades, con respecto á súa propiedade, que chega ata os nosos días e que sería imprescindible que, por especialistas, se levara a cabo unha profunda investigación que arranxe este desaguisado e dunha vez aclare o problema da propiedade, do contrario, este problema seguirá latente e pode rexurdir

PROBLEMÁTICA FAMILIA RIOBÓ

Importante resaltar neste punto uns pequenos datos para logo comprender o que está a pasar nestes últimos anos (*Refírome aos anos 2007 - 2010, ou quizais antes*) coa propiedade da Illa:

Co suicidio do que consideran, o último “propietario” de Ons, o Sr. Didio Riobó, a Illa pasa por uns anos de incerteza ata 1943 en que é expropriada polo Estado (Ramo de Guerra). Durante esa etapa que vai de cinco a seis anos, Ons vai a ser administrada polo Sr. Gaspar Massó, persoa que no momento de realizar todo o papelorio de entrega ao Ramo de Guerra, asina, no nome do <factor mercantil> e entrega toda a documentación esixida, onde se demostra que, durante esos anos de administración, cobrou a renda aos veciños que antes pagaban ao Sr. Riobó.

Aquí hai que volver a insistir en que, os veciños daquela (*Os devanceiros dos veciños de hoxe*), estaban pagando unha renda ao Marques de Valladares¹. Esa renda pasou logo a ser cobrada polos que se erixiron como “propietarios” no ano 1919, o Sr. Marcial Bernadal e Manuel Riobó Guimeráns.

¹ Documentación do Archivo Histórico Nacional. Sección Nobleza. Mos - Valladares



Do cobro desta renda temos varios documentos dos que botar man e, como non, as palabras dos veciños maiores de idade, hoxe unha grande mayoría falecidos, que viviron esa época e que eu tiven a oportunidade de coñecer e que me contaron o xeito de pago ao Sr. Riobó.

Cando eu cheguei á Illa (1974) había un importante número de persoas que, na etapa de Didio Riobó (1930 - 1936) contaban con 40 anos. Cando eu comecei a recompilar datos sobre a Illa (1977) praticamente todas as familias que vivían en Ons, polos menos durante o verán, (arredor dun 70%) viviran os últimos anos de Riobó e polo tanto coñecían e contaban como facían o pago que Riobó esixía polos terreos.

Un dos testemuños que teño máis completo é o realizado pola veciña Juana Otero Acuña, que contaba daquela coa idade de 71 anos, casada con José Reiriz Patiño propietario da casa nº 33 contigua á casa nº 35 que eu por aquelas datas habitaba, e que, dun xeito resumido contoume: **"Ao señorito había que pagarle polas terras que traballabamos, ... Pola casa non cobraba porque era nosa... Todos tiñamos que pagar, pero algúns non podían, non tiñan cartos e, por riba, pescaban pouco, eses tiñan que darrille millo, patacas, ou traballar para el... Os ricos pagábanlle con cartos; os demais tamén, pero en vez de darrille diñeiro, pagabámoslle con polbo, congro, marisco ou peixe, que lle vendíamos a el, pero cando o meu home ía cobrar ao rematar a semana, descontáballe unha parte para a renda do ano. Iso o facía aos que non podían pagar no momento que o esixía... O señorito non era mala persoa, se vía que non tiñas para pagar, ou che morrera algúnn animal e tiveras que mercar outro, ou que non pescabas o suficiente,..., esperaba para o cobro e, ata a algúns, perdoáballe a renda, era a familias pobres, mulleres viúvas con fillos,..., novos matrimonios..."**

Este é un testemuño oral que a Sra. Juanita contoume nas longas parrafadas que tivemos ata o seu pasamento. Loxicamente, poden consideralo non válido para demostrar o pago da renda, pero estou seguro que aínda hai dabondo veciños vivos que recordan ou lle contaron os seus pais, testemuños como este.

RENTAS DE COLONOS DE ISLA DE ONS DEL AÑO AGRICOLA 1.942.				42
Antonio	Mendez	31	ferrados	607,60
Domingo	Perez	26	"	509,60
Constante	Otero	11	"	215,60
Luís	Otero Troncoso	9,5	"	186,60
Manuel	Otero Patiño	12	"	362,80
Calisto	Otero Troncoso	11	"	235,20
Dolores	Reiriz	4	"	78,40
Francisco	Otero	28	"	548,80
Manuel	Sampedro	9,75	"	191,10
Josefa	Reiriz Patiño	10	"	196,00
id.	id.		Por casa	80,00
Maximino	Dominguez	32	"	627,20
Gumersindo	Mendez	12,5	"	245,00
Concepción	Reboiras	15	"	294,80
José Ramón	de Díaz	13	"	254,80
Macielino	Vidal	15	"	196,00
Oscarino	Sampedro	12	"	235,20
Ramón	Dominguez	20	"	392,00
Marciso	Patiño	11	"	215,60
Juan	Pérez	23	"	450,80
Jesús	Otero Estevez	14	"	274,40
Clemente	Otero	5	"	98,00
Ramón	Otero	5	"	98,00
José	Reboiras Vidal	8,5	"	166,60
Leonor	Pérez	2	"	39,20
Benito	Otero	9	"	174,40
José	López Otero	22	"	450,80
Joséfa	López Patiño	12	"	235,20
Perfecto	Pereira	50	"	980,00
Vicente	Blanco	17,5	"	343,00
Pedro	Garcia	7,5	"	147,00
Sabino	Patiño	1	"	19,60
Peregrina	Reiriz	32	"	627,20
Carmen	López Patiño	21	"	411,60
Andrés	Reboiras	7	"	137,20
Serafín	Mendez	8	"	158,80
José	Goberna	10,5	"	205,80
Perfecto	Vidal	30	"	588,00
José	Reboiras P.	28	"	548,80
Jacobo	Blanco	26,5	"	519,40
Emilio	Patiño	20	"	392,00
Dolores	Sampedro	20	"	392,00
José	Otero Vidal	27	"	529,20
Francisco	Otero Mendez	28	"	548,80
Jesus	Otero López	9	"	176,40
Manuel	Otero	34	"	666,40
Macielino	Otero García	41,5	"	852,60
Vicente	Garcia Patiño	36	"	705,60
Modesto	Otero Patiño	1	"	19,60
Manuel	Méndez Goberna	21	"	411,60
Eugenio	Acuña Mendez	13	"	254,80
Serafín	Acuña Mendez	10	"	196,00
Serafín	Reiriz	27,5	"	539,20
Arturo	Goberna	8,5	"	166,60
Juana	Patiño Blanco	29	"	568,80
Serafín	Blanco Pereira	22	"	431,20
id.	id.		Por casa	50,00
Esmiro	Petino Martínez	6	"	117,60
Juan	Patiño C.	25	"	490,00
Ramón	Blanco Solla	7	"	137,20
id.	id.		Por casa	20,00
Maria	Otero Patiño	5,5	"	107,80
José	Reiriz	5,5	"	107,80
Alfonso	López Blanco	3	"	58,80
Rosario	Patiño	3	"	58,80
Victorino	López Patiño	4	"	78,40
		SUMA TOTAL.-	1.037,75	" 20.488,40

TERRENOS A CULTIVOS, CASA Y PINARES, POR LUGARES				
LUGARES	FERRADOS DE 472m ² ² REGADIO	CASAS	PINARES	
PEREIRO	7	130	7	47.400
CANEXOL	25,5	152,5	6	-
CAÑOS	9	80,75	8	-
CURRO	69	139	11	9.800
CHAN	-	84	5	33.000
GUORNDO	13,5	284,5	21	2.100
SENTOLO	-	79	5	9.800
TOTALES.	124	949,75	63	102.100

La diferencia de 44 ferrados a lo que se cobra de renta es de terreno desmonte que se le dio a los colonos sin pagar renta, por el trabajo que hicieron para dedicarlo a cultivo, 3 ferrados del arriendo, tabernas y pesas y 2,5 ferrados trabajados por los toreros.-

Los pinares su medición es aproximada y en la parte de la costa de tierra hay unos 50/60 eucaliptos la mayor parte maderables.-

PARTE URBANA DE LA ISLA

8/10 casas en medianas condiciones, las otras son de pobre aspecto.-

ALMACEN.- En el lugar de Curro; su armadura y tejado están en estado ruinoso.- Tiene un horno y pozo.-

CASA HABITACION.- En el mismo lugar, en mal estado.-

CASA TABERNA.- En el mismo lugar, en mal estado.-

CASA FAIÁNGE.- En el mismo lugar, donada por Massó, de nueva construcción.-

CASA ESCUELA.- En el lugar de Canexol, en estado inhabitable, hay dos horreos de piedra en el patio de dicha casa.-

CAPILLA Y MEMENTERIO.- En el mismo lugar, la capilla es pequeña conservándose regular estado.-

FUENTES.- Pereiro = una permanente
Canexol = una escasa en estiague
Cafío = una permanente
Centolo = dos permanentes y el pozo en almacón
Cuornio = una
Camabeliño = dos en la costa.-

En Cucorno, próximo al faro, hay dos casas de lass pequeñas y miserables en la que viven 16 personas.- Recordamos esto por si se le puede tender.-

ONZA.- En esta isla no hay cultivo y se autoriza a los colonos cortar hierba para asilme.-

BUEU Febrero de 1.945.


Fotos 1.2. Copia papeis do Ministerio do Exército que puiden consultar no ano 1993 na "Jefatura Logística Territorial de Pontevedra" por orden do coronel Melchor Pérez Fernández.

Se nos referimos a documentos escritos sobre este pago de renda ao Sr. Riobó, podemos ir ao traballo de Álvaro das Casas², cando di: "...os veciños moran na illa de aluguer e pol-a terra teñen que pagar renda ao Sr. Riobó...".

Tamén, e xa moito máis recente, ao libro publicado pola Institución Cultural Isleña³, (cuxa presidenta é Margarita Riobó Serván <familia de Didio Riobó>) quen di. "... En cambio, quedaba para Manuel Riobó <>el ganado perteneciente a la comunidad así como el galeón, aperos de labranza, las plantaciones, obras, mejoras de todas clases, arrendamientos, y en suma las islas con todo lo que hay en ellas>>" Estas palabras quedaban reflectidas no documento polo cal Marcial Bernadal deixaba as illas ao seu, nun principio, socio Manuel Riobó.

Xa por último, cando Gaspar Massó fai entrega das Illas de Ons ao Ministerio do Exército, aporta un documento onde constan os ferrados e a renda que cada veciño posuía, traballaba e pagaba.

Nel facía referencia ao ano agrícola de 1942⁴ (*Fotos 1 e 2*) que é entregado á autoridade militar en febreiro de 1943 en onde constan os nomes dos arrendatarios, os ferrados que traballaban e as pesetas a pagar por cada veciño arrendatario. Na páxina seguinte, constaban os terreos divididos en regadío e secano por barrios e as casas e piñeirais que había, así como diferentes descripcións xerais da Illa.



Polo exposto nas anteriores entregas de AUNIOS e cos datos que aquí temos sobre os arrendamentos, queda bastante claro que os antepasados dos hoxe veciños foron sempre arrendatarios. Coido que tamén, pola documentación consultada, posibles propietarios⁵ (Este dato está hoxe en avanzada investigación); pero dende logo, deixar claro que sempre pagaron un canon aos "propietarios" da Illa de Ons. Á vista do exposto nestas tres entregas, coido que, os veciños de Ons teñen dereito a acollerse ás Leis de Arrendamentos Rústicos ou á de Arrendamentos Históricos. Eu non son xurista, pero... Quen o sabe? Non haberá un avogado, cun mínimo de preparación, que poida levar isto adiante? Por que será que os políticos queren afundir aos descendentes dunha das comunidades galegas que viviu o máis triste dos illamentos (social, administrativo, político,...) durante 200 inesquecibles anos? Por que queren quedarse, dentro de 75 anos, coas casas que construíron os veciños de Ons si para aquela non estarán neste mundo? QUEN QUERE GAÑAR HOXE, SEN COBRAR NADA, OS FAVORES DA XUNTA CONSEGUINDO DOMINAR AOS VECIÑOS DE ONS? Moitas preguntas ao aire con moitas incógnitas a resolver, áinda que si doadas de indagar cun mínimo de investigación.

MINISTERIO DO EXÉRCITO

Estamos xa no ano 1943, o Ministerio do Exército é xa, segundo a documentación, o "dono" da Illa de Ons (Expropiación)⁶. A partires de aquí comezan a xurdir documentos que seguen demostrando que os veciños continúan nun réxime de arrendamento das terras (Arrendatarios rústicos ou históricos). O primeiro deles ven da man do <Jefe de Propiedades Militares> que lle fai chegar aos <colonos>⁷ da Illa de Ons, no que se di (*Foto 3*) o seguinte⁸: "Por el presente

² Das Casas, Álvaro. "A Illa de Ons". <Nos>. Tomo II. Santiago 1934. Páx. 168

³ Institución Cultural Isleña. Artigo de Margarita Riobó Serván "O doctor don Manuel Riobó Guimeráns...". Ici 2010. Páx. 78.

⁴ Copia papeis do Ministerio do Exército que puiden consultar no ano 1993 na Jefatura Logística Territorial de Pontevedra por orden do coronel Melchor Pérez Fernández.

⁵ Accións de Primeira Clase. Celestino Pardellas de Blas. Aunios nº 14. 2009. Páxs. 31-37

⁶ Celestino Pardellas de Blas. Revista AUNIOS Nº 15. Páxs. 46-51.

⁷ Sobre o mal emprego da palabra <colonos> remito ao traballo anteriormente citado AUNIOS nº15, páx. 51.

⁸ Copia dos papeis do Ministerio do Exército que puiden consultar no ano 1993 na Jefatura Logística Territorial de Pontevedra por orde do coronel Melchor Pérez Fernández



notificamos a V. Como colono de la Isla de Ons que habiendo sido expropriada por el Ramo del Ejército la citada Isla, la renta anual que venía abonando a la "Sociedad Limitada Isla de Ons" la continuará abonando a la Jefatura de Propiedades Militares de Vigo, sita en la calle Pablo Murillo nº 4 - 1º de dicha ciudad. Vigo a 10 de abril de 1.943. Firmada por el Jefe de Propiedades Militares".

Documento claro que nos indica que a Sociedade Mercantil que montara en Ons o Sr. Riobó e que tralo seu pasamento estivo administrada por Gaspar Massó, cobraba unha renda aos veciños.

Durante esta etapa, da que non temos claro o motivo da expropiación⁹, o Ministerio do Exército fixo só de mero administrador. Ons, agás manobras militares que se desenvolveron nestes anos (1943 - 1960) por parte da Armada e das COES, non tivo ningún movemento militar que xustificara a expropiación.

Os veciños, por medio do cabezaleiro, Jesús Acuña, pagaban ao exército a renda herdada do Sr. Riobó. Pola súa banda o exército daba todo tipo de facilidades para que desenvolveran a súa difícil vida na Illa. Temos que destacar desta época a instalación dun xerador de gasóleo e a montaxe do tendido eléctrico que, ánda que moi precario, mellorou a calidade de vida dos illáns.

Como resumo da etapa de administración militar dicir que só se encargaron de seguir cobrando a renda e realizar unha serie de melloras como o tendido eléctrico. Os veciños seguiron con eles sendo arrendatarios (*Foto 4*).

JEFATURA DE PROPIEDADES MILITARES DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

MARGEN QUE SE CITA.-

Importe de las rentas
abonadas por los Colonos
de las Islas de "ONS Y OZA"
del agrícola 1962-63,
pesetas, 20.339'90

DEDUCCION

Abonado al Cabezalero
por su comisión por
derecho de cobranza,
5 % del importe..... 1.017'00

TOTAL ABONADO, ... 19.322'90

RECIBI de DON JESUS ACUÑA LOPEZ, Cabezalero
de las Islas de Ons y Oza de esta provincia, en
propiedad del Ejército, la cantidad de DIECINUEVE
MIL TRESCIENTAS VEINTIDOS Pesetas con NOVENTA
céntimos, importe de los arriendos abonados por
los colonos de las citadas Islas, correspondientes
al año Agrícola de mil novecientos sesenta
y dos, según el detalle del margen.

Y para que sirva de resguardo al mencionado
Cabezalero, le expido y firmo el presente recibo
en Pontevedra a cinco de Diciembre de mil nove-
cientos sesenta y tres.

EL CAPITAN PAGADOR DE PROPIEDADES,

José Alvarez Aguado



Foto 4. Recibo que estendía o Capitán pagador de Propiedades Militares, sobre o recibido do cabezaleiro D. Jesús Acuña López, polas rendas dos veciños de Ons. Ano de 1962-1963.

INSTITUTO NACIONAL DE COLONIZACIÓN

O Ministerio do Exército non vía lóxico seguir coa posesión e administración de Ons pois, dende o punto de vista militar, non ofrecía ningún tipo de vantaxes e sen embargo, era unha rompedura de cabeza para eles o manter sen

⁹ Celestino Pardellas de Blas. Revista AUNIOS N° 15. Páxs. 46-51.



problemas e dignamente a unha comunidade veciñal de máis de 500 almas, que non contaban con ningún tipo de servizo o que traía paralelo, un enorme gasto para o Ministerio.

Mirando a problemática e que había un descontento por parte dos veciños, buscaron desfacerse da súa administración e así no ano 1960 o Director Xeral de Colonización encarga ao Enxeñeiro D. Francisco Contreras Brotóns, realizar un informe sobre o problema social da Illa de Ons¹⁰.

É interesante destacar neste primeiro Informe, como o enxeñeiro que o realizou fixoo dende o corazón, estudiando e comprendendo moi ben as necesidades reais que alí existían e buscando soluciones axeitadas á lóxica. Na súa lectura vemos o carío que lle puxo ao estudio e, despois de analizadas todas as carencias, miserias e penurias polas que estaban pasando a maioría dos illáns, pon sobre o papel unha serie de propostas para que o Consello de Ministros aprobase un Plan Xeral de Actuación.

Despois de facer un interesante informe sobre a situación social, propón unha serie de soluciones moi importantes. Entre elas destacamos (*Foto 5*).

MINISTERIO DE AGRICULTURA
INSTITUTO NACIONAL DE COLONIZACION

Foto 5 HOJA N° 9

SOLUCION DEL PROBLEMA SOCIAL EXPUESTO

12).- Acceso a la propiedad.- Es indudable que la primera causa de la situación actual de la Isla de Ons se debe a la falta de arraigo de sus habitantes a los terrenos que actualmente trabajan y que disfrutan aunque de manera muy precaria, que juntamente con la dificultad de comunicaciones y con la falta de asistencia de todo orden son las tres razones que hacen más difícil la elevación del nivel de vida en la Isla y la causa del actual estado de inquietud e insatisfacción de sus habitantes.

Por otra parte si el Estado español ha sabido legislar todas las disposiciones que ha creído indispensables para facilitar el acceso a la propiedad de todos los agricultores españoles que carecieran de tierras, creemos que el primer problema que hay que acometer ha de ser el de facilitar el acceso a la propiedad de todos los que actualmente cultivan terrenos en la Isla y que casi con seguridad se refiere a la población íntegra de la misma.

Para ello será indispensable que el Gobierno acuerde la venta de la Isla al Instituto Nacional de Colonización para que a través del Real Decreto de 9 de Marzo de 1928 que reglamentaba la adquisición de fincas con destino a su parcelación, ó bien mediante la Ley de 27 de Abril de 1946, que la Isla sea adquirida por el Instituto, parcelándose a continuación entre los actuales habitantes, facilitando así toda la labor posterior que es preciso desarrollar para atender a la solución íntegra del problema.

Interesantísima solución ao principal problema social illán, o Acceso á Propiedade. Aquí comprobamos como, ao igual que no seu momento Didio Riobó¹¹, o Sr. Contreras entendeu a necesidade de que os illáns accederan á propiedade, pero nin no 1932 nin no 1964 foi posible. A burocracia e o poder político non o permitiron.

¹⁰ Francisco Contreras Brotóns. Enxeñeiro agrónomo. "Informe relativo al problema social de la Isla de Ons". Ourense. Decembro de 1960

¹¹ Celestino Pardellas de Blas. "Ons: Propiedade-Asministración-Veciños (II). Século XX." Revista AUNIOS N° 15. Páxs. 47-49

Tamén, entre as soluciones que dá o Sr. Contreras, destacar a mellora do peirao, como única forma de evitar a emigración forzosa á que se vián obrigados os illáns naqueles momentos en que comezaban a mercar os primeiros barcos a motor, barcos que non podían varar na praia como as dornas, e aos que o peirao existente non daba abrigo en días de temporal, que son praticamente todos os de outono e inverno.



No punto dedicado á mellora dos medios de comunicación¹², dicía: "...sería imprescindible mejorar las condiciones del muelle de atraque... las barcas pueden atracar a un lado ó a otro, escogiendo siempre la parte protegida de los vientos predominantes... sin embargo el día que escogimos para ir a la isla, y pese a que no era de los peores en lo que se refiere al estado del mar, las olas pasaban facilmente por encima de este espigón... creemos que debería estudiarse por especialistas la mejora de este muelle que pudiera consistir en la construcción de dos escolleras de longitud a determinar situadas una al norte y otra al sur y paralelas hicieran un rompeolas...". Inrible a perfecta descripción dunha das posibles soluciones ao peirao. (*Foto 6*).

Foto 6. O peirao de Ons un día de frouxa marusía no verán (1977). Como será un día de forte marusía invernal?



Pero dese primeiro Informe ao seguinte e definitivo, pasaron catro anos e, como pasara coas boas intencións do Sr. Riobó, trocou todo, pasando das grandes ideas e alternativas que propuxera nun principio e, supoño, do conseguinte "tirón de orellas" que lle darían os seus xefes, o Sr. Contreras e o Sr. Odón F. Lavandera enxeñeiro agrónomo, redactan outro Informe moito más amplio e onde as únicas soluciones buscadas foron a creación dun Centro Cívico no barrio de Curro, ao carón do peirao, que consistiu en traer o <Plan Badajoz> á Illa de Ons, destruír a fábrica de Salga e facer unha nova escola, unha nova igrexa, casas para mestres, mestras e cura, silos, cortellos e un teleclub, para durante 15 anos, agás unha aula da escola e a casa do mestre: "durmir un sono letárxico de inutilidade", como as clasificaron, nun posterior estudo, os integrantes dun equipo de investigación ao comprobar a inutilidade de todas estas construcións feitas polo Instituto Nacional de Colonización.

Dúas grandes ideas, feitas co corazón cara a uns veciños que tiñan todos os seus dereitos a elles, como eran o Dereito á Propiedade e buscar soluciones ao Peirao, quedaron só sobre o papel daquel primeiro informe e provocaron a Emigración Forzosa dos illáns cara a portos de abrigo próximos para a nova flota e a perda dos dereitos sobre as súas casas. Aínda que seguiron sendo arrendatarios, pois seguiron pagando un arrendo ao Instituto Nacional de Colonización, como se pode comprobar, como exemplo (*Fotos 7 e 8*).



INSTITUTO NACIONAL DE REFORMA Y DESARROLLO AGRARIO (IRIDA)

Ons pouco durou nas mans administrativas de Colonización xa que, a principios dos anos 70 do pasado século, é transferida ao IRIDA, que tamén por non ser menos, encarga un estudo sobre a mesma, neste caso a uns estudiantes de bioloxía e economía da Universidade de Compostela¹³.

¹² Francisco Contreras Brotóns. Enxeñeiro agrónomo. "Informe relativo al problema social de la Isla de Ons". Hoja nº 10, punto 16.

¹³ Ricardo Arnaiz, Alberto de Coo, Manuel Fuentes, Manuel Zapata, Xulio Pardellas e Jose Verde. "Informe sobre las condiciones naturales y socioeconómicas de la isla de Ons". Inédito 1975. Tamén en AUNIOS nº 5 páxs. 35-38. (2002).



De novo este grupo investigador, no ano 1975, volve a expoñer a mesmas carencias que no seu primeiro Informe escribira o Sr. Contreras. Sen embargo, non destacan nada sobre a propiedade. Quizais por mor da emigración forzosa que no ano 1975 xa comezara cara a Bueu, principalmente, e onde os veciños tiñan que montar unha nova vida, foi o que puido motivar que nese intre a Illa pasara a un segundo plano; aínda así é interesante a conclusión que este grupo de universitarios saca: (*Foto 9*):


La conclusión más fundamental que se deriva de este informe es que con ciertas mejoras en los servicios y un aumento de su eficacia, la isla podría pasar fácilmente de una comunidad pobre, atrasada y en regresión, a una de las más prósperas del país.

Mejorando las técnicas agrícolas y con alguna maquinaria moderna, las tierras podrían ser tres o cuatro veces más rentables que en la actualidad, superando la explotación de subsistencia.

La ampliación y mejora de servicios internos como el agua y riego, la luz y los almacenes, harían de la isla una residencia mucho más agradable.

Finalmente encarar de frente el problema de las comunicaciones, el teléfono, el barco regular a tierra y el puerto, llevaría a la resolución inmediata y paralela de los problemas existentes con el resto de los servicios externos, siendo ésto además indispensable para la rentabilidad tanto económica como social que se realice en el interior, para vender los productos, adquirir otros, mejorar el nivel y las condiciones de vida, etc. Logro al que con este trabajo esperamos modestamente contribuir.

Durante os anos que o IRIDA estivo administrando Ons, tamén cobrou o arrendo aos veciños, (*Foto 10*):



Curiosamente a foto nº 10, xunteina en dúas partes: A primeira, a parte de abaixo, é do ano 1978, ano en que a Illa pasa a ser administrada por outro organismo, o <Instituto Nacional para la Conservación de la Naturaleza> (ICONA) e onde hai unha curiosidade que é a comunicación que fai o IRIDA a José Martínez Sampedro conforme a titular da casa, pola morte do seu pai, pasa a ser a súa nai e o especifica dicindo: "... en la ficha ya figura su madre como arrendataria de la casa nº 26".

Aquí comprobamos como, no ano 1978, a administración reconoce aos veciños de Ons como ARRENDATARIOS.

INSTITUTO NACIONAL PARA LA CONSERVACIÓN DE LA NATURALEZA

A finais dos anos 70 do pasado século, Ons cambia de novo de administrador e pasa a ser xestionada polo ICONA que, ao igual que a súa antecesora e ata o ano 1984, nada realiza para mellorar a vida dos veciños e evitar a súa emigración e o deterioro das vivendas que necesitaban arranxos de mantemento por mor do abandono temporal.

O que si fai ata 1983 e seguir cobrando o arrendo (*Foto 10 parte de arriba*) e eliminar a figura do Alcalde Pedáneo que se encargaba, entre outras cousas, do cobro do arrendo e do acendido da luz ás horas estipuladas, que pasa a ser realizado por un Axente Forestal.

XUNTA DE GALICIA

Entre os anos 1983-84, de novo, hai un cambio de administrador para Ons. A Xunta entra como xestora e con ela veñen os problemas máis graves para a Illa e os seus habitantes. A primeira medida que toma, sen ningunha explicación, é a de deixar de cobrar a renda aos veciños polos terreos e a luz. Estes non entenden tal medida e por medio da súa asociación e en máis de 100 escritos¹⁴, piden explicacións que nunca lles foron dadas. Cal sería o motivo? Estaba ben claro, non dar aos veciños ningunha posibilidade de acceder á propiedade como arrendatarios e, o que é máis grave, utilizar posteriormente frases como: "*están en Precario*", "*no tienen derechos, pues no pagan nada polas tierras*", "*les estamos a regalar la luz, pues no pagan por lo que consumen*", ... , e xa ultimamente o propio Presidente do Padreado, que debería estar ao día de toda a problemática a través do tempo, tamén fixo declaracóns como¹⁵: "...*cuanado nunca se ha pagado, cualquier precio parece elevado. Los vecinos de Ons nunca han pagado nada*" Un verdadeiro escándalo a falla de rigor, o engano, as artimañas e o trato da administración cara aos veciños de Ons, que se leva facendo dende o século XV¹⁶.

¹⁴ Faise a primeira referencia con data 21 de Xaneiro de 1984, na acta da assemblea xeral de socios da AA.VV. "Illa de Ons" onde o: "tesouero informa que se vai dirixir ao ICONA para que pasen ao cobro a contribución do arrendo como colonio..." e que posteriormente é enviado escrito a este organismo.

¹⁵ Fernando Garrido Valenzuela. Presidente do Padreado do Parque Nacional Illas Atlánticas. Faro de Vigo. Edición Morrazo. 21 de setembro de 2010.

¹⁶ Artigos sobre a Propiedade de Ons en AUNIOS nº 7(2003), nº 12(2007), nº 14(2009) e 15(2010).

A Illa de Ons, nas case tres décadas que van desde 1983 ata 2011, vai pasar por cambios que traerán grandes e graves conflitos entre a administración e veciños. O primeiro conflito foi o tendido eléctrico dos anos 90 que, por decisión da administración, non chegou a todas as casas e seguiron sen cobrallles o consumo. Outro problema grave foi o urbanístico¹⁷, un conflito de competencias, deixamento municipal, falta de normativa,..., provocou que a única arquitectura popular mariñeira conservada en Galicia, sufrira un deterioro, por parte de administración e veciños, que sen ser moi grave, si afectou ao conxunto urbanístico de Ons. Outro litixio foi o tema da propiedade¹⁸, pois non existía ningún Estudo Xurídico que demostrase a quen pertencían os terreos e as casas illáns. Despois, comezado pola Consellería de Agricultura e seguida logo por Medio Ambiente realizouse por medio dunha consultaría que, loxicamente, varreu para a administración pagadora. Aínda agora ese tema, como vimos demostrando nos artigos desta revista, está baixo un manto de néboas con presuntas irregularidades e ilegalidades que a administración non quixo ou non quere investigar. O incremento turístico, a partires de 1982, coa posta en funcionamento de barcos de pasaxe dende a zona turística de Sanxenxo e Portonovo, fai que a chegada de turistas vaia en aumento ano a ano. Pero para este aumento turístico a administración non procurou as infraestruturas necesarias nin permitiu que os veciños as fixeran, o que trouxo como consecuencia deterioro urbanístico e falla de servizos. O Parque Nacional, no que viron os veciños o maná que traería melloras e prosperidade para a Illa e o único que lles vai traer é a perda das súas casas illáns.

Non vou a facer este artigo máis extenso, nestes intres que o estou a rematar, saíu a nova Lei de Concesións pola que dentro de 75 anos perderan as súas vivendas e os veciños están á espera, coa axuda da totalidade da corporación de Bueu, de que lle desafecten as casas e conseguir a súa propiedade.

CONCLUSIÓNS

Por falla de espazo resumirei moitísimo as conclusións en dúas principais:

1º.- Que se faga un Estudo Histórico exhaustivo que dea luz á tenebrosa falla de documentación e se poñan claras todas as incógnitas aparecidas ata agora que dan pé a pensar que houbo manobras moi estrañas e ilegais na documentación de posesión sobre a Illa de Ons dende o século XV.

2º.- Que se faga xustiza cos veciños de Ons e que o Goberno da Xunta facilite o acceso á Propiedade das súas vivendas, con todas as cláusulas que sexan necesarias que eviten a especulación, a destrucción urbanística e o deterioro da Illa como integrante do único Parque Nacional galego.

De non facelo así, cometerase un Erro Histórico cunha das Comunidades galegas que, pola suma das súas características Históricas, Etnográficas, Antropolóxicas, Ecológicas: fauna e flora, Económicas: agricultura e pesca, Arquitectónicas,..., e Turísticas foi a más importante de toda Galicia.

Durante case 200 anos, viviron na más triste das soidades e dos illamentos. Ningún se preocupou por eles. Tiveron que vivir cunhas condicións de vida extremas. Estiveron abandonados por todas as administracións. Loitaron cunha terra erma e fixérona fértil. Aprenderon a navegar e a pescar e iso tróuxolles un pequeno respiro económico para poder facer as súas casas,..., e un longo etc. que faría interminable este artigo.

Pero todo o que conseguiron foi grazas ao seu traballo, ningún lles regalou nada. Fixérono deixando a súa vida no mar, sen gozar nin da vida nin da súa familia, ..., só recibiron paus, como o que agora lles queren dar quitándolles a súa casa dentro de 75 anos, un verdadeiro Roubo Histórico. Os descendentes daqueles que traballaron arreo para poder ter un lugar onde vivir, teñen dereito a gozar eles o que non puideron aproveitar os seus antepasados.

É de Xustiza.

¹⁷ Celestino Pardellas de Blas. "Pequena introducción á historia da arquitectura da Illa de Ons, destrucción urbanística e alternativas". AUNIOS nº 13, Paxs. 11-18. 2008
¹⁸ Idem nota pé 16




Restaurante

Casa Dora

José del Río, 6 - Teléf.: 986 881 383 - MARÍN

EN TEMPORADA:
Caza
Lamprea
Angulas

AMPLIA CARTA





VECIÑOS DE ONS



VECIÑOS DE O GROVE


O GROVE: TRES VELEIROS

Por: Jesús Emilio Ferrer Jaureguizar

Fai uns meses, o meu amigo Tino Pardellas preguntábame se me gustaba escribir. Eu contesteille que si, pero que sería a primeira vez e que ainda non sabía se aos lectores lles gustaría. Entón comentoume que senón tería inconveniente en relatar nun pequeno artigo algunha historia relacionada con O Grove para esta revista, algo ao que non me puiden negar.

Fai aínda máis tempo o meu encarecido amigo, Peliso Escalante, pedíame que lle proporcionara unhas fotos duns cadros de buques de vela, dos cales posúo tres orixinais, ao que accedín inmediatamente, tanto pola amizade que nos une coma polo feito de que quería destacalos na súa radicación actual, o museo da Salga de Punta Moreiras.

Museo da Salga. Punta Moreiras. O Grove



Efectivamente, na miña última visita ao citado museo e despois de asombrarme polo inmenso traballo desenvolvido por Peliso (por certo, que pouco llo agradeceron), atopeime gratamente sorprendido co tríptico onde se aloxan eses tres barcos. Recoñezo que os atopei un pouco orfos de información e supuxen que ao público esixente lles gustaría ver máis datos sobre eses tres veleiros, así que, imos aló.

Arredor do ano 1820 establecése no Caramiñal D. José Ferrer y Marlés, procedente de Blanes, provincia de Girona en Cataluña. Comerciante, banqueiro, fomentador e armador, ten gran visión para os negocios de exportación e importación, o que lle leva, co tempo e xunto cos seus fillos José e Ventura Ferrer Casellas, a crear a que será, probablemente, a maior navieira de Galicia no século XIX. Deste modo grazas ás investigacións do infatigable Dr. Ramiro Villoch Herrera do Caramiñal e aos datos solicitados por min en diversas fontes, pódese dicir que dita familia de navieiros posuía, entre os anos 1820 e 1910, os seguintes veleiros:

Dúas Goletas: Sirena I e Sirena II

Dous Bergantíns - Goletas: Jacinta e Tres Hermanos

Tres Bergantíns: Rápido, Brillante e Observador

Dúas Polacras - Goleta: Estrella e Carmen

Cinco Polacras: Esperanza, Pepito, Joven Pepito, Dos Hermanos e Joven Leonor

Unha Bricbarca: Baquio

Catro Corbetas: Rosa, Princesa Dagmar, Asunción e Josefa Formosa

Dúas Fragatas: Marlés e Perla de Sitges (esta case corroborada)

Probablemente serán máis, pero ao non poder documentalas, prefiro quedarme curto. A todo iso hai que engadir arredor de oitenta barcos e lanchas de menor porte.

En negriña aparecen os tres veleiros sobre os que vou falar máis adiante.

Antiga Salga. Praia da Barcela. San Vicente de O Grove



COLABORA:



Deputación
Pontevedra

Preguntaranse vostedes que relación garda todo isto co pobo de O Grove. A contestación é moi sinxela, un dos armadores, Ventura Ferrer Casellas do Caramiñal, casa en O Grove con Ramona Bargés Lobería de Vilagarcía e celebran a voda en San Vicente.


Entre os dous suman arredor de dezaseis fábricas de salga distribuídas por toda a ría de Arousa delas, alomenos

Antigas salgas. Praia do Carreiro. San Vicente de O Grove



cinco, na península de O Grove: Carreiro, Barcela, Barrosa, Meloxo e a actual zona militar de S. Vicente. Aínda que viven no Caramiñal, as súas viaxes a este lado da ría son

D. Ventura Ferrer Casellas



moi frecuentes e incluso o seu fillo maior, Ventura Ferrer Bargés, persoa de grande rectitude, instálase en O Grove sendo alcalde desta localidade. Algúns dos seus descendentes, a familia Ferrer Castro, viven aquí.

Como trazos da personalidade de D. Ventura Ferrer Casellas, apuntarei que era de carácter aventureiro, capitán de barco e amante da ópera, afección esta que o levou por cidades como Barcelona, Génova, Nápoles, La Habana e outros lugares, ata que casou. (isto último soaralle a moitos lectores e lectoras).

Despois desta pequena introdución, voulles a contar algúns datos que teño sobre os tres veleiros. Empezarei polo de menos porte, por ser ademais sobre o que menos datos teño, aparte de que, o capitán, era outro dos meus bisavós, Emilio Colomer Soler, cuxa vida merecería tamén unha extensa redacción.

POLACRA - GOLETA "CARMEN"

Casa Armadora: Ferrer Marlés

Capitán: D. Emilio Colomer Soler, de Riveira.

Cadro pintado en Nápoles no 1887

Bandeira da Provincia Marítima de Vilagarcía

Esta embarcación cuxa eslora aproximada é de 25 metros e cunha manga de entre 4 e 5 metros, dedicábbase ao transporte da sardiña salgada, saín, borra e congro seco ata as prazas do Mediterráneo, traendo de volta todo tipo de mercadorías.



Como curiosidade mencionarei o feito de que unha das mercadorías de retorno cara a Galicia era a casca de piñeiro que servía para encascar as redes durante os meses de invernada despois dun proceso de fervido no encascador das salgas. Parece ser que a casca do Mediterráneo era máis apreciada que a autóctona polo que merecía a pena o seu transporte e posterior venda nestas rías.

POLACRA “ESPERANZA”

Casa Armadora: Ferrer Marlés

Capitán: D. José Vidal, de Riveira

Cadro pintado en Nápoles

Bandeira da Provincia Marítima de Vilagarcía

Polacra: Embarcación de cruz de mediana tonelaxe, con dous paus sen cofas ni crucetas e cun velame semellante aos bergantíns redondos, áinda que coa vantaxe sobre estes de que, arriando as velas superiores, quedan ao socairo das inferiores, aferrándose con facilidade.



Polacra goleta: A que ten o pau maior de goleta. Fíxense na imaxe anterior e verano ao comparala con esta.

Tiña unha eslora de 76 pés, manga de 26 pés, puntal de 6 pés e unha medición de 90 toneladas. A polacra “Esperanza”, anteriormente chamada “Estrella”, foi mercada a un señor apelidado Alsina en Barcelona, pero José Ferrer y Marlés cámbialle o nome porque xa tiña unha goleta chamada así e rexistrada asemade en Lloyd.

O seu mítico capitán D. José Vidal, levouna por moitos lugares. Deles teño documentados case todos os portos do Mediterráneo e do Cantábrico, así como a lugares tan distantes como Inglaterra, Noruega e San Juan de Terranova. A estos últimos vai a levar sal e traer bacallau xa que José Ferrer y Marlés era dos primeiros importadores deste peixe cara a Galicia e Cataluña alá polos anos 1850 - 60.

Para facernos unha idea da velocidade destes buques baste comentar que nunha carta enviada polo capitán

D. José Vidal ao seu armador esribelle dicindo que sae pola mañá da enseada de Santa Uxia de Riveira cunha surada e que pola noite chegan ao porto de Xixón.

CORBETA “ROSA”

Casa Armadora: Ferrer Marlés

Capitán: D. Joaquín Lloréns, de Muros

Bandeira da Provincia Marítima de Vilagarcía

Corbeta: veleiro de tres paus, dos cales cruza o trinquette e a maior, mentres que na mesana iza unha cangrexia. É sinónimo de bricbarca (ou simplemente, barca). As súas medidas son: Eslora 118 pés, manga 28 pés e puntal 15 pés.

Nos documentos do porto de Nova York aparece con 416 toneladas de medida e na referencia que temos de Barcelona con 325, isto débese aos diferentes protocolos de medición entre ambos países.

Esta embarcación dedicábase ao tráfico comercial cos países do Caribe (Cuba e Porto Rico), Estados Unidos e Reino Unido.

O día 15 de novembro de 1882 no periódico La Vanguardia e no apartado Movimiento del Puerto de Barcelona reza así:

“Embarcaciones llegadas en el día de ayer: De Cardiff en 20 días, Corbeta Rosa, de 325 ts., Capitán J. Lloréns, con 460 ts. De carbón a la orden”.

De feito non era o único barco desa casa armadora que transportaba carbón... pero esa é outra historia.



A HIDRONIMIA DA ILLA DE ONS (III)

Por: Fernando Cabeza Quiles

Segundo o noso percorrido illán e volvendo, dende **O Alto do Vixía**, á primeira liña de costa, batemos co hidrotopónimo **Debaixo da Cruz**, apelativo transparente, que dá nome a unha zona de rochas, situada entre o monte e o mar, no cantil marítimo-terrestre que fai de lateral de entrada sur ao chamado **Rego do Castillo**, en realidade **Rego do Castelo**, nome dun rego marítimo ou canle submarina, flanqueada na súa superficie por rochas, o que lle dá a este accidente marítimo o aspecto dun pequeno río ou rego terrestre, o cal, aproximándose a terra, vai dar á zona baixa de onde se atopaba o chamado popularmente *castillo* (por castelo) do sur, batería construída no ano 1810



Vista xeral da zona sur, traballada nesta terceira entrega

para impedir a entrada na ría de Arousa dos invasores franceses.

Deseguido vén o **Regato** ou **Rego do Fento**, hidrónimo -tal vez habería que dicir hidrónimo mariño- que alude a outra canle submarina alongada que chega ata terra, que foi ou será abundante no chamado *fieito de mar*; especie mariña que, logo de consultar en moitos dicionarios e obras especializadas, atopamos con claridade nun traballo divulgativo, que mesmo ofrece unha fotografía desta especie vexetal subacuática, áfunda que non dá o seu nome científico,

que quizais aínda non estea determinado ou establecido (Fontenla Lorenzo, 2008: 31). Outra posibilidade razoable sería a de considerar que o tipo de fento recollido no hidrónimo **Rego do Fento** fixese alusión ao fento mariño ou fento dos cantís (*Asplenium marinum*), probabilidade que desbotamos á vista e consideración doutros hidrónimos mariños construídos sobre a palabra *fieito*, variante de *fento*, que sempre dan nome a pedras somerxidas, onde crecerá o *fieito de mar*, e non o *fento dos cantís* e, moito menos, calquera clase de fento ou fieito terrestre. Estes hidrónimos que deberán o seu nome ao devandito *fieito de mar* son os de **Feitoso**, nome de varias pedras mariñas da parroquia de Aguiño, Ribeira (A Coruña), e **O Fieito**, nome dun baixo mariño unido ao hidrónimo anterior (Rodríguez Rodríguez, 1976: 64 e 65), sendo, segundo pensamos, **O Fieito**, un hidrónimo que, aínda estando en singular, como o de **(Rego do) Fento**, non alude a un fieito só, senón que cómpre considerar como un abundancial do fieito de mar, a partir dun sintagma igual ou parecido ao de **A Pedra do Fieito*, isto é pedra ou emprazamento abondoso en fieito. Verbo dos **Feitales**, que aludirá, se dá nome a unha pedra ou a un emprazamento subacuático, á mesma planta que os anteriores, é un hidrónimo mariño da zona da Area das Canas, Cabo Silleiro (Pontevedra), recollido po X. L. Vilar Pedreira (Vilar Pedreira, 2008: 58).

Volvendo á illa de Ons, a continuación do **Rego do Fento** está o chamado **Rego Con da Londra**, hidrónimo que tampouco alude, como podería parecer nun principio, a unha pequena corrente fluvial terrestre, e si a outra canle ou rego submarino a través do cal chegaría a terra unha londra, animal acuático frecuente noutro tempo nas Rías Baixas galegas, que constrúe o seu niño en seco, pero con entradas e saídas subacuáticas, algunha das cales conectaría, no caso que nos ocupa, co rego, canle ou conduto submarino contemplado no hidrónimo **Rego da Londra** ou no **Rego Con da Londra**, no cal aparece a palabra galega *con*, referida a un con ou pedra mariña más ben afiada, que aflora en superficie, polo que o hidrónimo **Rego Con da Londra** puido ser nun principio ***Rego do Con da Londra**.

COLABORA:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
E TURISMO

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Fóra da illa de Ons, á londra ou lontra tamén se refire o hidrónimo, menos transparente, **Gatos das Cabras**, nome duns pedrolos mariños situados a carón do illote das Cabras, na parroquia de Palmeira, Ribeira (A Coruña), que compara o certo parecido que pode ter unha londra cun gato terrestre; apreciación popular que creou máis hidrónimos; caso dos chamados **Gatos da Sarrosa**, nome dun grupo de pedras mariñas situado a carón da Illa de Arousa, que sinala a antiga abundancia da londra na ría arousá. Ao respecto, xa hai anos que Manuel Jiménez, daquela mariñeiro xubilado de Santa Uxía de Ribeira, contounos que na súa xuventude o vocábulo gato era aplicado nos ambientes mariñeiros da ría de Arousa á londra, animal entón moi abundante naquela ría: “viamos moitos gatos nas pedras”, díxonos (Cabeza Quiles, 2000: 199); apreciación popular que concorda coa dos mariñeiros e/ou exploradores peruanos da costa de Paracas, lugar onde a londra mariña tamén é ou foi chamada gato mariño, polo seu relativo parecido co gato terrestre (*El arca de Noé*, serie documental da T. V. E.).

Outro topónimo costeiro que, como o **Rego Con da Londra** de Ons, é máis directo e transparente que o de **Gatos, Gatos da Sarrosa**, etc, é o da **Buraca da Alondra**, nome dunha praia da parroquia de San Vicente do Grove, que nos fala do lugar de habitación dun destes mustélidos neste caso cun *a-* protético unido á palabra galega *londra* (Cabeza Quiles, 2000: 199). Na devandita zona da Area das Canas, Cabo Silleiro Xosé Lois Vilar Pedreira documenta o hidrónimo mariño ou talasónimo **O Rego da Londra** (Vilar Pedreira, 2008: 58).

Volvendo á illa de Ons, preto do **Rego Con da Londra** está o **Con do Matadero** (por **Matadoiro**), zona de monte e cantil moi empinada, que quizais foi comparada popularmente cun matadoiro pola súa perigosidade, tal como tamén puido suceder co topónimo similar, documentado na montaña asturiana, **Las Canales de Matadoriu**, nome duns terreos tamén moi empinados, que segundo o profesor e filólogo Julio Concepción “son terrenos muy escarpados en Cabritería, por la cuenca alta del Río Casañu: zona muy peligrosa para el ganado que se despeña con frecuencia al precipicio”, circunstancia topográfica adversa que sería a causante, para o devandito profesor, do topónimo asturiano **Matadoriu** (Concepción Suárez, 2007: 701), podendo obedecer ás mesmas circunstancias de orografía adversa, das que se desprende o risco de se matar alguén, o topónimo illán (**Con do Matadoiro**, que, sen **O Con**, sería **O Matadoiro**, nunha casuística similar á que tamén puido orixinar topónimos como os de **Matabois** ou **Despeñaperros**, sobre os cales o profesor Gonzalo Navaza escribe: “Nunha serie de topónimos que presentan un elemento *Mata-* seguido dun zoónimo en plural, o primeiro elemento pode corresponder a unha forma do verbo *matar* e non ó fitónimo *mata*. Aluden posiblemente a declives pronunciados no terreo [o subliñado é noso],

como puidemos comprobar nalgún caso, onde talvez se produciron accidentes anecdóticos concretos que deron orixe ó topónimo. Con todo non debemos desbotar a posibilidade [abofé] que conteñan [algúns] efectivamente o fitónimo *mata* e non o verbo *matar*” (Navaza Blanco, 2006: 335), caso, segundo pensamos do topónimo **Matalobos**, repetido en Galicia, que debe corresponder a un antigo ***Campo de Matalobos**, coa elipse da palabra *campo*, en alusión a un campo abundante en *matalobos*, denominación galega da planta chamada acónito, a cal, ao pertencer ao xénero acónito, é velenosa, e puido recibir o nome popular de *matalobos* por aplicarlle o folclore e a crenza popular a propiedade de matar o lobo, orixinando o topónimo ***Campo de Matalobos**, logo, coa devandita elipse ou desaparición da palabra *campo*, **Matalobos** (Cabeza Quiles, 2008: 386), non participando desta orixe vexetal ou fitonímica o topónimo illán da illa de Ons **Matadero** ou **Matadoiro (Con do)**, e os devanditos, o asturiano **Matadoriu**, o galego **Matabois** e o xienense **Despeñaperros**, os cales, ao daren sempre nome a declives moi pronunciados de terreo ou a *despeñaperros*, puideron suxerir a idea de matadeiros ou matadoiros, polos que algunha vez se precipitaron ao baleiro bois ou *perros*, ou nacer en alusión a accidentes concretos.

Volvendo a illa de Ons, a paraxe costeira, próxima ao **Con do Matadoiro**, chamada **As Covñas**, refírese, tal como parece, a unhas pequenas covas ou covñas, que teñen pouca fondura.

Deseguido vén a chamada **Buraca do Conliño**, nome dunha cova ou buraca que, aínda tendo unha entrada pequena, é moi longa no seu interior, polo que albiscamos que no

Furna “Buraca do Conliño”



hidrónimo **Buraca do Conliño**, a voz galega *buraca* está no chamado xénero dimensional, o cal nomea, baixo a apariencia de estar en xénero feminino, obxectos e realidades más grandes que a mesma palabra con apariencia de xénero masculino. Así, en galego -o castelán non observa este matiz: unha *buraca* é un furado ou unha cova más grande que un *buraco*; unha *agra* é más grande que un *agro*, unha *leira* é más grande que un *leiro*, e así sistematicamente.

Moi próximo está o **Rego do Conliño**, rego ou canle marítima e submarina que remata na **Buraca do Conliño**, a cal, á súa vez, está contigua á **Pedra do Conliño** e á **Punta do Conliño**, punta marítima que terá preto ou rematará nun *conliño*, diminutivo de *conle*, palabra que, se ben non aparece nos dicionarios de galego, debe ser un derivado de *con*, referido a maior parte das veces a cons ou pedras mariñas, e nunca, ou moi raramente, a pedras terrestres, tal como sucede co hidrónimo **Conle**, frecuente na ría de Arousa, con exemplos, entre outros, como os de **Conle Mouro**, nome dunha pedra mariña, da parroquia de Aguiño, que sería de cor negra ou moura, cando lle puxeron o nome, ou **Conles dos Cornos**, nome dunhas pedras, situadas preto do illote Falcoeiros, na mesma parroquia coruñesa (Rodríguez Rodríguez, 1976: 51).

Fronte á punta do **Conliño**, a uns 10 metros desta, está o **Ilote de ou do Puntal da Porta**, que, como o seu nome indica, refírese a un illote próximo ou contiguio ao cabo, punta ou puntal da **Porta**, accidente marítimo así chamado por se referir á porta ou paso marítimo existente entre as

As Pontes



illas de Ons e Onza, que nalgúns mapas aparece co nome **Freu da Porta**, hidrónimo cuxa segunda parte, **Freu**, é un evidente catalánismo, que reproduce a palabra catalá *freu*, “paso, estreito de mar, lingua de mar”, proveniente da latina *fretu* do mesmo significado, e que é unha mostra clara do forte influxo que, a partir de mediados do século XVIII, exerceron os fomentadores cataláns no mar e nas industrias marítimas de Galicia, nomeadamente nas Rías Baixas (Cabeza Quiles, 1992: 218).

Froito desta emigración industrial, á parte do devandito topónimo **Freu da Porta**, existen nas Rías Baixas galegas outros hidrónimos similares, igualmente presentes na cartografía marítima, que sinalan estreitos ou pasos de mar. Estes son os de **Freu da Porta**, nome doutro estreito ou paso marítimo que separa a illa do Faro da de San Martiño, nas Cíes, e o chamado **Freu do Carreiro**, nome dunha terceira lingua de mar, que separa douis illotes a carón do chamado illote Xidoiro da ría de Arousa (Cabeza Quiles, 2008: 549).

Como o hidrónimo **Freu** é catalán, aparece de forma natural en países e zonas deste dominio lingüístico; caso do chamado **Cap d'es Freu**, saínte da costa nororiental da illa de Mallorca, que limita polo sudoeste o canal entre Mallorca e Menorca. E **Freus**, paso marítimo que separa as illas de Empalmador e Penjats, situadas entre Ibiza e Formentera (Cabeza Quiles, 2008: 549-550).

Preto do devandito **Puntal da Porta**, debaixo do miradoiro de Fedorentos, dúas rochas, en realidade nun principio sería unha soa, erosionadas polo embate do mar, forman unha especie de ponte natural, que recibe o nome das **Pontes**. Unha “ponte” similar atópase, segundo puidemos comprobar, na costa da parroquia de Rañobre, no concello coruñés de Arteixo.

Volvendo ás **Pontes** da illa de Ons, a rocha ou con exterior que forma, ao se unir a terra, a devandita ponte natural, recibe o nome de **Con das Pontes**.

A uns 200 metros cara ao oeste das **Pontes** hai un illote coñecido co nome de **Laxe ou Ilote das Pontes**, que, con marea baixa, queda praticamente unido a terra, pero que, ao subir, forma o referido illote, constituído por unha pedra plana ou laxe, a cal se contempla no devandito hidrónimo **Laxe (ou Ilote) das Pontes**, separado do contiguio continente (neste caso a illa de Ons) pola canle chamada **Rego de Terra do Ilote**.

Moi preto dos anteriores batemos co último hidrónimo da zona sueste da illa de Ons, situado antes de entrar na Enseada de Fedorento ou Fedorentos. Trátase do chamado **Rego Laxe das Pontes**, nome de rego ou canle mariña e submarina situada entre o **Ilote das Pontes** e outro illote próximo.

BIBLIOGRAFÍA

- CABEZA QUILES, F., 1992. Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado, Edicións Xerais, Vigo
- CABEZA QUILES, F., 2000. Os nomes da terra. Topónimos galegos, Editorial Toxosoutos, Noia.
- CABEZA QUILES, F., 2008. Toponimia de Galicia, Editorial Galaxia. Vigo
- CONCEPCIÓN SUÁREZ, J. C., 2007. Diccionario etimológico de toponimia asturiana, KRK Ediciones, Oviedo. El arca de Noé, serie documental da T. V. E.
- FONTENLA LORENZO, P., 2008. “Dexo... Portal do Golfo Ártabro”, en Revista Asinec, núm. 58, A Coruña.
- NAVAZA BLANCO G., 2006. Fitotopónimia galega, Biblioteca Filolóxica Galega, Instituto da Lingua Galega, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, M., 1976. Hidronimia de la ría de Arosa, Seminario Fontán-Sarmiento de hagiografía, toponimia y onomástica de Galicia, Santiago de Compostela.
- VILAR PEDREIRA, X. L., 2008. Talasonimia da costa sur de Galicia, Instituto de Estudos Miñoranos, Gondomar.

A HIDRONIMIA DA ILLA DE ONS NA CARTOGRAFÍA

Por: Fernando Cabeza Quiles

No ano 1856 Francisco Coello ocúpase de confeccionar un atlas de España e as súas posesións de ultramar coa colaboración de Pascual Madoz e o seu célebre dicionario. No referente á provincia de Pontevedra, aparece a illa de Ons con algúns topónimos moi interesantes, áinda que a maioría están mal transcritos, deturpados e/ou castelanizados, tales

Despois da **Cueva de la Loba** o mapa de Francisco Coello documenta o **Areal de Mellide** (sic), facilmente recoñecible no actual **Areal de Melide**, ao que segue a **Fuente de los Ingleses**, topónimo illán de certo moi interesante e inédito que sinala unha antiga fonte, situada na costa leste da illa de Ons, a cal debeu ser frecuentada

por uns moi probables antigos navegantes ingleses, tal vez corsarios, que moi ben puideron ter aquí un punto de augada, onde facer provisión de auga potable e doce para as súas naves en momentos históricos desfavorables para eles (pénsese na antiga rivalidade marítima entre España e Inglaterra) nos que non lles sería doado fornecerse de auga potable na costa continental, pero si na previsible fonte illá que parece sinalar o topónimo **Fuente de los Ingleses**, o cal certifica, por outra banda, a riqueza en auga doce da illa de Ons, na que se documentan outras moitas fontes e mananciais; riqueza



como, indo de norte a sur, pola parte leste da illa, **Islete Sentoulo** (por Centolo) e **Bajo Cantacos**, que debe ser a deturpación ou deformación dun hidrónimo illán referido a uns baixos mariños, que pode empezar pola base **cant*, “pedra”.

Continuando cara ao sur, despois do posible pseudotopónimo **Bajo Cantacos**, o mapa de Francisco Coello ofrece o hidrónimo castelanizado **Cueva de la Loba**, que é o actual **Cova do Lobo**, **Cova de Lobo** ou **Punta de Cova de Lobo**, o cal sen dúbida alude a antiga presenza no lugar dalgunha clase de foca ou lobo mariño, especie animal presente en moitos outros hidrónimos mariños galegos tipo **Lobo**, **Lobos**, **Lobeira**, **As Lobeiras**, que sinalan, como no caso da illa de Ons, a presenza deste animal acuático nas costas galegas, hoxe desaparecido.

hídrica que moi probablemente, por non decir seguro, lle deu o nome a toda illa de **Ons**, xa que o de Ons nos parece un topónimo moi antigo, que moi probablemente, por non decir seguro, fai alusión ao elemento auga, moi abundante na illa.

Despois da, ata de agora, inédita **Fuente de los Ingleses** veñen topónimos e hidrónimos hoxe facilmente recoñecibles, como o da actual **Area dos Cans**, que no mapa aparece como **Areal dos Cans** ou (sic) **de los Perros**, ao que segue, moi pretiño, a **Cama do Crego**, que é a actual **Laxe do Crego**, **Laxe do Abade**, **Laxe do Cura** ou **Illote Sepultura**, topónimo, en todas as súas variantes, alusivo ao coñecido sepulcro antropomorfo escavado na rocha dese nome, a carón do cal o mapa que estamos a comentar documenta a **Punta de Arguiños**.

A carón da **Punta dos Arguiños** aparece o topónimo castelanizado **Iglesia**. Preto, o mapa que estamos a baleirar, documenta os topónimos igualmente castelanizados **Ruinas del Castillo**, (referido ao chamado castelo do sur), **Cuevas del Pereiro** (o actual **Pereiró**), **Teodorente**, **Punta Teodorente e Bahía de Teodorente**, topónimo, este último, que é unha clara deturpación do de **Enseada de Fedorento**, pois en todos os casos anteriores a forma errada **Teodorente**



corresponde á real de **Fedorento**, a cal, nacendo na cova e no estreito mariño que forma o illote **Fedorento**, se refire, sen dúbida ningunha, ao fedor ou mal olor que nalgún momento deron moreas de algas mariñas en descomposición alí acumuladas despois dos temporais.

Xa na parte sudoeste da illa de Ons, o mapa de Francisco Coello rexistra o curioso topónimo en castelán **Caverna Llamada el Convento de Monjas** (sic), que debe referirse á actual cova mariña do **Burato do Inferno** nunha versión toponímica que puido xurdir ao relacionar de maneira folclórica e lendaria o actual **Burato do Inferno**, que, efectivamente pola parte marítima é unha caverna ou cova, con algunha antiga comunidade ou convento de monxes (mellor que de monxas), comunidade relixiosa seguramente relacionada co devandito hidrónico **Laxe do Abade**, **Laxe do Cura** ou **Laxe do Crego**.


Despois do suxírente hidrónico **Caverna Llamada el Convento de Monjas** o mapa de Coello recolle o tamén hidrónico **I. Fructuosa** (sic), nome claramente deturpado ou alterado, xa que o orixinal e verdadeiro é, tamén sen dúbida ningunha, **Freitosa**, referido á illa maior das Freitosas

así chamada por estar formada por moitas fendas, fracturas e/ou pedras fracturadas ou rotas, detalle natural que se corresponde coa realidade do lugar; así de *frangere*, “romper”, participio *fracta*, “rota”, más o sufijo abundancial -osa, **Freitosa**, “(a illa), fendida, fracturada ou rota”, e non, dende logo **Fructuosa**.

Moi preto, o mapa que nos ocupa ofrece o topónimo **Canibedo**, que se refire á actual enseada de **Caniveliñas**, indubidable fitónimo alusivo a un conxunto de canas silvestres, canavelas ou canivelas, detalle da flora que ainda se conserva no lugar.

Segundo cara ao norte pola costa occidental da illa, o mapa remata co hidrónico **Pasantes**, que está ben transcrito, e que se repite noutras partes da costa de Ons, xa que dá nome a **pasantes**; isto é, a pequenas canles submarinas ou pases hábiles para a navegación de embarcacións de pequeno calado, que deberon ser dornas.

Moita menos importancia e interese teñen, segundo pensamos, outros mapas antigos, nos que aparece o topónimo **Ons** claramente deturpado co nome de **Blydones**, verdadeiro topónimo pantasma, que documenta sen coidado ningún o mapa titulado **Gallaecia Regnum** do ano 1634, obra de F. Fr Ojea, mentres que a carta titulada **Il Regno di Galicia**, obra de Domenico e Giovanni de Rossi, publicada en Roma entre os anos 1692-1694, rexistra para **Ons** a estraña forma **Donze**, que nos parece un híbrido artificial de **Ons** más **Onza**.



MITO E REALIDADE DO BAÑO DAS NOVE ONDAS NA LANZADA

Por: Buenaventura Aparicio Casado

INTRODUCIÓN

O baño das nove ondas é, hoxe en día, un rito absolutamente residual. Posiblemente, uns poucos, ás agachadas, cumpran cunha tradición ancestral nas datas fixadas. E algúns *frikis* tamén se achegarán ao areal, pero estes manexan outros esquemas. Están noutra onda.

A realidade é que daquela crenza que ata os anos cincuenta do pasado século aliviou, como un analxésico, os corpos e as mentes dunha humanidade dorida só quedan as cinzas.

A ERMIDA DA LANZADA

O baño das nove ondas está intimamente relacionado coa capela que acolle a Nosa Señora da Area, a Virxe da Lanzada. Sen a presenza da Virxe, o baño perde toda a súa virtualidade máxica.



Vista do conxunto da Lanzada

A pequena ermida románica da Lanzada sería erguida, en opinión de García Alén e Alonso Romero, para cristianizar os ritos pagáns que alí tiñan lugar.

Cebrián Franco (1982 : 118-119) cre que a capela formaría parte do castelo medieval como elemento anexo, feito que adoitaba acontecer nas fortalezas da mitra compostelá, como manifestación que irmandaba o espírito bético coa crenza relixiosa. Algo semellante sucede coa capela das Torres do Oeste ou coa ermida da fortaleza levantada sobre o antigo castro de Presqueiras.

Frei Martín Sarmiento (1970 : 385) afirma que a ermida estaría edificada xa a finais do século XII, baseándose na bula de Inocencio III que, con data de 1199, confirma a Santiago na posesión do “*castrum quod vocatur Sancta Maria de Lanzeta*”.

Carlos Valle, apoiándose nas característica estilísticas e construtivas do edificio, defende unha cronoloxía baixomedieval

(“A ermida da Nosa Señora d'A Lanzada e a arte románica no Salnés”, conferencia impartida en Noalla o 30 de setembro de 2010).

ANTIGÜÍDADE DO RITO

A historiografía de filiación tradicional recorre á utilización -con evidente abuso- de dous recursos: das supervivencias e da cristianización de lugares supuestamente pagáns, ambos os dous como argumentos garantes dunha antigüídate sobrevalorada como criterio autentificador e identitario.

íente, sin fijarse si la materia es vil, pre-
sa, negra o blanca y posee o no una vida
visible.
Aquella parece una procesión que des-
la el largo camino del tiempo: hasta la
es arcaica, como se habló en las más
iotas edades de los celtas y visigodos. Al-
los dan saltos al salir del agua y otros an-
de entrar. Parecen epilépticos como



O baño das nove ondas na Revista de Mondariz (1919)

Alfredo García Alén (1974) nun artigo publicado nun xornal -anticipo dun traballo que nunca viu a luz- considera ao baño das nove ondas como a perduración dun vello culto prerromano a unha “dea marina” relacionada coa fecundidade. Outros autores, entre eles, Alonso Romero (1997 : 418) aceptan esta opinión.


Outorgarlle ao baño das nove ondas unha orixe prerromana comporta o establecemento dunha liña sen solución de continuidade dende o período castrexo ata os nosos días, liña que coa documentación que posuímos carece de fundamento. Arestora non temos a menor proba da existencia dun santuario romano dedicado a unha deidade mariña. A campaña de escavación, rematada hai pouco, non aportou ningunha novidade sobre este asunto.

As razóns en contra desta suposta antigüídate son bastante convincentes, comezando por aclarar que o baño non o tomaban soamente as mulleres infecundas, senón, e maioritariamente, unha morea de xente afectada de todo tipo de males, fundamentalmente de feitizos e meigallos. Porque se A Lanzada se pode caracterizar por algo é por ter sido un dos centros de referencia do curandeirismo:

Levei a miña muller
á Lanzada, ás nove olas;
levéina a desinfeitar
e botar os demos fóra.

(Landín Carrasco, 1955 : 283)

Excavación da Lanzada (setembro de 2010)



No libro de visitas do santuario da Lanzada, denominado *Libro de visitar la hermita de Nuestra Señora de la Arena*, cuxos recontos comezan no ano 1613, non se fai a menor alusión ao baño das nove ondas nin a prácticas profanas nos arredores da ermida.

Pola súa banda o P. Sarmiento, erudito pescudador e curioso onde os haxa, que estivo en dúas ocasións na Lanzada -en xullo de 1745 e en outubro de 1754- tampouco menciona baño nin ritual algúin. Precisamente, Blanco Freijeiro (2002 : 173), bo coñecedor da obra do freire bieito, comenta que de terse producido tales prácticas e rituais na Lanzada “no hubiera dejado él de apuntarlo en caso de haber llegado a sus oídos”. Esta é a razón que alega para atribuírlle ao baño unha antigüidade que non iría moito máis alá dun século, que é cando os testemuños de J. Solá, P. Canitrot e outros dan proba fidedigna da súa existencia.

DATAS PROPICIAS PARA O BAÑO


A tradición fixaba como datas más aconsellables para o baño das nove ondas tres días: o alborexar da festa da Ascensión, a madrugada de San Xoán e o último domingo do mes de agosto, celebración da romaría en honor de Nosa Señora da Area, a Virxe da Lanzada, sen prexuízo de que curandeiros e sabias puidesen exercitar o seu oficio, cun rito que incluía o baño, outros días.

O día da Ascensión numerosos veciños de Noalla tomaban un baño colectivo, grupal. Este rito, practicado nesa conmemoración -hai xa tempo que deixou de realizarse-, parece gardar relación con ceremonias de renovación e rexeneración que tiñan lugar en primavera, coa intención de preservarse de enfermidades e males. Este baño tería un carácter profiláctico e, ao mesmo tempo, actuaría como elemento de cohesión vecinal, reforzando os vencellos entre os membros do grupo.

O baño ás doce da noite do día de San Xoán -que as bruxas efectuaban en fonte e ríos- era un costume estendido por toda Galicia costeira. Segundo Jesús Rodríguez López (2001 : 135) a persoa que recibía as nove ondas curaba as súas doenzas ou se preservaba de padecelas. A noite de San Xoán é un anaco de tempo máxico no que as eivas que nos magoan poden quedar anuladas e no que un destino ou fado tráxico é posible trocalo noutro máis ventureiro.

Na Lanzada, as nove ondas podían recibirse en diversos areais. Mais a tradición sinalaba con precisión un lugar especialmente recomendable: o pedregal do lado norte da ponte que comunica o campo da igrexa con terra firme (García Alén, 1974). Posiblemente, esta preferencia estivese determinada pola súa proximidade á ermida, como foco do que emanaría a benéfica acción da Virxe, invocada no intre de recibir as ondas do mar.

Pedregal no que, tradicionalmente, se tomaba o baño



O NOVE. UN NÚMERO CABALÍSTICO

A maior parte dos actos ou prácticas que se levaban a cabo na Lanzada tiñan como referente constante ao número nove. Os romeiros se achegaban “nueve días antes del primero de la fiesta” -para asistiren á novena- e tomaban “los nueve baños de ola” (J. Solá, 1914). Ademais, era frecuente dar nove voltas arredor da capela. Que significado o virtualidade máxica agacha o número nove?

No sistema simbolista os números pares teñen denotación negativa, pasiva. Por contra, os impares resultan afirmativos e activos. O tres é o número que representa a síntese espiritual, a Trindade. O nove figura a triplicidade do triple, un factor potenciador porque “a multiplicación dun número acrecenta o seu poder” (Paneth, 1953). Por esta razón, o nove é o número por excelencia dos ritos curativos (J.E. Cirlot, 1981 : 330).

Nove é tamén o algarismo dos planetas modernos que, como é coñecido, rexen o destino dos seres humanos. O Sol, a Lúa, Marte, Mercurio, Xúpiter, Venus, Saturno, Urano e Neptuno integrarían este “novenario” (Blanco Freijeiro, 2002 : 174).

Segundo o párroco de Santo Estevo de Noalla, don José Manuel Taibo García, os baños nos que se recibían sete ondas procuraban remedio para as enfermidades nerviosas,

entrementres que para propiciar a fecundidade o indicado eran nove os golpes de mar que habían de bater no ventre da muller.

O BATER DAS ONDAS COMO SIMBOLISMO DO ACTO XERADOR

O golpeo das ondas contra o corpo da muller representa unha cópula simbólica, antecedente ou preparatoria da real que ha de executarse despois. O baño no mar limpaba, eliminaba a tacha e deixaba a interesada en disposición de concibir unha vez efectuado o axuntamento carnal.

Para Mariño Ferro (1987 : 233) o mar, co seu movemento de fluxo e refluxo, é unha figuración simbólica do home, mentres que a area seríao da muller. A escuma que se xera é unha metáfora do líquido seminal. Mariño recolle unha curiosa cita de Alonso de Madrigal, *El Tostado*, que ao comentar o mito de Venus afirma: "tal es el humor seminal como el agua del mar...la espuma se hace por movimiento de las aguas...como la cobdicia venerial se levanta de tocar a los genitales vasos y el seminal humor se deriva por el movimiento de ellos. Conviene esto a la espuma porque la seminal materia espumosa es".

BAÑO DAS NOVE ONDAS NOUTROS LUGARES

Xa deixamos constancia de que, segundo testemuño de Rodríguez López, era costume, nas zonas costeiras, bañarse ás doce da noite do día de San Xoán.

Alonso Romero (1982 : 591) cita outros lugares nos que se podían tomar as nove ondas, entre eles a praia de Placeres, a carón dunha capela da Virxe, e Santo Andrés de Teixido, santo taumaturgo con sona en toda a comarca.

UNHA HIPÓTESE INTERPRETATIVA. BOTANDO MAN DE MIRCEA ELIADE

O investigador romanés Mircea Eliade describiu, en diversas obras -como no *Mito del eterno retorno*- o proceso curativo dunha doença física ou espiritual como una rexeneración, só posible cunha retroxección no tempo que nos conduza a o momento prístino, orixinal, é dicir, simbolicamente, a un novo nacemento -figurado de diversa maneiras-, onde o individuo,

como recentemente procreado, ha de aparecer sen mácula nin tacha de ningún tipo.

Quer isto decir que un defecto de concepción ou unha eiva ou mal sobrevido nalgún momento da vida non é posible eliminalo cunha reparación -cun parche-, senón soamente cun retorno, cunha recreación do instante cero, no que a persoa comeza a vivir como unha *tábula rasa*, virxe, limpa, en posesión de todas as súas potencias e virtualidades.

No transcorrer da vida desgastámonos, o mal -baixo diversas formas- fai presa en nós. Imos perdendo, pouco a pouco, parte da enerxía primordial que atesourabamos no momento do nacemento. Esta é a razón de que nun dos mais coñecidos ritos de rexeneración -o de dar voltas arredor dunha ermida ou cruceiro- as voltas


se efectúen no sentido contrario ao das agullas dun reloxo -deixando o obxecto sagrado á esquerda, o lado máxico-. É, en toda regla, unha retroxección, un borrado de todo o disco duro, contaminado, para comenzar de novo co contaquilómetros a cero.

Á Lanzada achegábanse persoas que crían que eran vítimas dun mal, dun feitizo ou dun meigallo. Para botalo fóra metíanse no mar a recibir as nove ondas. Cando saían da auga, deixaran atrás todo o lastre adquirido na travesía da vida. Sentíanse limpos. As mulleres sen descendencia preparadas para concibir, para xerar nova vida.

O ritual que se practicaba na Lanzada non só remediaba a esterilidade, senón que, como recreación dun nacemento, posibilitaba a curación de calquera mal. As multitudes que acudían ata o istmo facían coa esperanza

de deixar atrás doenças da máis variada etioloxía. Por esta razón A Lanzada competía con santuarios de moita sona: "os clientes deste santuario son fundamentalmente do mesmo tipo dos que acoden aos Corpiños, megallos, feitizos, mal de ollo..." (Rodríguez Fraiz, 1960 : 101).

Unha poesía de Ramon Cabanillas, titulada "Viaxe perdido" evoca vivamente o peregrinar dos doentes de igrexa en igrexa para remediar os seus males:




Para ceibarme de morrer chuchada
de un amor que me enchéu de penas fondas,
no mar costeiro e bravo da Lanzada
tomei, á media noite, as nove ondas.
Collín cara a San Breixo a pan e agoa,
c-unha vela na man todo o camiño,
e, dende alí, para zarrar a mágoa,
fun a Nosa Señora do Corpiño.
Limpa estou de feitizo e de meigallo,
quedei rexia e baril como un carballo,
san como un buxo, dura como un seixo.
Mais, si él chega onda min xa non me movo.
Feita de cera teño de ir de novo
á Lanzada, ao Corpiño e a San Breixo.

Neste poema ponse de manifesto un feito que convén salientar. A conveniencia de acudir a varios santuarios. Non só porque deste modo se reforzaba a acción divina exercida por diversos axentes celestiais; tamén pola desconfianza dos nosos paisanos: "se non é un, ha ser outro".

NOSA PROPOSTA: RECUPERAR O BAÑO DAS NOVE ONDAS NO MAR DA LANZADA

O baño das nove ondas é, arrestora, unha práctica residual, vergoñenta, que se fai ás agachadas polo temor de que lle apliquen o cualificativo de supersticioso -ou peor, de paleto- ao que o leve a cabo. Unha minoría, con pouco éxito, pode achegarse á Lanzada baixo o engado do druidismo, da ritualidade céltica. Sexa como for, o baño está, praticamente, esquecido. E **cómpre recuperalo**. Podo adiviñar a expresión de sorpresa dalgún lector. Por iso vou argumentar a miña proposta.

A Lanzada ten embruxo e o baño algo ha de ter



Que as augas da Lanzada son saudables ninguén o pon en dúbida. Son augas moi batidas, frías, de mar aberto, salgadas e iodadas, recomendadas polos dermatólogos para certas enfermidades da pel. A brisa mariña acouga o espírito e tempera

os nervios. Un paseo pola Lanzada, en ausencia de multitudes, reconforta, tranquiliza e abre o apetito. E logo está a paisaxe: grandiosa, admirable, maxestosa. Un dos recantos con máis **embruxo** de Galicia.

Bañarse neste lugar ten o seu aquel, algo especial. Un recurso que o concello de Sanxenxo, con intelixencia, debería de promover.

Volván, pois, a bañarse xuntos todos os veciños de Noalla o día da Ascensión, en amigable compañía, reforzadora de amizades e mitigadora de tensións. E despois do baño, comida e festa, que somos aves de paso.

A bañarse todo *kiski*, que a crencia é libre. As que cren que coa axuda das ondas poden empreñar -que algunha haberá-, os que desexan esquecer, os magoados por meigallos antigos ou de nova xeración, os escépticos, os optimistas antropolóxicos, os librepensadores, os *frikis*... Todos, porque teñamos presente que "mal non fai, e ben... nunca se sabe". O baño, seguido doutros aditamentos que todos prezamos, malo será que non mellore, cando menos, o noso estado de ánimo.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO ROMERO, Fernando (1982): "As nove ondas da mar sagrada: ritos y mitos galaicos sobre las olas del mar", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. XXX, fas. 98, Santiago de Compostela.
- ALONSO ROMERO, " (1997): "Las romerías de Galicia" en Galicia. *Antropología*, t. XXVII, Hércules de Edicións, A Coruña.
- BLANCO FREIJEIRO, Antonio (2002): "Baños de las siete ondas" en *Ensayos gallegos*, Diputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra.
- CEBRIÁN FRANCO, Juan José (1982): *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*, Arzobispado de Santiago de Compostela.
- CIRLOT, Juan Eduardo (1981): *Diccionario de símbolos*, Editorial Labor, Barcelona.
- ELIADE, Mircea (1984): *El mito del eterno retorno*, Planeta-Agostini, Barcelona.
- GARCÍA ALÉN, Alfredo ((1974): "Romería de Nosa Señora da Lanzada", *Faro de Vigo* (30-VIII-1974, p. 20).
- LANDÍN CARRASCO, A. (1955): "Cantares marineros gallegos", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. X, Santiago de Compostela.
- MARIÑO FERRO, Xosé Ramón (1987): *La romerías / Peregrinaciones y sus símbolos*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
- PANETH, L. (1953): *La Symbolique des noms dans l'Inconscient*, París.
- RODRÍGUEZ FRAIZ, Antonio (1960): "Costumbres populares de las iglesias y santuarios marianos de Galicia", *El Museo de Pontevedra*, XIV, Pontevedra.
- RODRÍGUEZ LÓPEZ, Jesús (2001): *Supersticiones de Galicia*, Editorial Maxtor (ed. facsímil), Valladolid.
- SARMIENTO, Martín (1970): *Colección de voces y frases gallegas*, ed. de J. L. Pensado, Universidad de Salamanca.
- SOLA, Jaime (1914): "La Playa de la Lanzada", *Vida Gallega*, nº. 63.



MARÍN: A HERÁLDICA DA VILA OS ESCUDOS EN PEDRA, TESTEMUÑAS MUDAS QUE FALAN DA HISTORIA

Por: Laureano Mayán Taboada

Aínda ao alcance da man, no tempo, a nosa Asociación sufría o falecemento do noso habitual colaborador Isidro M. De Malet y Andreu. Entusiasmado co noso labor cultural, ao traveso de “AUNIOS”, participaba con gran entusiasmo ocupándose dos traballos coa Heráldica, tema no que era unha auténtica enciclopedia.

Co atrevemento que supón, pola miña parte, facer referencia a unha especialidade na que Isidro era un consumado mestre, hónrame dedicarlle este traballo a tan excelente profesional como extraordinaria persoa.

Estes valiosos temas históricos que requieren unha paciente e firme dedicación e unha laboriosa e difícil investigación, resultan tan complexos que as dificultades comezan xa ao definir a propia palabra “heráldica”, sobre cuxo significado hai diversas opinións.

Continúan as dificultades coas palabras que componen o vocabulario heráldico e cuxo significado non é fácil coñecer... Termos como: *bezantes, donjonada, dragante, escusón, jefe cosido, lambrequines, mal ordenadas, medio cortado y partido, naciente, pasante, roel bezante, sobre el todo, sumada, surmontada, sotuer...* non teñen problema para heraldistas, pero para os que non entendemos, e somos moitos, resulta un tanto complicado.

Complicación que se acentúa cando, por casualidade ou interese, se comproba, por exemplo, a composición do escudo dun mesmo apellido e nos encontramos coa diversidade de criterios que van dende a diferente utilización das cores que o componen, á disparidade dos motivos que o integran, ou a distinta procedencia xeográfica do apellido. Certo que o escudo traballado en pedra ofrece menos dificultade pois neste material as cores, xeralmente, non existen, pero aínda así un encóntrase, ás veces, con que un escudo da mesma raíz construído por distintos autores, presentan diferenzas. Non sei se porque, no seu momento, así llo pediron, ou porque a obra deixana a gusto e criterio de quen a realiza.


Un pequeno exemplo da beleza e complexidade deste tema, podemos atopala na composición do escudo de Galicia (en canto a símbolos e cores se refire) e que foi obxecto de discusión dende o século XVI. Personaxes da talla de:

Murguía, Castelao, Bernardo Barreiro, Dalmiro de la Válgora e Díaz Varela, Antonio Cruceiro Freijomil, Florencio Vaamonde Lores... entre outros, ocupáronse diso e as opinións difiren. Hoxe en día aínda carece dunha institucionalidade oficial.

Este traballo, baseado fundamentalmente en simples detalles ou curiosidades, ten por obxecto recordar: construcións, motivos, accións... ordes relixiosas ou militares, centros de ensinanza social, relixiosa ou militar... Recordar aquelas persoas, non só galegas senón doutras rexións que, vindo á nosa terra, alongaron a súa residencia, asentáronse contraendo matrimonio, formaron familia e orixinaron liñas de gran significado. A súa relación, directa ou indirecta, coa vila (e o municipio), queda perpetuada co escudo.

Ocupareime dos escudos labrados en pedra, sexa cal fora o seu significado, alusión, motivo, valor heráldico... que pola súa radicación son visibles. Non farei mención, asemade, aos vocábulos que lóxica e razoablemente deberían empregarse, senón un léxico máis popular que, coido, será máis sinxelo de entender.

Se realizamos un circuíto pola vila, cuxa saída e chegada estivese establecida no Concello, atopariámonos cos seguintes escudos:



Posiblemente o primeiro escudo da Vila, cuxo orixe data de mediados de 1800. Está na parte superior do edificio do Concello

CONCELLO: Na parte superior da fachada principal do edificio existe un escudo, desde o ano 1931, que nos amosa: unha ponte e unha torre que aludían ao *Fuerte de San Fernando* e á ponte que daba acceso a el. Posiblemente, antes do século XX este fora o escudo representativo da Vila.

XARDÍNS MUNICIPAIS: Na fonte aquí existente, desde o ano 2002, podemos ver o escudo, actual, da Vila, pero sen coroa. Dividido en tres partes, unha contén un piñeiro e dous osos (representativo do Mosteiro de Oseira); outra, unha ponte e unha torre (mantendo o contido do antigo) e unha áncora que nos recorda as nosas raíces mariñeiras. Circundando estes elementos, a divisa “*Nostra in mare fortuna*” (A nosa fortuna no mar).

Dende o ano 1990 pode verse outro da Vila no farol situado na parte central do paseo. Este amosa a coroa ducal.

RÚA REAL: Data do século XVIII. Probablemente pertenceu a un pazo que pudo existir nas inmediacións. Está moi ben conservado, situado na fachada principal dunha vivenda do ano 1923, á esquerda da rúa en dirección ao *Viejo Templo*. Baixo un helmo, o escudo acolle as liñaxes de: **Ozores o Silva** (un león de pé), **Pereira** (unha cruz e unha estrela); **Soutomaior** (banda con peza axadrezada) e **Pimentel o Sequeiros** (cinco cunchas de vieira).

Próximo á finalización desta rúa, na súa marxe dereita, un escudo, dende 1992, recorda á familia **Touriño** (baixo un helmo, a figura dun touro, sobre un campo) cuxo primeiro antepasado na vila foi Benito Touriño García. Natural de Tenorio, estableceuse na vila a mediados do século XIX. Era farmacéutico e foi alcalde.

VIEJO TEMPLO: Situado na fachada da parte sur, este escudo do século XVIII, consérvase en bo estado pero necesita coidados. Recorda ao **Mosteiro de Oseira**. Baixo coroa imperial o escudo presenta como fondo unha aguia de dúas cabezas con distinta orientación. Superposto á aguia, un contorno rectangular encerra dous divisóns. A esquerda preséntanos un piñeiro e dous osos (son as armas do mencionado mosteiro); a dereita amósanos o brazo dun monxe empuñando un báculo abacial, unha mitra abacial e dúas follas de flor de lis (forman parte da Congregación de Castela, incluída nas rexións administrativas que a orde do Císter estableceu sobre a rede de mosteiros que tiña na península (Castela, León, Asturias e Galicia). Tamén amosa, neste mesmo lado, unha banda axadrezada (distintivo da liñaxe de San Bernardo impulsor da orde do Císter).

Cinco pezas redondas que circundan as dúas partes mencionadas, encerran cruces que representan ordes militares. Hai interpretacións distintas sobre elas. Son coincidentes ao designar tres delas: as de Calatrava, Alcántara e Montesa. Sen embargo se difire noutras dúas cruces, nomeándose, segundo o historiador: a de Temple, Malta, Avis, Santiago e, incluso, a de Cristo.



Existente na Rúa Real



Escudo de Oseira, na fachada sur do Viejo Templo



Escudo radicado na parte superior da fachada neoclásica do Colegio da Inmaculada

Unha cousa é certa: as de Calatrava, Alcántara e Montesa, todas elas, son de inspiración Cisterciense - Benedictina, españolas, e a de Avis e Cristo, portuguesas. A do Temple,

nun sentido hipotético, si ten relación ao estar identificado con San Bernardo. A de Malta, é propia dos Cabaleiros sendo, neste caso, alusiva a Don Diego Arias. A de Santiago nada ten que ver co Císter.

BANDO DO RÍO: Nunha bela e orixinal vivenda, un escudo, cremos de instalación moderna, recorda os apelidos **Portabales** e **Pesqueira**. Catro campos, baixo helmo. O Campo superior esquierdo, presenta un castelo. O campo contiguio superior, parece conter sete flores de lis e está delimitado por sete aspas. Os dous campos inferiores, presentan, o da esquerda outras sete flores de lis e o da dereita un castelo pero diferente ao que figura no campo superior. O campo tamén está delimitado por sete aspas.

ALCALDE JOSÉ DEL RÍO: Nun edificio de moderna construcción, un escudo, dende o ano 2007, recorda a liñaxe **Calvo**. A súa composición, de orixe castelán, presenta un campo cunha faja. Outro campo, cinco puntas de lanza postas en forma de aspa. Outro campo, seis bandas en diagonal (ao parecer en contra das Leis heráldicas). No interior, un campo bordeando todo o escudo no que unha metade (destra) ten nove aspas e a outra metade (sinistra) o lema “*cum ferro et lancea vici*”.

Noutro edificio, contiguo ao anterior, e aínda sen finalizar a súa construcción, un escudo instalado en 2008 evoca a liñaxe **Argibay**. Composición de orixe vasca, presenta un só campo cunha árbore cortada en dúas caldeiras de sable.

No interior do escudo, rodeádoo na súa totalidade, un campo con oito aspas.

DOCTOR TOURIÑO: Na fachada lateral dun inmoble (contiguo á Capela Evanxélica), propiedade da familia Ureña, pode verse un escudo cuxa radicación pode remontarse a uns trinta anos? O escudo está dividido en cinco partes, cada unha delas corresponde a unha liñaxe, pero, a pesares de intentalo a

Hemicar, S.L.



Pintura al horno
Bancada de Carrocería

TALLERES

HEMICAR, S.L.

CHAPA - PINTURA - MECÁNICA

Ayda. Médico Ballina, 5
LÉREZ - PONTEVEDRA

Teléf.: 986 870 045
Móvil: 689 300 438
Particular: 986 852 525



través de diversos estamentos, libros,... e incluso familiares, non puiden descubrir a que apellido representa cada un dos campos.

CONCEPCIÓN ARENAL: No colexio da Inmaculada, no centro da súa bela fachada de estilo neoclásico, pode verse un belo escudo que data de 1908. É representativo do cardeal *José María Martín de Herrera y de la Iglesia*, impulsor deste centro de ensinanza, rexido dende a súa fundación por monxas.

Encima do escudo, de esquerda a dereita, móstranse: a mitra cardinalicia, a cruz de Caravaca e un báculo. No interior do escudo, no centro dunha peza oval, o corazón de Xesús e rodeando dita peza, ocupando esquinas, outras catro cilíndricas que conteñen: dúas delas un león e outras dúas un castelo, alusivas aos reinos de León e Castela. Entre estas pezas circulares, a inscrición: “*Victima Cor Jesu Charitatis*” (“Corazón de Xesús víctima de amor”). Circundando este conxunto, pola súa parte exterior uns cordóns que significan o grao de dignidade do cardeal (é unha distinción que outorga o Papa) e debaixo, no centro, o collar significativo do palio arcebispal.

No parque Eguren, un marco de pedra instalado en 1985 móstranos na súa parte leste unha cruz, e na súa parte oeste o escudo da **Vila**, sen a divisa pero con coroa real. Delimita a propiedade dos terreos municipais e eclesiásticos.

Neste mesmo entorno do Parque Eguren, sobre o soportal da porta principal do novo templo, un gran escudo cun contido sinxelo, alusivo á Virxe María e que dá nome á **Parroquia**. Uns adornos vexetais rodean este escudo integrado polas letras maiúsculas, entrelazadas, “A” e “M” cuxo significado é “Ave María”. Sobre o escudo, unha coroa rematada por unha cruz sobre a bola do mundo.

Descendendo a rúa , á dereita, o Grupo Escolar, edificio do ano 1898, amósanos na

parte superior da fachada principal, un escudo. Aínda que cun contorno distinto, o seu contido é o mesmo que existe na Casa Consistorial (unha ponte e unha torre) o cal nos

indica que nesa época era o escudo oficial da Vila. Actualmente está moi deteriorado e ofrece moita dificultade para visualizalo. Que saiba, aínda non existe ningún escudo en pedra da **Vila** coa súa coroa actual.

Entre esta rúa e a de O Carballiño, na Praza das Áncoras, dende o ano 1975 unha placa de pedra amósanos o slogan e o escudo da Vila (coa coroa ducal).

AVENIDA DE OURENSE: Ao lado da Casa Consistorial, nunha

zona axardinada, un escudo que data do século XVIII, recorda ao **Mosteiro de Oseira**. Debeu estar radicado, antigamente, no propio edificio do Priorato. Está un tanto erosionado pois a súa labra non é moi profunda.

É indubidable que o autor deste escudo non é o mesmo que quen realizou o que se atopa no exterior do *Viejo Templo*, xa que as diferencias son notorias.

O que agora nos ocupa ten a coroa real; a banda axadrezada, a mitra e o báculo ofrecen distintas características; mostra unha soa folla de flor de lis; o seu contorno é curvilíneo e non chega a unirse; tan só dúas cruces da pezas redondas teñen similitude coas doutro escudo.

Os escudos esculpidos en pedra son pródigos no caso urbano e arredores, (José Meijón Area encargouse de deixarnos un bo número deles) pero os elementos heráldicos no municipio (do que espero ocuparme no próximo número) son poucos.

Dun tempo a esta parte, algunas familias tiveron a iniciativa de instalar unha labra alusiva á súa liñaxe ou a determinados motivos perpetuando, desta forma, o recorde dos seus antepasados ou aquilo que tivo relevancia na súa vida. Son de recente creación, pero forman parte, xa, da historia heráldica da vila.



Existente na fachada principal do Novo Templo



Escudo de Oseira, ao lado do Concello



Escudo da Vila na Praza das Áncoras, ainda que coa coroa ducal

O BURATO DO INFERNO, un emblema da Illa de Ons

Por: Beatriz Bruna Quintas
Espeleo Club Aradelas

De todas as lendas, misterios e peculiaridades que rodean ao arquipélago de Ons, seica é o Burato do Inferno o lugar máis representativo das tradicións e supersticións vencelladas ao mar e aos mariñeiros. E abofé que este lugar, oculto e marabiloso, durante tanto tempo rodeado dun halo tenebroso procedente do ruxir constante do seu interior, é merecedor do título que lle outorgamos neste artigo que, moi lonxe de pretender desmitificar o desmitificable, quere dar a coñecer a súa beleza, beleza difícilmente apreciable polo inaccesible do seu interior.



Pozo do sistema do Burato do Inferno (-43 m.).
Fotografía: Beatriz Bruna Quintas (Espeleo Club Aradelas)


Situado ao sur da illa de Ons, na súa vertente a mar aberto, o Burato do Inferno ten sido obxecto de varios estudos etnográficos, ornitolóxicos e topográficos, pero non foi ata 2009 no que un grupo de espeleólogos de Espeleo Club Aradelas, auspiciados pola Dirección do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, do cal forma parte o arquipélago, daba luz completamente á xeomorfoloxía desta cavidade, ata entón, rodeada polo descoñecido.

No Burato do Inferno atopámonos perante un conxunto xeo-arquitectónico integrado por varios elementos, algúns naturais, outros artificiais. A furna está integrada por tres partes claramente diferenciadas: a primeira e máis coñecida por todos, a sima de 43 m. de profundidade que se abre sobre unha planta en forma de X (non de Y, como foi descrita nalgúnha ocasión) á cal se accede por dous puntos fundamentais, o pozo do que acabamos de falar e a galería que dende o seu interior se abre camiño entre dúas paredes de rocha ata acadar mar aberto, canle pola que entra e bate o mar con forza producindo no seu interior un efecto un tanto sobrenatural. E xunto á furna levántanse tres elementos arquitectónicos que nos preveñen dos perigos que nos axexan ao mesmo tempo que nos permiten gozar da súa beleza: o valo protector que rodea a boca da sima, a cruz erixida en memoria dun gardamarina desaparecido tras caer polo acantilado durante unhas manobras militares, e o miradoiro que nos permite albiscar a canle e a boca da galería inferior.

Ténense aventurado varias hipóteses sobre o seu topónimo, non sendo definitoria ningunha delas. Cántanos Estanislao Fernández de la Cigoña no seu libro sobre Cíes e Ons que o etnógrafo Fernando Alonso Romero tentou de vencellar o nome da sima coa arraigada tradición illeira de aparicións da Santa Compañía, non podendo relacionar esta crenza coa furna. O propio Fernández de la Cigoña aventura que podería tratarse do son dos araos que aniñaban nas paredes da sima ata a súa extinción nos anos 80, mesturados có rumor da marea que se coaba pola galería inferior, sons magnificados pola caixa de resonancia que constitúe a gran bóveda central da cavidade. Sen ánimo de rebater esta teoría, na nosa experiencia como espeleólogos debemos dicir que son moitísimas as simas e covas denominadas "do inferno" non soamente en Galicia ou España, senón en todos os países de tradición católica.

Sexa a causa da súa denominación ou non, o que si é certo é que os sons do Burato contribuíán en gran medida a alimentar o misterio que entrañaba no seu interior, sons que lamentablemente perdérонse para sempre. A desaparición dos araos e un importante derrube acontecido en 2003 manteñen ao Burato nun sobrecolledor silencio non exento de incerteza. O Burato do Inferno permanece hoxe en día máis inaccesible que nunca. A sima, de 43 m. de profundidade, preséntasenos como o "acceso imposible" non sendo certo áinda que, iso si, reservado únicamente a persoas expertas no manexo de técnicas verticais. A canle inferior, aberta ao mar ata 2003 era, ata ese momento, unha vía que nos permitía, nos escasísimos días de mar en calma, achegarnos ao interior da cavidade, áinda que

sempre con certo perigo. O mar entraba polo estreitísimo canón provocando, na chegada da ola, que aumentase o nivel uns dous ou tres metros de altura.



Boca inferior do sistema do Burato do Inferno. Imaxes comparativas da canle de entrada á furna, á esquerda anterior ao derrube de 2003 e, á dereita, posterior a el.


Fotografías: José Higinio Díz Dios (esq.) e Beatriz Bruna Quintas (der.) (Espeleo Club Aradelas)

Durante unha gran galerna no inverno do ano 2003, enormes bloques de pedra procedentes da parede da dereita desprendéronse taponando completamente a canle de entrada diante da boca da furna. Este derrube produce dous efectos que teñen cambiado a morfoloxía da cova para sempre. Por unha banda, o acceso volveuse moito máis perigoso que antes xa que, incluso en encalmada, o movemento propio da marea nos estamparía contra a barreira de rochas que pecha o canón diante da boca. Temos que imaxinar que quixéramos acceder a través do tubo dun funil. Ata 2003, nese tubo estreito atopábase o lugar de risco de golpes contra as paredes rochosas pero, unha vez superado este punto, as paredes abríanse no interior da furna igual que se abre un funil cando chegamos á parte ancha; a presión da auga diminúe e o risco de golpes, tamén. Pero o derrube non permite que a auga que se mete polo tubo de presión atope unha saída senón todo o contrario, golpea con forza o tapón de bloques mentres que o nivel ascende varios metros.

Pero a parede conformada polas pedras desprendidas non é un muro cego senón un conxunto de bloques que deixan rañuras e gretas entre eles. A auga, que entra a presión pola canle de acceso, chega a ese punto con todas as súas forzas, golpea con furia o frontal desa porta natural pero cóase entre as fendas achegando ao outro lado moi batida, formando unha densísima espuma branca, que chega alcanzar os 30 cm. de espesor no lago interior da cavidade, o que lle confire un aire misterioso e característico ao interior da cavidade, todo elo envolto no feixe de luz que penetra pola galería inferior.

Como xa adiantamos, a grandes rasgos¹, a furna está formada por dúas galerías escavadas ao longo de sendas diaclasas (fracturas) verticais de gran altura, que se entrecruzan

configurando ao sistema unha forma de aspa. A galería principal entra dende o mar e a medio percorrido é atravesada por unha galería transversal onde, no seu brazo norte, preto do punto de cruce de ambas galerías, un derrubamento no teito da mesma deu lugar ao impresionante pozo vertical.



Contraluces da boca inferior tomado dende o interior da cavidade. En primeiro termo a densa capa de espuma ainda sen romper polo paso dos espeleólogos; en segundo o derrube que taponou a entrada. Fotografía: Beatriz Bruna Quintas (Espeleo Club Aradelas)

Vista dende o mar, a furna chama a atención pola súa vistosa boca de máis de 20 metros de altura, á cal se accede a través da canle pola que penetra o mar incluso durante a baixamar. Tras os bloques que actualmente taponan a entrada, un conduto de gran porte prolóngase ao longo de 50 metros e está ocupado no súa meirande parte por un gran lago de auga salgada, mentres que o seu teito se mantén a gran altura.

O lago, que anega toda a parte central do sistema, gaña rapidamente calado a medida que nos internamos dende á zona do derrube, acadando a súa máxima profundidade no punto de cruce coa galería transversal. A partir de aquí, o perfil do chan volve subir suavemente e a auga vai deixando paso a algúns bloques que, finalmente, se transforman nunha gran rampla onde se acumulan restos traídos pola marea cando esta entraba sen trabas ata o fondo da galería.

O nivel do lago é sensible ás mareas e nel dase o curioso fenómeno, non observado en ningunha outra furna, da presenza da abundante espuma de mar, dándolle ao lago, como di José

¹ Descripción xeomorfolóxica de José Higinio Díz Dios, Director do proxecto de catalogación das furnas do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

Higinio Diz, un aspecto surrealista un tanto sorprendente, especialmente cando o atravesas a nado. A galería transversal, que se cruza na súa parte central coa descrita nos parágrafos anteriores, queda dividida en dous ramais aliñados pero de características diferenciadas. O brazo da dereita é unha galería estreita en dous niveis, un inferior anegado pola auga e un superior en seco dende onde, nun punto que se desfonda, se albisca a parte baixa da galería inundada.

En sentido transversal á entrada do mar, e seguindo dende o centro do sistema agora cara a esquerda, internámonos nunha galería de gran porte e paredes verticais de gran altura onde, despois de abandonar o lago, ascéndese por unha rampla de terra e rochas, materiais procedentes do gran derrubo do teito desa gran bóveda, orixe do pozo de 43 que se abre, xusto neste punto, sobre as nosas cabezas.


Unha vez superada esta rampla e saíndonos xa da vertical da boca superior do sistema, a galería tórnase cha, có chan de terra salpicado de pedras de menor tamaño. O ancho mantense constante mentres que o teito baixa drasticamente ata que, nos metros finais da galería convértese nunha estreita diaclasa de pouca altura.

Con respecto da vertical do pozo, e o gran lago que se forma no seu interior, debemos facer unha advertencia de seguridade a todos os visitantes da sima. Aínda que a boca do inferno se atopa rodeada por un valo protector, hai imprudentes que, guiados pola ansia de asomarse para apreciar a beleza do fondo da cavidade e das paredes verticais da sima. O

feito de saltar o valado constitúe unha enorme temeridade, non soamente polo risco de asomarse e caer senón tamén polo inestable do terreo que circunda o burato, resto do derrube que deu orixe ao pozo, e que podería, baixo o noso propio peso, colapsar en calquera momento. É máis, aínda que dende a superficie non é apreciable, si se observa durante o descenso que parte do chan firme que se atopa por dentro do valo non é tan firme xa que debaixo dese manto de terra e vexetación non hai nada máis que baleiro.


Por outra banda, eses intentos de achegarnos para acadar ver o fondo resultan vans xa que as paredes da sima forman unha pequena barriga que impide que se vexa o fondo por moito que nos asomemos.

Advertencias á marxe, é indubidable que o Burato do Inferno constitúe un auténtico tesouro natural, un reclamo para os visitantes da illa e un elemento fundamental que contribúe a engrandecer a beleza do seu entorno.



Espeleólogos de Espeleo Club Aradelas topografiando a galería final, que contrasta có resto da cavidade polas súas reducidas dimensións tanto de alto como de ancho.

Fotografía: Beatriz Bruna Quintas (Espeleo Club Aradelas)



Valado de protección da boca superior da sima do Burato do Inferno. Na fotografía, un equipo de Espeleo Club Aradelas durante un simulacro de rescate en 2009.

Fotografía: Beatriz Bruna Quintas (Espeleo Club Aradelas)

FONTES BIBLIOGRÁFICAS:

- Catálogo de furnas marinhas del Parque Nacional de las Islas Atlánticas de Galicia / Espeleo Club Aradelas ; dir. José Higinio Díz Díos
- Catálogo de furnas do litoral pontevedrés / José Higinio Díz Díos; Raúl Ríos Basadre
- Cíes y Ons, la ruta de las islas / Estanislao Fernández de la Cigoña .- Vigo : Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía , 1991



BUEU

Leña Verde

ZONA PEATONAL BANDA DO RÍO


Teléfono: 986 323 483



LÉXICO MARIÑEIRO E DICIONARIOS: XÁBEGAS, TRAINEIRAS E OTRAS VERBAS

Por: Francisco Calo Lourido

No número anterior desta revista Aunios ocupeime de facer notar as diferenzas entre peirao e muelle, palabra esta última proscrita nos dicionarios da nosa lingua e eliminada dos textos con afouteza polos correctores terroristas das editoriais galegas. A palabra peirao case chegou a desaparecer da linguaxe popular e recoñezo que eu, que me criei entre xentes de mar, non a coñecín ata chegar a Pontevedra, hai xa moi ben anos. Tal vez porque peirao soa raro, a algúns semelloulle que tiña entidade suficiente como para se apoderar da sustancia do elemento muelle e pasar a nomealo. Parece que dicir peirao é coma sermos máis galegos.



Hai uns días andei revisitando o muelle da Covasa en Aguiño, punto citado nas cartas e derroteiros, palabra esta tamén proscrita nos dicionarios, os cales, baixo a pretensión de expurgar o léxico castelán en termos náuticos deixan o galego na espíña, ata tal extremo que, se obrigasen a un vello mariñeiro a cumplir a normativa, desbotando castelanismos (ou falsos castelanismos, porque non todo o léxico mariñeiro se tería inventado en Valencia, Santander ou Valladolid; algúm tamén aportariamos os galegos ao español, digo eu) e vulgarismos, case ficaría mudo. Por citar un só, leo no Gran Dicionario Xerais que derroteiro é o mesmo que derrota e que esta significa na primeira acepción: "Rumbo ou rota que leva un barco". Non se decataron os autores de que derroteiro é outra cousa, de que se trata dun caderno que cada patrón ía confeccionando a base de anotar posta a posta de pesca para que lle servise de recordatorio e para llo deixar ao fillo en herdanza. Eu teño un par deles da miña familia.

Con respecto aos vulgarismos, aínda non rematei de entender a razón pola que hai que dicir gaivota (ghavota) e non gavota (ghavota) por moito que veña do latín *gavia* e queiramos facer unha metátese; ou por que dicimos mexillón,


malia se asimilar máis ao español, cando moita xente de mar sempre dixemos mexilón, más acorde co seu nome científico *mytilus galloprovincialis*. Se os do Son tomamos badeixos, que por certo foron eloxiados polo rei Carlos III, en escrito do seu secretario Conde de Floridablanca, e se fomos talvez o principal porto de volanteiras (sen entrar agora en polémicas coa Guarda ou a Pobra do Caramiñal), por qué temos que dicir abadexos, porque a algúm iluminado se lle ocorreu emparentalo con abade. A etimoloxía de Corominas semella que a fixo estando na brincadeira. Eu morrerei dicindo, na fala, badeixo, aínda que na escrita mo corrixirán sempre. A fin de contas, se lle tiramos o "i", os portugueses e máis eu chamámoslle igual ao *pollachius pollachius*, e os mellors manuais sobre peixes que se fixeron en Galicia, empregan igualmente o nome de badeixo. Non sei se terá algúna importancia á hora de quen debería de crismar un peixe o feito de que, a principios do século XIX, de 1 345 quintais que se pescaron no total dos 71 portos que se citan en toda Galicia, 500 correspondieron a barcos do Son, o que resulta o 37,1 % (Paz, 1958).

Non se trata de facer aquí un dicionario maldito e paralelo aos oficiais, pero talvez non sobre recomendar aos autores desta caste de obras un mínimo de información na tan rica e importante, para a nosa terra, cultura piscatoria ou haliéutica. Remato, pois, estes exemplos engadindo dous máis. Por razóns socioeconómicas, vemos como proliferan asociacións de redeiras e novas sobre elas. Podo asegurar que, cando menos nas Rías Baixas, as mulleres que exercen ese oficio nunca se chamaron así. Sempre foron atadoras, entre outras cousas, porque elas non tiñan -nin teñen- como función principal facer redes, senón atar e reparar os rachos que as xa feitas traían do mar. Por suposto que tamén as armaban, verba coa que se designa o feito de xunguir as trallas por medio das angolas (palabra esta que figura con letriña pequena e cunha definición inexacta no mesmo dicionario) aos panos de rede; pero o nome das mulleres -os homes tamén podían axudar, se sabían, pero non era traballo propio deles- sempre foi o de atadoras.

Alguén tiña que facer as trallas e os cabos, as betas, os calamentos, as xaretas, os calóns, etc. É dicir, toda a cordame dos barcos, sen entrar agora nas enxarcias e demais aparellos da navegación a vela, cordas incluídas, pois, contra o que se di, no mar había máis cordas cas dos reloxos. De feito, os que facían todo o anterior eran, en español, os *cordeleros*, polo que en galego pode parecer aconsellable dicir cordeiros, aínda que se confunda cun animaliño laúdo. Só quero apuntar que, cando menos no Porto do Son e na Guarda, eran chamados

cordieiros (e novamente se me subliña de vermello a verba). Unha veciña miña do Son tiña como nome de familia Cordieira e antóllaseme máis correcto este nome, do mesmo xeito que os portugueses chaman a estes artesáns cordoeiros, deixando cordeiro para o animaliño.

Volvo ao primeiro e retomo o que empecei a dicir sobre o muelle da Covasa, do que o *Derrotero de la costa NW de España* di "... está la **caleta de Covasa**, pequeño entrante fácil de reconocer por su fondo de playa y por una fábrica en ruínas que hai en ella, y digna de mención, porque su extremo N sirve de marca para el temible bajo llamado Meixón de Vigo". Sempre se lle chamou muelle da Covasa á obra que hai alí, se ben nas últimas publicacións que falan del xa lle chaman peirao. Curiosamente, o que hoxe vemos alí, non é un muelle, senón un embarcadoiro e, polo tanto, un peirao, o que ignoro é cómo lle chamaron cando foi feito. Do que non dubido é de que non foron os fenicios os que o fixeron, e calquera que estea afeito a mirar este tipo de construcións, está a ver un embarcadoiro de aparello ciclópeo ben careado e encastrado, como tantos outros dos que os cataláns mandaron facer, sobre todo ao longo do século XIX, para servizo dos seus almacéns de salga.




Xábega secando den Vagueira

Cando os cataláns chegaron ás nosas costas, amais de coñecementos técnicos de salga con prensado e extracción de saín, aportaron novos aparellos, como o palangre, que toma o relevo dos tradicionais espineis (outra verba que non recollen os dicionarios, agás o de Eladio Rodríguez, xa citado no artigo anterior), ou a xábega, aparello de arrastre tan produtivo como criticado, atacado, prohibido en diferentes épocas e, hoxe, desaparecido na nosa costa. Podemos dicir que sobrevive nos areais da costa portuguesa e, en Galicia, nos seus descendentes máis cativos, caso do boliche, do bou ou da rapeta, só permitidos nalgúns ríos (Calo, 1997: 295-317). Despois de que algúns tivésemos publicado moitas páxinas sobre a xábega, alguén decidiu que esta verba había que escribila con "v". A ortografía galega disque está baseada no étimo, de aí que sexa *voda* e non *boda*, *avogado* e non *abogado*, etc. Certamente abondan as excepcións e nunca souben moi ben por que unha pesca vende a pesca e non a

pésca; pero agora vaiamos á xábega, que en portugués escriben con "v". Este aparello leva o nome xenérico de rede en árabe ('šábaka') e, como se sabe, nesa lingua so existe un signo para a letra "b", compartido co "p". Lembro cando andei en clases de árabe que, ao escribir o meu hypocorístico, tanto mo lían Paco como Baco e, nos libros de historia moderna o mesmo lemos Alí Baja que Alí Pachá para se referir a aquel mariño que tantos problemas causou a España.

Pasou este aparello ao sur de Francia, onde se copiou foneticamente o nome, e de aquí, aparello e nome entran, no século XVII en Cataluña, onde lle chamaron "xabec". De Cataluña pasou ao resto de España, chamándose inicialmente "xábega" ou "xábec" e castelanizando despois en "jábega" (Cfr. Díaz, 1885: 46) e, na segunda metade do século XVIII, despraza en Galicia as traíñas e crísmase co nome de xábega. Así figura nos primeiros dicionarios, mesmo no de Xerais, ata que se decidiu que, á portuguesa, quedaría mellor con "v" e, xa no grande dicionario desa editorial (dos mesmos autores), muda o "b" en "v". Eu seguirei a escribir segundo a etimoloxía, e así doulle algo que facer ao corrector dos meus textos.

Nas fins do século XIX, chegou á costa galega unha nova embarcación que traballaba cun tamén novo aparello. Orixinaria de Euskadi foise espallando polos portos do Cantábrico ata que chegou a Ribadeo. Unha vez que entrou en Galicia, desprazou un barco que traballaba nos portos do norte e que se coñecía como traíña ou traíñón. Pouco despois irá facendo o mesmo cos das Rías Baixas; pero agora estamos a ocuparnos de nomes e non de tipos. As traíñas eran aparellos moi antigos da familia das sacadas ou, para entendérmonos, artes de arrastre sen copo; pero a embarcación que chegou sobre 1900 a Galicia, trouxo unha arte totalmente diferente. Era un aparello de cerco que, para algúns autores, foi inventado en EE.UU., e que tiña a particularidade de levar unha xareta que pasaba por unhas argolas xunguidas á tralla do chumbo e que, cobrando dela, pechaba todo o aparello pola parte inferior, co que se formaba un verdadeiro cerco flotante. Este aparello entrou aquí co nome de traíña, idéntico ao que xa coñeciamos. Pero o barco co que se traballaba era a trainera,



Xareta e argolas

nome que se supón derivaba dun anterior aparello do Cantábrico chamado traína que tiña unhas características morfolóxicas semellantes ás sacadas ou traínas.

O que entra en Galicia é un barco chamado trainera cun aparello chamado traína, o que deixa ben ás claras que, malia o parecido, son dous nomes que non están directamente emparellados.

O 19 de abril de 1913, o portugués António Andrade mercou unha destas embarcacións en Vigo e levouna para Peniche, co que as traineras vascas penetran tamén en Portugal. Levou tamén o aparello, a traína e “um entendido ‘para ensinar a pescar pelo novo proceso”. Ese mesmo ano, o porto de Peniche importou 12 traineras más e, ao ano seguinte, xa se fabrican alí, copiando o modelo, polo que se chaman “traineiras tipo Vigo” (Cfr. Filgueiras, 1994). Varios anos antes, en 1884, entrrou no Algarve o aparello chamado cerco americano. En Portugal adoptaron o nome de trainera (tanto para o barco como para o aparello, usándoo como sinónimo de traína); pero moi rapidamente adoptaron o nome de cerco americano para o aparello, que pasou a chamarse así ou cerco de retenida, designando esta palabra o efecto da xareta. O que si fixeron

barcos do cerco, dicimos que está a saír o cerco; pero, se un armador decide cambiar de artes e transformalo en palangreiro, xa non se chama cerco. O aparello sempre será cerco, pero o barco non.

Os mariñeiros galegos non aproveitaron, como os anteriores, o nome para os barcos sucesivos, polo que a palabra trainera caeu en desuso e nin tan sequera chegou a evolucionar ditongando. Nos nosos portos de mar, a trainera sempre foi trainera e así quedou no recorde dos vellos, que, obviamente, “disque son analfabetos no seu oficio”.

Cando algúns portos de Galicia decidiron entrar nas regatas de traineras, a alguén lle debeu de parecer mellor facer derivar trainera de traína (e non de traína) e principiar a chamarlle traiñeira, algo que nunca fixera ningún dos que traballaron nelas. Aínda lles pareceu pouco este cambio que deron en lle chamar co nome do aparello, o que sería lícito, se o levasen a bordo para traballar con el; pero coido que serviría de atranco en plena competición, e xa dixemos que cando un barco cambia de aparello abandona o seu nome. O que lle chamou traína, con tanto éxito, non era precisamente home de mar, ou procurou un diferencialismo gratuito. Outros, os

autores de dicionarios, conformáronse con imponer o nome de traiñeira. Aos portugueses, que si conservaron o nome ata hoxe e que non tiñan que mostrar diferencialismo ningún, chegoulles con ditongar e dicir traiñeira.

Eu prometín que nunca irei máis alá de traiñeira. Xa se encargan os correctores terroristas de me introducir un “ñ” absurdo, cando, no fondo, tería máis senso, polo dito antes, chamarlle traína, sempre e cando levara o aparello a bordo.

Trainera



os portugueses foi ditongar o nome do barco, coñecéndose xa desde os inicios como traiñeira. Así pois, as traineiras traballan cos cercos americanos ou de retenida. A partir de aí, o nome de traiñeira vaise manter para tódalas embarcacións de baixura que teñan un certo tamaño, incluídos os actuais barcos do cerco con todo tipo de aparellos electrónicos. Tamén no Cantábrico outros barcos actuais herdaron o nome de trainera.

En Galicia, as traineras iniciais tiveron pouca vida laboral, ás veces falsamente esaxerada pola cantidade de pleitos e liortas que ocasionou a súa chegada entre os xeiteiros. É ben sabido que, cando un barco traballa a un oficio concreto pode ser nomeado co nome do aparello. Sen saír da pesca da sardiña pensemos nos antigos traíñons (rede e barco) do norte, no xeito (rede e barco), sobre todo das Rías Baixas, ou do cerco (rede e barco) que se emprega actualmente. Cando saen os

BIBLIOGRAFÍA.

- CALO LOURIDO, Francisco (1997): “Da sacada ó boliche, o caso de Raxó na ría de Pontevedra”. In *Actas do III Congreso de Historia da Antropoloxía e Antropoloxía Aplicada*. C.S.I.C. Santiago de Compostela, pp. 295-317.
- DÍAZ DE RÁBAGO, Joaquín (1885): *La industria de la pesca en Galicia. Estudio sociológico*. Santiago.
- FILGUEIRAS, Octávio Lixa (1994): *Traineiras*. CTT Correios de Portugal, S.A. Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa.
- INSTITUTO HIDROGRÁFICO DE LA MARINA (1993): *Derrotero de la costa NW de España que comprende desde la Estaca de Bares al río Miño*. Cádiz, p. 216.
- PAZ ANDRADE, Valentín (1958): *Sistema económico de la pesca en Galicia*. Ed. Citania. Bos Aires.

NOMES TRADICIONAIS DE AVES DO SALNÉS

Por: Cosme Damián Romay Cousido

Meloxo, 14. CP 36980 O Grove (Galicia). E-mail: cdromay@gmail.com

O presente artigo é un dos primeiros froitos do proxecto do *Atlas de nomes vernáculos de Galicia e comarcas veciñas*, coordinado polo autor destas liñas e auspiciado pola Sociedade Galega de Ornitoloxía. Tanto o *Atlas* como este artigo naceron co propósito de obter unha visión fiable e completa da nomenclatura tradicional (vernácula) das aves en galego, con base á realización de entrevistas a habitantes de aldeas e vilas de Galicia e comarcas veciñas de Asturias, León, Zamora e extremo norte de Portugal.




Figura 1. Puntos onde se recolleron nomes tradicionais de aves (2004-2010). *Concello do Grove:* 1: San Vicente do Grove, 2: Balea, 3: A Gandariña (Reboredo), 4: Porto de Meloxo, 5: Meloxo, 6: O Grove. *Concello de Sanxenxo:* 7: A Revolta, 8: O Carballo (Gondarío), 9: Portonovo. *Concello de Meis:* 10: Armenteira. *Concello de Meaño:* 11: San Miguel de Lores, 12: Dena. *Concello de Cambados:* 13: O Couto de Abaixo, 14: San Sadurniño, 15: Santo Tomé. *Concello de Ribadumia:* 16: Ponte Arnelas. *Concello de Vilanova de Arousa:* 17: Vilanova de Arousa. *Concello de Vilagarcía de Arousa:* 18: Castro Gudín; 19: Carril; 20: Moroi (límite co concello de Catoira). O raiado vertical corresponde ao Parque Nacional das Illas Atlánticas (arquipélago de Cortegada), e o diagonal ao Lugar de Importancia Comunitaria "Complexo Ons-O Grove". O sombreado gris escuro corresponde aos concellos doutras comarcas. Cartografía: elaboración propia a partires de SITGA (2009)

Para o presente artigo, o autor recolleu nomes tradicionais de aves en 20 puntos da comarca do Salnés (suroeste de Galicia; **figura 1**). Aínda que se obtiveron algúns nomes xa desde o ano 1996, as entrevistas foron realizadas entre 2004 e 2010, cun especial esforzo a partir de 2007. En 2003 elaborouse un protocolo de actuación á hora da recollida de nomes (similar ao de Villarino *et al.*, 2002), que implicou o contacto e a conversa cordial cos veciños ou veciñas de máis idade dunha aldea ou vila, e a obtención dos seguintes datos: a) se naceron nesa aldea ou vila; b) se pasaron algún tempo en comunidades castelanfaltantes (p.ex. para os homes durante servizo militar); c) se foron ou son afeccionados á caza ou á pesca (ou á natureza en sentido amplo); d) se se dedicaban ou dedicaban á gandería ou á agricultura; e) se tiveron ou teñen achegados ou coñecidos que cumpran os apartados anteriores.

De seguido, fórone recollendo os datos que o entrevistado ía fornecendo, tanto sobre si mesmo como os nomes e características de cada unha das aves que coñece.

Nas localidades da costa, debido ao turismo e á inmigración, hai unha maior presenza de castelanismos na fala se a compararmos con zonas do interior; porén, tívose especial coñecido en identificar estes nomes non galegos e anotálos á marxe.

Recopilaronse 675 nomes tradicionais de aves nesas 20 localidades, aos que habería que sumar 30 publicados en Enríquez (1974) e Ríos Panisse (1983). Tamén houbo 14 vernáculos descoñecidos (VD), isto é, ave coñecida polo informante, pero da cal non lembrou o nome tradicional




Figura 2. Xuvenil de mazarico rubio (*Limosa lapponica*) na ribeira da ría de Arousa. Na costa do Salnés as limícolas de bico longo son coñecidas como mazaricos (con seseo) e biluricos/bilduricos.

durante a entrevista. A localidade con máis nomes compilados foi a vila do Grove, con 84, seguida de Portonovo, con 69 vernáculos. Os resultados completos, cos 719 nomes tradicionais de aves están detallados na **táboa 1**.

Tívose especial coidado na transcripción dos nomes, anotando vogais abertas e pechadas e a presenza de gheada e seseo, rasgos lingüísticos aínda vivos na fala do Salnés e que caracterizan as denominacións tradicionais dalgúns aves (**figura 2**).

Aínda que moitos dos vernáculos recollidos corresponden a especies concretas, para outros casos só foi posible asignar un nome tradicional a unha familia de aves. Así, por exemplo, a familia Paridae (ferreiriños) conta cun total de catro especies nidificantes na comarca do Salnés (*Parus ater*, *P. major*, *P. cristatus* e *P. caeruleus*). Recolléronse un total de catro nomes diferentes, dos cales un é assignable en exclusiva a *P. major* (picaporte, obtido en

San Miguel de Lores) e os outros tres son xenéricos para *Parus*: ferreiriño, ferreiro e abelleira. Houbo nomes para esta familia Paridae en seis das 20 localidades con datos.

Obtívose tamén información sobre utilización de denominacións de aves, especialmente para nomes de embarcacións e establecementos comerciais e hostaleiros (**figura 3-8**).

A modo de conclusión, subliñar a interese en recompilar os nomes tradicionais de aves e doutros seres vivos antes de que se perdan (algúns informantes faleceron durante o período considerado neste traballo; **táboa 2**). O autor agradece aos lectores de *Aunios* o envío de máis nomes tradicionais de aves (e doutros animais) en calquera punto da comarca do Salnés aos enderezos: atlas@sgosgo.org e edromay@gmail.com, para unha eventual revisión e ampliación deste traballo.



Figura 3. Barco pesqueiro no porto do Grove, de nome “Arau tres”. A denominación arau/arao está relacionada con varias especies da familia Alcidae.




Figura 4. Pequeno bote na praia do Porto de Meloxo, O Grove, de nome “Garza”.




Figura 5. Garza real (*Ardea cinerea*).




Figura 6. Restaurante en Vilanova de Arousa, de nome “O Paspallás”. Esta denominación é a propia do *Coturnix coturnix*, especie antiguamente moi estendida por cultivos de cereais de todo o Salnés e actualmente raro na comarca.




Figura 7 (esquerda). Establecemento comercial na illa da Toxa, O Grove, denominado “Gaivota”. **Figura 8 (dereita).** Vivenda bautizada como “A Gaivota” na vila de Sanxenxo. Este vernáculo é moi popular para varias especies da familia Laridae.

Referencias

- Conde Teira, M. Á. 1999. Nomes galegos para as aves ibéricas: lista completa e comentada. *Chioglossa* 1: 121-138. Grupo Naturalista Hábitat.
- Enríquez, M. C. 1974. Léxico de O Grove. *Verba* 3: 1-168. Universidade de Santiago de Compostela.
- Ríos Panisse, M. C. 1983. Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. II. Mamíferos, aves y algas. *Verba*, anexo 19: 1-118. Universidade de Santiago de Compostela.
- SITGA. 2009. *Cartografía de Galicia*. URL: <http://sitga.xunta.es/cartografia/> [con acceso: 01/01/2011].
- Villarino, A; González, S. & Bárcena, F. 2002. *Vertebrados da Limia dende a lagoa de Antela ós nosos días. Volume I - Aves: Gaviiformes a Piciformes*. Limaia produccions. Sandiás. 304 pp.

Fotografías

Cosme Damián Romay Cousido



Táboa 1. Nomes tradicionais de aves recollidos en diferentes concellos da comarca do Salnés (O Grove, Sanxenxo, Meis, Meaño, Cambados, Ribadumia, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa). Claves empregadas: g, gu: gheada, como a letra *j* castelá; c, z: seseo, como a letra *s*; e: *e* pechado; e: *e* aberto; o: *o* pechado; o: *o* aberto. VD: vernáculo descoñecido (ver texto principal).

Familia	Especie(s) / xénero(s)	Nome galego (oficial, Conde Teira, 1999)	San Miguel de Lores	Dena	O Couto de Abaixo	Santo Tomé	San Sadurniño	Ponte-Arnelas	Vilanova de Arousa
			Meaño	Meaño	Cambados	Cambados	Cambados	Ribadumia	Vilanova
			Parrulo	Parrulo	Pato	Pato	Pato do marr		
Anatidae									
Anatidae	<i>Anas platyrhynchos</i>	Lavanco							
Anatidae	<i>Anas platyrhynchos</i>	Lavanco							
Anatidae	<i>Melanitta nigra</i>	Pentumeiro							
Anatidae	<i>Melanitta nigra</i>	Pentumeiro							
Anatidae	<i>Mergus serrator</i>	Mergo cristado							
Phasianidae	<i>Tetrax tetrax</i>								
Phasianidae	<i>Coturnix coturnix</i>	Paspallás	Perdiz						
Phasianidae	<i>Phasianus colchicus</i>	Faisán	Paspalás						
Gavidae	<i>Gavia</i>	Mobella	Faisán						
Podicipedidae	<i>Tachybaptus ruficollis</i>	Mergullón pequeno							
Procelariidae	<i>Calonectris diomedea</i>	Pardela cincuenta							
Procelariidae	<i>Puffinus</i>	Furabuchos/Pardela							
Hydrobatidae	<i>Hydrobates pelagicus</i>	Paiño pequeno							
Hydrobatidae	<i>Hydrobates pelagicus</i>	Paiño pequeno							
Sulidae	<i>Xema sabini</i>	Mareca							
Phalacrocoracidae	<i>Phalacrocorax</i>	Corvo mariño							
Phalacrocoracidae	<i>Phalacrocorax</i>	Corvo mariño							
Ardéidae	<i>Egretta garzetta</i>	Garzota							
Ardéidae	<i>Ardea cinerea</i>	Garza real	Garza blanca						
Ardéidae	<i>Ardea cinerea</i>	Garza real	Garza blanca						
Ciconiidae	<i>Ciconia ciconia</i>	Cegóna branca							
Accipitridae									
Accipitridae	<i>Accipiter gentilis</i>	Azor							
Accipitridae	<i>Accipiter nisus</i>	Gabián							
Accipitridae	<i>Buteo buteo</i>	Mifato							
Falconidae	<i>Falco tinnunculus</i>	Lagarteiro	Sapeiro						
Haematoxopodidae	<i>Haematoopus ostralegus</i>	Gabita	Rapinha						
Charadriidae	<i>Vanellus vanellus</i>	Avefría							
Charadriidae	<i>Cheradrius hiaticula</i>	Pillara real							
Scolopacidae	<i>Calidris/Tinga</i>	Piropo/Bilurico							
Scolopacidae	<i>Galinago gallinago</i>	Becacina							
Scolopacidae	<i>Scolopax rusticola</i>	Arcea							
Scolopacidae	<i>Numenius/Limosa</i>	Mazarico							
Scolopacidae	<i>Tringa</i>	Bilurico							
Scolopacidae	<i>Tringa</i>	Bilurico							
Scolopacidae	<i>Tringa</i>	Pilucco							
Scolopacidae	<i>Arenaria interpres</i>	Virxe das pedras							
Stercorariidae	<i>Stercorarius</i>	Palleiro							
Laridae	<i>Larus</i>	Galvota							
Laridae	<i>Larus</i>	Galvota							
Laridae	<i>Larus (grandes)</i>	Galvota							
Laridae	<i>Larus (pequeñas)</i>	Galvota							
Sternidae	<i>Sterna</i>	Carán							
Alcidae	<i>Alca torda</i>	Carolo							
Alcidae	<i>Alca torda/Uria aalge</i>	Carolo/Arao							
Columbidae	<i>Columba palumbus</i>	Pombo							
Columbidae	<i>Columba palumbus</i>	Pombo							
Columbidae	<i>Columba palumbus</i>	Pombo das rochas							
Columbidae	<i>Streptopelia decaocto</i>	Rula turca	Rula portuguesa						
Columbidae	<i>Streptopelia turtur</i>	Rula	Rula						
Psittacidae	<i>Myiopsitta monachus</i>	Cata							
Cuculidae	<i>Cuculus canorus</i>	Cúco							
Tytonidae	<i>Tyto alba</i>	Curuxa							
Tytonidae	<i>Tyto alba</i>	Curuxa							
Strigidae	<i>Athene noctua</i>	Mouscho							
Strigidae	<i>Athene noctua</i>	Mouscho							
Strigidae	<i>Strix aluco</i>	Avelalona							
Caprimulgidae	<i>Caprimulgus europaeus</i>	Avenoiteira cinagenta							
Apodidae	<i>Apus</i>	Cirrilo	Rondalla						
Alcedinidae	<i>Alcedo atthis</i>	Picapeixe							
Upupidae	<i>Upupa epops</i>	Bubela	Bubela						
Upupidae	<i>Upupa epops</i>	Bubela	Bubela						
Picidae	<i>Picus viridis</i>	Peto verde							
Picidae	<i>Dendrocopos major</i>	Peto real							
Alaudidae	<i>Lullula arborea</i>	Cotovia pequena							
Alaudidae	<i>Alauda arvensis</i>	Laverca							
Hirundinidae	<i>Hirundo rustica</i>	Andriña	Golondrina						
Hirundinidae	<i>Hirundo/Delichon</i>	Andriña	Anduriña						
Motacillidae	<i>Alaudala arvensis</i>	Picas dos prados							
Motacillidae	<i>Motacilla</i>	Lavandeira	Lavandeira amarela						
Motacillidae	<i>Motacilla flava</i>	Lavandeira amarela	Lavandeira real						
Motacillidae	<i>Motacilla cinerea</i>	Lavandeira real	Lavandeira branca						
Motacillidae	<i>Motacilla alba</i>	Lavandeira branca							
Trochilidae	<i>Trochylodes troglodytes</i>	Carriza							
Trochilidae	<i>Trochylodes troglodytes</i>	Carriza							
Prunellidae	<i>Prunella modularis</i>	Avencinho							
Cinclidae	<i>Cinclus</i>	Mario negro							
Turdidae	<i>Erithacus rubecula</i>	Paporrubio	Paparroiro						
Turdidae	<i>Luscinia megarhynchos</i>	Rousinol	Reiseñor						
Turdidae	<i>Saxicola torquatus</i>	Chasco	Chasco						
Turdidae	<i>Phoenicurus ochruros</i>	Rabirubio							
Turdidae	<i>Turdus merula</i>	Merlo	Merlo						
Turdidae	<i>Turdus merula</i>	Tordo	VD						
Sylviidae	<i>Phylloscopus</i>	Bebolillas	Ferreirinho						
Paridae	<i>Parus</i>	Ferreirinho	Ferreirinho						
Paridae	<i>Parus (pequeños)</i>	Ferreirinho	Ferreirinho						
Paridae	<i>Parus major</i>	Ferreirinho real	Ferreirinho real						
Aegithalidae	<i>Aegithalos caudatus</i>	Ferreirinho rabiongo							
Oriolidae	<i>Oriolus oriolus</i>	Oreal							
Corvidae	<i>Garrulus glandarius</i>	Galo							
Corvidae	<i>Garrulus glandarius</i>	Galo							
Corvidae	<i>Pica pica</i>	Pega	Pega						
Corvidae	<i>Corvus monedula</i>	Gralha pequena	Corvo pequeno						
Corvidae	<i>Corvus corone</i>	Corvo							
Sturnidae	<i>Sturnus</i>	Esterñijo	Saturnino						
Sturnidae	<i>Sturnus unicolor</i>	Esterñijo negro	Saturnino						
Passeridae	<i>Passer</i>	Pardal	Cómido						
Fringillidae	<i>Fringilla coelebs</i>	Xirín	Xilardo						
Fringillidae	<i>Sporophila senilis</i>	Verderolo	Verderolo						
Fringillidae	<i>Carduelis chloris</i>	Xilardo	Xilardo						
Fringillidae	<i>Carduelis carduelis</i>	Líñaceiro	Pardillo						
Fringillidae	<i>Carduelis cannabina</i>								
Emberizidae	<i>Emberiza</i>	Escríbenta							
Emberizidae	<i>Emberiza cirrus</i>	Escríbenta común	Escríbenta comú						

Total de especies con nomes tradicionais 27 17 32 48 49 34 8

Informe	Lugar	Municipio	Profesión	Década nacemento					Notas
				20s	30s	40s	50s	60s	
Anónimo	O Couto de Abaixo	Cambados	Labrego		•			xubilado	
Anónimo	O Couto de Abaixo	Cambados	Labrego			•		xubilado	
Anónimo	O Couto de Abaixo	Cambados	Labrego				•	xubilado	
Jesús	San Sadurniño	Cambados	Maníñeiro			•		xubilado	
José	San Sadurniño	Cambados	Maníñeiro				•	xubilado	
Manuel	San Sadurniño	Cambados	Maníñeiro				•	xubilado	
Mois	San Tomé	Cambados	Mestre				•	xubilado	
José	Dena	Mesño	Capinteiro		•			xubilado	
Anónimo	San Miguel de Lores	Mesño	Albanel		•			xubilado	
José Manuel	Armentera	Mesño	Mestre			•		xubilado	
Paco	Balea	O Grove	Labrega			•		xubilado	
Anónimo	Balea	O Grove	Labrega				•	xubilado	
José	Meloxo	O Grove	Labrego		•			xubilado	
Arturo	O Grove	O Grove	Maríñeiro			•		xubilado	
Francisco Javier	O Grove	O Grove	Maríñeiro			•		xubilado	
Francisco	O Grove	O Grove	Maríñeiro				•	xubilado	
Sr. Fontoura	O Grove	O Grove	Tendeiro			•		xubilado	
Francisco	O Grove	O Grove	Maríñeiro			•		xubilado	
Monchito	Porto de Meloxo	O Grove	Maríñeiro			•		xubilado	
Ramón	Porto de Meloxo	O Grove	Maríñeiro			•		xubilado	
Manuel	Porto de Meloxo	O Grove	Maríñeiro			•		xubilado	
Arturo	Porto de Meloxo	O Grove	Maríñeiro			•		xubilado	
José Ricardo	Porto de Meloxo	O Grove	Maríñeiro			•		xubilado	
Luis	Porto de Meloxo	O Grove	Maríñeiro			•		xubilado	
Manuel	Porto de Meloxo	O Grove	Maríñeiro			•		xubilado	
Ramón	Porto de Meloxo	O Grove	Maríñeiro			•		xubilado	
Sr. Ochoa	Reboredo	O Grove	Maríñeiro			•		xubilado	
Ramón	Reboredo	O Grove	Maríñeiro			•		xubilado	
Pape	Porta Amellas	Ribadumia	Mestre			•		xubilado	
Angel	A Revolta	Sanxenxo	Condutor bus			•		xubilado	
Casimiro	O Carbalo	Sanxenxo	Labrego			•		xubilado	
Emilio	Portonovo	Sanxenxo	Maríñeiro			•		xubilado	
Anónimo	Castro Gudín	Vilagarcía de Arousa	Labrego			•		xubilado	
Anónimo	Castro Gudín	Vilagarcía de Arousa	Maríñeiro			•		xubilado	
Felipe	Moroi	Vilagarcía de Arousa/Catoira	Maríñeiro			•		xubilado	
Genricha	Moroi	Vilagarcía de Arousa/Catoira	Non fornecida			•		xubilado	

Táboa 2. Relación dos informantes do presente traballo.



A ESCOLA NO GROVE EN TEMPOS DA II REPÚBLICA. (1931-1936)

Por: Andrea Fernández Iglesias

O eido da escola foi sempre vinculado aos tempos que lles tocou vivir. O conxunto dos personaxes, tales coma o mestre, os alumnos e os pais, este tipo de figuras, conforman o que dende sempre se entendeu por, a escola.

Foi neste lugar onde se establece, unha interrelación entre os valores adquiridos no seo da familia e o que aporta o mestre, co seu coñecemento e empeño, en administrálos, para que deixen pegada no seu alumnado, sendo un dos piares básicos na formación dos futuros homes e mulleres do país.

Nos albores do século XX, a educación era accesible só para minorías, sempre cun paralelismo á situación socioeconómica dos seus proxenitores. Isto era debido ás carencias e necesidades económicas e ás profundas desigualdades sociais existentes na época. Era costume que, a pouco que os cativos botasen corpo e minimamente se defenderan no falar, ler e na escritura, foran arrincados dese ámbito máxico, que era a escola, cheo, case que a diario, de cousas novas, coñecementos de regras e costumes,... que, con moito afán, os mestres/as, cos medios que dispoñían, cubrían co seu labor. Con idades de 7 anos en diante os nenos abandonaban a súa infancia, e sumíanse no mundo do traballo, coa finalidade de axudar aos pais.

En concreto no pobo de O Grove, e no caso dos nenos, dende moi novos, aprendían o oficio do mar mentres que elas, as nenas, axudaban nas tarefas do fogar, tamén nas catro fincas que había, coidando dos más cativos ou servindo noutras casas. Esta era a forma mais común do paso da infancia á madurez,

truncándose así, na grande mayoría dos casos, as posibilidades de acadar unha mellor formación. Factores coma as grandes taxas de analfabetismo existentes na época, a necesidade dunha educación máis expandida e acorde cos tempos e a decisión do goberno da implantación de novas escolas, son as tres principais razóns que levan, en tempos da II República, á creación de toda unha armazón lexislativa, coa finalidade de levar a cabo unha serie de reformas e, entre elas, a necesidade dunha educación para todos, co obxectivo principal de acadar a mínima taxa de analfabetismo na sociedade.

Este soño é unha excepción no medio urbano, aínda que os resultados nos pobos pequenos e aldeas que salpican a Xeografía Galega, tanto na costa coma no interior son diferentes, pois as miserias e necesidades viñan parellas.

Contaba O Grove, no arranque do século XX, con dúas escolas unitarias. As dúas, na parroquia máis poboada, a de San Martiño. Estas atendían ás necesidades da educación por distinción de sexo, unha de rapaces e a outra para as rapazas. En 1925 sendo Alcalde D. Xaquín Álvarez Lores a escolaridade dos rapaces de O Grove tiña que atender as necesidades de 567 cativos sen estudos, os cales non tiñan medios para acadar as primeiras ensinanzas. Os mestres tan só poderían ter ao seu cargo unha ratio de oitenta nenos; eran pois necesarios novos mestres para atender a tal demanda, acadando neste intre a necesidade de construír dúas escolas máis, así como a reforma das dúas existentes, debido ao mal estado na que se atopan.



Escola de D. Jacobo. O Corgo. Antiga casa de Renfe



Grupo de alumnos. Escola de D. Claudio. 1928



Escola de S. Vicente. Os Campos. Arousa. 1931

AGRADECIMENTO Á:



XUNTA DE GALICIA

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN
DO PLAN XACOBEO

Corre o ano 1928 e o concello de O Grove, pretende ademais instalar unha Escola Nacional definitiva, ofrecendo un local na rúa do Con, determinándose a necesidade da creación da escola nacional do Pósito, para fins de ensino xeral. Entrado o ano 1930, a corporación co seu alcalde á cabeza, o Sr. D. Antonio Aguiño Pérez, decide levar a término a reparación das escolas unitarias. Ademais unha R/O publicada en 1927 obriga a converter en escola nacional a que ata o de agora era do Pósito Marítimo, sendo ademais de necesidade máis locais para instalar escolas, unha vivenda para o mestre, ou ben a gratificación correspondente, e cubrir a amplia necesidade de material escolar. Acádase todo isto no ano 1931 sendo alcalde D. Francisco Otero Goday, cando varios veciños da vila ceden casas da súa propiedade para tal propósito.

Tamén nese mesmo ano conséguense no pobo as catro escolas, sitas na rúa Peralto, e na chamada praza D'Arriba ou do mercado, e outra na rúa Luís A. Mestre, cerca de seis anos despois da orixe das intencións educativas; ademais constrúese outra escola con vivenda incluída na parroquia de San Vicente, esta de carácter mixto, xa no ano 1931.

Os nenos/as acudían ás escolas de luns a sábado cun horario comprendido entre as 9 da maña e ás 12 e outra vez pola tarde de catro ata ás oito, tendo tan só os domingos fóra da escola, aínda que existía a opción - obriga de dedicálos aos requirimentos eclesiásticos.

No que atende ás características das escolas, soían ser locais de planta baixa, a maioria sen divisións, tratándose de locais a voo, onde o mobiliario era básico como o escritorio do mestre e a súa cadeira, e longas mesas de madeira con bancadas comúns, a lo menos ata o ano 1931, no que se empezaron a usar as mesas e bancadas para cada dous nenos; soían ter tamén , armario, colgadouros, pizarra e, nalgún caso, unha pequena librería. Era tamén salientable o material iconográfico, habitualmente crucifixos e cadros do rei de España. A partir do ano 1931, co cambio político do país estes substitúense por láminas da República, selo e o escudo da escola, bandeiras e cadros da República.

Como material didáctico os nenos empregaban as plumas de tinta, taboleiros, contadores, *pizarrillos*, corpos de carpintería, pizarras, caixas de escaiola, cadernos e mesmo utensilios como máquinas de coser nas escolas dedicadas ás nenas; estas últimas eran un complemento das clases para cubrir a aprendizaxe das tarefas do fogar. Estas escolas estaban dotadas de cadernos de lectura, escritura e contas, ademais de exemplares sobre escritura, historia, linguaxe coñecido como o "Silabario", cadernos de debuxo así como diferentes mapas de xeografía española, europea e ás veces tamén tiñan esferas terrestres.

Existían diferenzas entre a aprendizaxe dos nenos e nenas, dándoseles para elas unha educación máis básica en canto a coñecementos, céntranse moito nos labores domésticos, como a costura, ler, escribir, sumar e restar, labores do fogar etc. Eles, os nenos, teñen materias máis didácticas centrándose na instrución do home, bases dos oficios e cultura xeral, xeografía nacional e estranxeira, xa que a emigración estaba presente tamén en moitas familias.

Isto levará a cabo un incremento na escolaridade dos nenos de O Grove, que sorprende aos educadores pois, ademais de aumentar en numero, tamén aumenta no tempo que permanecen nas escolas. En 1931 a educación acada un espazo moi importante para as familias producíndose un cambio importante nos seus costumes e mesmo nas actitudes.

Entre os anos 1915 e 1936 imparten clase aos nenos de O Grove mestres/as: D. Ernesto Balanzat, D. Jose Luís Punta Vázquez. D. Marcial Besada. D. Claudio, D. Albino. Dona Hortensia Medal Filgueira, Dona Vicenta Esperón Domínguez, Dona Dolores Gomez Blanco. D. Carmelo Rei García, D. Manuel Dovalo Otero, e D. Jacobo Barral Otero.

Este último, Don Jacobo, como era coñecido, foi un home tamén destacado pola memoria do noso pobo. Elixido alcalde de O Grove no ano 1936 pouco durou no cargo, só cabe imaxinar que nese triste ano O Grove tivo a investidura de 5 alcaldes, con motivo do estoupido da Guerra Civil Española. Na súa ficha penitenciaria fanlle constar, que foi detido e encarcerado nos calabozos de O Grove e Vilagarcía e trasladado á prisión provincial de Pontevedra, tras Consello de Guerra contra el e cinco veciños máis nos baixos da Deputación Provincial e condenado a 30 anos de reclusión no lazareto de San Simón (concello de Redondela) ata o 8 de febreiro do 1938 en que o trasladan á prisión de Figueirido e cunha revisión de condena obtén unha redución da pena e queda libre o 10 de agosto de 1940.

Estas liñas pretenden acadar unha ollada cara atrás no transcorrer dessa etapa da historia co fin de coñecer como era aquela escola á que moitos dos nosos avós e avoas acudiron. Esa escola case que esquecida que tan só nos queda na memoria deles, dos vellos. Esa escola onde se obtiñan os primeiros coñecementos, onde se coñecían e facían os mellors amigos, onde moitos mestres/as marcaron a vida de tantos e tantos nenos; esa escola que, chea de recordos e anécdotas, marcaría por sempre, aos que lles tocou vivila, sumándose ás inestabilidades e cambios da época, ás fames, aos apuros, os traballo que custou acadala, e o desenlace que unha guerra truncou nese soño da escola na II república.



Escola de D. Claudio, 1950 aprox. Rúa Luis A. Mestre.



Escola de Doña Lola. Na Torre. 1930.

A CASA REITORAL DE CANEXOL.ILLA DE ONS

Por: Fernando Trigo Fontán

De novo, este ano, chamoume Tino Pardellas, coordinador desta revista, para que colaborase cun artigo e, como sempre, deume unha idea ou mellor dito “obrigoume” a que o tema fora sobre a Reitoral de Ons.

Comecemos explicando que é unha Reitoral. Segundo o diccionario que consultemos, podemos atopar dúas versións: a) <Casa onde vive o cura> e, b) <Casa, pertencente á igrexa, onde vive o cura>.

No caso da Reitoral de Ons, refírome á máis antiga sita no barrio de Canexol, a clasificaremos como: <*Casa, non pertencente á igrexa, onde vivía o cura nas súas estancias na Illa*>. Emprego as palabras “máis antiga” xa que falo da última repoboación de Ons (1810 - 2011), e neste espazo de tempo o párroco viviu en Canexol, pasou logo a ocupar outra casa no barrio de Caño e xa, a partires de 1965, tena (ou tiñaa) no lugar de Curro.


Para este pequeno artigo, non vou a entrar en etapas anteriores ao ano 1810, aínda que sabemos, pola documentación existente, que en Ons houbo igrexa, polo menos, dende o século XV, que houbo monxes ermitáns, hai a lenda dun posible mosteiro,..., existen piornos, casas, alpendres, muros,..., con pedras moi traballadas que non foron feitas para ocupar ese lugar e que puideron pertencer a edificacións máis importantes,...

Antiga rectoral de Canexol. 1974.



Cando se inician os trámites da fortificación de Ons, 17 de xuño de 1810, xorden conflitos xurídicos debido ao problema da propiedade¹ da Illa. Ao quedar resoltos, non exentos de posibles irregularidades e queda clara a propiedade a favor del Marqués de Valladares², os habitantes de Ons dedicábanse á agricultura e, en base a ela, o Marqués monta a súa economía.

Barrio de Canexol. Rectoral e piornos. 2008



Fai un estudo dos terreos e dos seus cultivadores, establece unha renda de pago segundo os ferrados traballados e crea infraestruturas para o seu desenvolvemento.

Entre as diferentes obras que realiza, reconstrúe case por enteira a pequena e ruinosa ermida que se atopaba no barrio de Canexol e, ao pé dela, constrúe unha casa de dous andares, dous enormes piornos e varias casetas para gardar os trebelloos de labranza. Non sabemos se, para o Marqués, esta casa tiña un uso exclusivo de dedicación agrícola, xa que outros documentos fan referencia a unha casa no barrio de Caño, a carón da rampla de amarre de barcos, onde pasaba longas tempadas. Do que si hai información é sobre o párroco que, cando se achegaba á Illa, ocupaba varias dependencias da casa

¹ A este respecto, consultar os magníficos traballos de Celestino Pardellas sobre a Propiedad de Ons, nos números: 14 e 15 da revista AUNIOS.

² Celestino Pardellas de Blas. “Ons: Propiedad-Administración-Vecinos. Interpretación dalgúns documentos”. Revista AUNIOS, nº 14, páxs.: 36,37. 2009.

COLABORA
ACTIVIDADES:

Concello de
Bueu



de Canexol; polo tanto, podemos considerar como a primeira Reitoral dos últimos 200 anos, esta casa de dous andares.

A finais do século XIX, o Marqués aluga as construcións que hai en Curro e alí aséntase unha familia de fomentadores



Casas nº 37 do Barrio de Caño. 1978

e monta unha fábrica de salga³. Vai ser nestes intres cando o Marqués, debido ao cambio económico que sufren os veciños de Ons, deixa a dedicación agrícola e, ainda que segue cobrando o arrendo aos illeiros, vaino facer en cartos. Anteriormente facío en especie, produtos agrícolas, e de aí a necesidade da casa -almacén e os piornos de Canexol.

Cando a fábrica de salga deixa de funcionar, arredor de 1903⁴, quedan a cargo das rendas e da Illa en xeral varios veciños que o Marqués tiña como capataces. Este é o motivo de que, á morte do Marqués, os herdeiros (Fernando Quiñones e Marina Whyte) venden as súas participacións na Illa a Marcial Bernadal (veciño de Ons que facía as veces de capataz) e a Manuel Riobó Guimeráns.

Aínda que nun principio, Marcial Bernadal, cobraba algunas das rendas en produtos agrícolas, coa montaxe posterior dunha Sociedade Mercantil por parte do Sr. Riobó dedicada á compra-venda de polbo e congro, o cobro facíase en cartos e o uso da casa de Canexol quedou xa establecido como escola na súa parte baixa e vivendas do cura e mestre/a na parte alta.

Sobre o uso como casa parroquial (Reitoral) da casa de Canexol, Margarita Riobó Serván, bisneta de Manuel Riobó, no libro publicado recentemente sobre a Illa de Ons⁵, fai referencia ao contrato de compra-venda das illas, onde unha das cláusulas dicía: "...tanto la casa conocida por el nombre de Almacén, sita en las inmediaciones del puerto de Curro (sic), en la que vive el señor Bernadal con su familia, como la llamada del Marqués, sita en la proximidad de la playa, donde está la Capilla y habita el Capellán..."

Non hai referencias claras posteriores, aínda que si, esa casa foi empregada como escola e vivenda dos mestres e do párroco ata, polo menos o ano 1945.

O seu uso como escola e vivenda dos mestres durou ata 1960, aproximadamente. Quedan enormes dúbidas do seu uso como Reitoral, xa que, as visitas dos párrocos a esta Illa da parroquia de Beluso, eran moi escasas, agás excepcións puntuais de máis ou menos longa duración.

Podemos atrevermos a sacar como conclusión do abandono desta casa como Reitoral, á pouca ou nula asistencia relixiosa que se lle prestou á Illa de Ons o que, supoño, provocaría a ocupación total das dúas dependencias da casa polos mestres, que sempre cumpriron coa súa obriga profesional agás temporais e a falla dun barco de pasaxe que provocaba tempadas de ausencia.

Isto pudo ser o que trouxo que a partires de 1940 e durante unha chea de anos o párroco, cando se desprazaba a Ons, ocupara a casa nº 37 do barrio de Caño, pasando a partires de 1965, cando o Instituto Nacional de Colonización creou o Centro Cívico en Curro, a habitar unha das dependencias anexas á nova igrexa.

En conclusión e co fin de evitar, como me pediu Tino Pardellas, que haxa malas interpretacións sobre a Reitoral en Ons, dicir que, segundo a documentación consultada⁶, desde 1820 aprox., a casa parroquial ou Reitoral da Illa de Ons foi a casa nº 78, situada no barrio de Canexol. Que durante os anos que van, sempre aprox., de 1945 a 1965 ocupou a casa nº 37 do barrio de Caño e que, a partires de 1965, a casa Reitoral pasou a ser a anexa á nova igrexa no barrio de Curro.

³ Solicitud da montaxe que fai Joaquina Gelabert Castellá, viúva de Jose Antonio Villoc Romaní ao concello de Bueu.

⁴ Escritura notarial sobre a heranza de Joaquina Gelabert.

⁵ Institución Cultural Isleña. Varios autores. "Ons no tempo". Páx. 79. 2010

⁶ A maior parte da documentación consultada pertence a: Documentación do Arquivo Histórico Nacional. Sección Nobreza. Mos - Valladares

AXUDA DE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural

O GRAN COMPLEXO DE GRAVADOS RUPESTRES DE LAXE DO BARÓN EN FORZÁNS (PONTECALDELAS, PONTEVEDRA)

Por: Antonio de la Peña Santos

O 28 de xaneiro de 1995 daba a coñecer o noso vello amigo Pablo Novoa Álvarez no desaparecido *Diario 16 de Galicia* a existencia dun dos máis espectaculares complexos rupestres de Galicia: a rocha coñecida como *Laxe do Barón*, sita na freguesía de San Fiz de Forzáns, concello de Ponte Caldelas, na marxe noroccidental dun terreo propiedade de dona Inés Núñez Belmonte.



O indubidable interese que presentaba *a priori* este gran petróglifo e o deplorable estado que presentaba, materialmente oculto da vista pola acumulación sobre a rocha de depósitos orgánicos procedentes de varias árbores inmediatas, foron motivos que moveron ao Grupo de Investigación Laxe da Irena a incluír a súa documentación no plan de catalogación do patrimonio rupestre do municipio. A colaboración prestada polos propietarios do terreo foi total e decisiva para a consecución dos fins previstos, polo que dende aquí queremos deixar constancia diso e do noso agradecemento.

Para a visualización da zona gravada houbo de ser retirada -en realidade, varrida- a capa de material orgánico removible que se fora depositando sobre a maior parte da superficie rochosa e que como é más que sabido ten efectos moi negativos

para a integridade dos gravados. Iso permitiu a elaboración dun primeiro calco xeral dos gravados empregando tecnoloxía dixital; calco, insistimos, dunha primeira lectura superficial que sen dúbida poderá ser completado, corrixido e aumentado o día en que se leve a cabo unha limpeza en profundidade da rocha que a libere das numerosas colonias líquénicas que a enmascaran e deterioran.

Con todo, o calco obtido tras este varrido superficial non agresivo ofrece suficientes datos de interese para o estudo do fenómeno rupestre galaico. Diso é do que imos falar brevemente a continuación.

- - - O - - -



A "Laxe do Barón" é unha rocha irregular, prominente e destacada do terreo circundante, de granito de gran medio-grosso relativamente meteorizado, sobre todo nas zonas afectadas por densas colonias de líquenes e musgos. Minguada por traballos de cantería nos seus lados N e W, prolóngase baixo terra cara ao S e o L. Testemuños recollidos na zona aseguran que a grande laxe foi nun tempo utilizada como eira, función que, de seguro, provocou o desgaste de moitas das figuras gravadas.

As dimensíons aproximadas da superficie visible son 20 m de eixe N-S e 15 m no L-W. Máis en concreto, o espazo ocupado polos gravados alcanza os 180 m² "reais", o que converte a este petróglifo nun dos de maior extensión de entre os coñecidos en Galicia, en competencia directa co gran complexo rupestre do *Monte Tetón* en Tomiño ou co recentemente descuberto de *Pé de Mula* en Mondariz.

Tal e como é norma xeral na arte rupestre galaica, as diaclasas e fendas da masa rochosa compartimentan e definen non menos de seis grandes paneis aos que se adaptan os deseños gravados. Aínda que no caso que nos ocupa non resulta tarefa sinxela, se reparamos na técnica e no estado de conservación dos sucos das diferentes figuras, xa unha análise superficial do conxunto permite distinguir con relativa claridade polo menos dous grandes momentos na realización do petróglifo.


A fase máis antiga estaría integrada polo complexo rupestre que poderíamos denominar "clásico" e teríase levado a cabo, ao igual que a maior parte dos petróglifos galaicos, durante os primeiros tempos da Metalurxia nas terras galaicas; é dicir, falando en datas convencionais, durante o Terceiro Milenio a.C. Intégrana elementos moi habituais neste grupo de arte rupestre: numerosas e variadas combinacións de círculos concéntricos xunto con restos moi desgastados doutras moitas afectadas polos procesos ero-

sivos, puntos de diferentes tamaños e profundidades formando ocasionalmente grupos regulares, trazos indefinidos, e unha curiosa e pouco habitual rede de sucos de anchura máis que respectable que percorre a metade nordeste da masa rochosa. Algunhas combinacións circulares adáptanse ás irregularidades da superficie buscando un maior volume e unha mellor visualización.

Esta fase antiga complétase cun mínimo de oito representacións de cuadrúpedes de modelo clásico pero nos que xa se perciben influencias do tipo estilizado propio da área meridional do fenómeno rupestre galaico. Estes zoomorfos, xunto cos documentados nos próximos complexos rupestres de Augasantas e Valongo (Cotobade), constitúen a máxima expansión coñecida cara ao interior dun tema iconográfico que na súa variedade "clásica" apenas se afasta da área de influencia


directa das Rías Baixas.

A esta mesma fase tamén podería asociarse un par de pequenas pegadas de pés humanos calzados - podomorfos- que se sitúan no extremo N do conxunto. Trátase dun tipo de figuras moi pouco frecuente -aínda que nas proximidades da *Laxe do Barón* se coñece outro petróglifo integrado maioritariamente por deseños podomorfos- pero que foi obxecto de non poucas controversias tanto en canto á mesma identificación do tema como, sobre todo, á súa interpretación e adscrición crono-cultural.



Detalle do calco dos gravados da zona central

A segunda gran fase de gravados sería xa datable en época más ou menos recente, talvez a partir da Baixa Idade Media e en todo caso con seguridade de tempos históricos. Como noutrous moitos casos documentados, caracterízase pola presenza intrusiva dun numeroso elenco de figuras xeométricas de sucos finos, profundos e, en moitos casos, apenas erosionados e que, en ocasións, se superpoñen con toda claridade aos das figuras da primeira fase. Entre os temas identificables encontramos deseños en U ou en ferradura, algúns cadrado e numerosas e variadas cruces que, nalgúns casos, parecen asentarse sobre unha peña circular. A destacar un curioso motivo "soliforme" con cruz interna que, pola súa asociación ás cruces, é más que posible que puidese tratarse da imaxe dunha Custodia. Con seguridade, algúns puntos, sobre todo os de maiores dimensións, poderían pertencer a esta fase. A subliñar, por fin, que estamos a falar dun elenco temático máis que coñecido nos conxuntos gravados en momentos históricos relativamente modernos.



A zona central do petróglifo dende o sueste




Detalle dos gravados do extremo septentrional, con varias figuras de cuadrúpedes e o par de podomorfos.


- - - O - - -

Concluímos esta breve nota facendo nosas as palabras que escribiu no seu día o noso bo amigo e compaño -tamén- de fatigas Buenaventura Aparicio: "*Laxe do Barón*" é unha rocha con memoria pola que desfilou o tempo deixando a súa pegada. O minucioso estudo realizado permitiu documentar novos motivos e constatar a desaparición doutros. Sobre a superficie da rocha intúense más que se aprecian restos -apenas trazas ou sombras- de grandes combinacións circulares; hai figuras con sucos moi desgastados e outras con contornos nítidos de factura posterior e, por último, apreciamos a existencia de insculturas rudamente percutidas hai non demasiado tempo, talvez, polo home que habitou unha vella casa, "*O Barón*", que contan que era canteiro e ao que podemos imaginar seducido pola atracción que emana a pedra, incapaz de resistir a pulsión de ser o último dunha longa lista en deixar a súa pegada, as súas figuras para a historia".

Pois iso.



Detalle dos gravados antigos rodeados por figuras de factura recente



Os podomorfos, asociados a figuras xeométricas e deseños recentes




O GROVE: PERALTO NO TEMPO DO RACIONAMENTO

Por: José Miguel Besada Fernández

Na época que tratamos, todos os barrios de O Grove teñen as mesmas características. Existe unha cultura marcada exclusivamente pola actividade laboral, a pesca artesanal de baixura. Todas as conversas, tanto dos homes de terra como os do mar, xiraban sobre os temas mariñeiro. As condicións de vida apena evolucionaban.

Peralto. Óleo de José Miguel Besada Fernández



Dentro das similitudes que hai en todos os barrios de O Grove, cada un ten unhas características propias que o diferencian dos demás e veñen marcadas por pequenos factores. Un dos mais populares é Peralto.


Peralto é un barrio céntrico, formado por xente moi aberta, moi unida e, como a maioría, era un mundo case cerrado, ou sexa, facíase praticamente toda a vida nel, xa que tiñan todo o que necesitaban. Está enriba do mar, convive co murmurio do vento e do mar e o chiar das gaivotas, co cheiro da balumada e da lama,..., o mar batía contra as casas que estaban en primeira liña da praia, chea de dornas, gamelas e todo tipo de pequenas embarcacións. Era tal a dependencia que ata se pode decir que formaban un ecosistema. Os vellos reuníanse e tiñan os faladoiros á veira da praia, coma nunha ágora grega, falando da súa teima, o inesgotable tema do seu oficio, o mar. Os rapaces criábanse na praia, alí xogaban, aprendían, espertaban a imaxinación e

curtíanse no que sería xa o seu predestinado traballo de mariñeiro dende os oito ou nove anos de idade, que alternarían coa escola o mesmo que fixeran seus pais e avós que foran alternando coa escola de don Claudio que os curtiu a todos.

Era xa un barrio moi poboado, formado de casas unifamiliares, xeralmente de planta baixa pegadas unhas ás outras sen apenas soares que contribúan a que o barrio estivese formado por unha gran familia unida e solidaria para o ben e para o mal. Ao mesmo tempo, este barrio tiña praticamente todos os servizos necesarios para a vida cotiá, aparte de que estaba no corazón do pobo. Había de todo, as tabernas de siño Chuco "o Ghabino", a de siña Mercedes "a Venturiña", a do Cadrado, a Tenda de Pepita "a Lavandeira", o taller de *follalata* de Casal, o estaleiro de Caamaño, a panadería e docería de Manuel Campaña, o xastre Ramón "o Lavandeiro", o estanco e muíño de dona Cándida¹, o *fabriquin* de conservas de Lores,..., entre outros artesáns; lugares todos estos onde había faladoiros e onde se informaban das novidades e da vida dos veciños e dos coñecidos.

Tamén foi moi importante para a evolución social e a formación do carácter da xente de Peralto a proximidade da zona e diversión (de marcha se diría hoxe), pois alí ao lado estaban o Teatro Cine Besada onde eran frecuentes as funcións musicais de variedades feitas por compañías de cupletistas de fóra, así como actuacións de cantantes afeccionados da localidade (que, por certo, había moi boas voces), do que se fixo moi coñecido a chamada "Fiesta en el Aire", así como representacións de obras de teatro que neste pobo tiveron sempre gran tradición, destacando a da obra Do Meco.

Fábrica de Conservas Lores



¹ Nos pobos, naquel tempo á maioría das mulleres coñéciáseles polo nome ou a chata e as maiores eran Siña... había poucas que levasen o de Dona e en casos moi especiais. Pero iso podería ser tema doutro artigo.



Folleto da sala de festas "El Marino". Ano 1958

Como precedente da creatividade, cultura, carácter, sentido do humor e sintonía entre os veciños do barrio de Peralto partiremos do tempo da ditadura de Primo de Rivera. Na tenda/panadería de Manuel Campaña, reuníanse, coma en todas, os veciños para falar de todo un pouco. Nunha destas, o dono do local, Marcelino Prieto e Jose "o Lixeiro" puxérone mans a obra para facer a letra e a música para organizar unha comparsa contando, claro está, coa censura dos tempos que corrián, polo que, despois de ter clara a idea do que querían, conseguiron a burra de Xan "o da Ovella" que sería fundamental para o propósito que tiñan. Logo de estar ben ensaiados (tradicionalmente tiñan voces moi afinadas), foron todos, e a burra tamén, no camión de Taboada á capital da provincia, Pontevedra, e alí, diante do Goberno Civil espetáronlle "O Jalopín". Cantaban mirando para a burra pero estendendo a man indicando ao Gobernador. Os do Goberno Civil gozaron e mostrárono aplaudindo con entusiasmo ata que se deron conta de que o de *jalopín* era polo gobernador. Zafáronse, pois pouco faltou para que os prenderan. Xa de volta, á altura de Sanxenxo, premiaron á burra fartánda de *sopas de cabalo cansado* e, como a probe non estaba afeita a esa comida, morreu.

Outro feito que deixou pegada na cultura de Peralto nese tempo, foi a festa de Santa Lucía, creada tamén por José "o Lixeiro" que, como vemos, era persoa moi emprendedora ao

igual que Marcelino Prieto e Manuel Campaña. Fíxose no lugar do Cruceiro, por ser o lugar idóneo ao ter a explanada mais ampla, dentro do que cabe, xa que o resto eran os calexóns e a praia, co obxectivo de ter un día de festa para saír da rutina. Como daquela para facer festas na rúa só se podían facer en nome dun santo, elixiron a Santa Lucía, que deixara de celebrarse no tempo da guerra, volvendo máis tarde a facerse no outro extremo do barrio, ao final da rúa Barqueiras, organizada por José Figueiro. Nese tempo, tamén no Cruceiro, seguiuse a tradición de facer un altar o día de Corpus, día que se adornaban as fiestras con colchas e as rúas con flores e espadanas.

Estas son dúas mostras do bo carácter, imaxinación e inquietude por facer a vida mais agradable para goce de todos os veciños de O Grove.

O RACIONAMENTO

Acabada a Guerra Civil, despois dese triste período, no barrio, ao igual que en todos os lugares, pensouse que acabaran todos os males definitivamente e que chegaría esa cousa que lle chaman benestar, a felicidade merecida. Pero, vaia pau; o que viña era outra nova e longa etapa, chamada popularmente: "o ano da fame", que veu marcada, principalmente no pobo, por dous factores: Chércoles² e o racionamento (período da recente historia que non está suficientemente divulgado).

As consecuencias en Peralto, coma en todas partes, radicaron principalmente en que retrocedeu a calidade de vida, aínda peor que no tempo de Primo de Rivera, e non se lle vían perspectivas de mellorar. Seguía a emigración á Arxentina, non para xuntar prata para o retorno, senón para comer. A maioría deses emigrantes quedaron alí. Os males que había agudizáronse coa fame. Así

pasou cos as doenças cutáneas propias daqueles longos invernos, como os carafunchos, colleduras, negras, golondrinos e frieras,... Menos mal que na caixa de urxencias das casas había "aceite de ghata" moi efectivo para estes males. Os alimentos básicos eran escasos, non chegaban a medio dente, tanto o pan coma o aceite. Un amigo díxome unha vez, falando destes temas, que



Procesión de Santa Lucía. Praza do Cruceiro. Anos 50

² Chércoles, foi un garda civil que marcou época, ata o punto que se chegou a decir, cando había algún problema: "... facía falta un Chércoles".

na súa casa nunca comeron pan reseso porque non chegaba á noite, e iso que había no barrio a panadería de dona Cándida, que polas mañás emanaba un agradable cheiro a pan fresco que abría o apetito. Había que apelar ao unto e ao touciño que apenas chegaban para o ano. Palpábaselle o cu ás galiñas para saber si podían contar con algún ovo para ceiar á noite... Todo o fundamental estaba controlado pola fiscalía e cada familia tiña a cartilla do racionamento para controlar a cantidade que lle correspondía a cada familia; ata o tabaco de picadura, cuxos efectos se vían no chan das tabernas mesturado coas serraduras, estaba controlado na cartilla. Non había rapaz que non tivera a experiencia de ir á froita, aos chícharos ou ás fabas lobas. Había débedas en todas as tendas do pobo, non só na do Chapelo. Algunxs tendeiros arruináronse de tanta débeda; nas tendas era indispensable ter lapis e papel porque á hora de pagar era ou ao fiado ou con lapis.

As familias seguían sendo, a maior parte, numerosas, pois as circunstancias, hábitat, invernos longos, sen radio nin libros, escaseza de luz, o fume da lareira, os colchóns de follato,..., eran factores estimulantes para a segregación orgánica de testosterona que coa falta de medios profilácticos eran as condicións idóneas para a procreación e, ademais daquela, cada fillo traía un pan debaixo do brazo.

Estas foron unhas circunstancias que, como en todos os pobos, lle tocou vivir a esa xeneración. Foi ante estas circunstancias adversas, onde se coñece o mais importante: a calidade das persoas e do colectivo. Aí é onde Peralto é un barrio querido, respectado e admirado. Aquí cabe destacar a unión e a solidariedade ante as dificultades, cousa que ben deron mostras, como quedou patente, no ben que se levaron todas as familias. Admitiron ben o novo rol que lles tocou vivir, sen perder nunca as súas raíces nin a súa filosofía da vida; non

esqueceron o Entroido aínda que, nos primeiros tempos non estaba o forno para bolos; era o tempo de Chércoles, o tempo de "Disuélvanse los Grupos", e había que andar con certo tento. Aínda así, os de Peralto, como bos mariñeiros e por tradición, eran xente moi aberta. Os mozos gustaban moito do cine e do baile pois era a única diversión dos fins de semana. Pero tamén tiñan as súas dificultades, en moitos casos pola falta de cartos para a entrada, polo que había que facer traballos extra, colarse ou ir de balde que era o mellor. As películas entusiasmaban como as de Bob Steell ou Tom Tyler ou as de Fu Man Chu; o baile estaba amenizado pola orquestra do pobo si ben os días de San Martiño e Santa Lucía viñan orquestras de primeira liña coma a Florida e a Poceiro ámbalas dúas de Pontevedra; as cantareas e as serenatas estaban á orde do día coas cancións de moda daquel tempo, que eran os tangos de Gardel e os boleros de Machín, e nas tabernas as mexicanas de Jorge Negrete e Pedro Infante. Pero o que levaban no sangue eran os entroidos cos choqueiros e as comparsas que reviviron

na década dos anos cincuenta, baixo a dirección de Caneda, Marcelino Campaña e Latén, entre outros, como cabezas visibles porque no barrio colaboraban todos positivamente aportando ideas e o que podían. O que é de destacar en Peralto é o alto nivel cultural e artístico que había.

En canto aos rapaces, alternaban a escola co traballo no mar e xogar na rúa, suplindo a falta de xoguetes coa imaxinación. Xogaban ben ao fútbol descalzos, coa pelota de trapo, no "Estrellita" que era o equipo do barrio; xogaban aos xogos clásicos, hoxe desaparecidos, como a billarda, á buxaina, ás bolas, que a maioría eran seixos, as tintas de picar ou de pares ou nones, á alerta... e as rapazas ao truquel, á badana ou á corda; todo isto organizado e dirixido polos mesmos rapaces.



Anos 50. Equipos de Peralto no entroido

ONS e SÁLVORA SUPRIMIR A NOITE

Por: Fernando Alonso Romero

Di o poeta cubano José Martí que “entre los sueños del hombre hay un hermoso: suprimir la noche”. Pero na Illa de Ons suprimir a noite, tanto no sentido nocturno do día,

anos máis. Basta con botar unha mirada ás cantigas de maio, reunidas baixo o título de “O illeño de Ons”, que cantaron en 1974 e que reproduzo neste artigo, para entender o “iluminada” que por entón seguía estando a illa de Ons.

A pesares da existencia dun xerador eléctrico, na maioría das casas seguironse utilizando candás e candís, como se viña facendo dende os remotos tempos da Prehistoria. Antigamente conseguíase a iluminación artificial por medio do lume; obtido ou ben por combustión da madeira ou dalgún líquido ou gas. Sen embargo, áinda a principios do século XX utilizábase tamén en Ons primitivas lampadiñas de aceite, que se vertía nunha cunca de vieira na que tamén se introducía unha mecha. Esa sinxela lampadiña coñeceuse tamén noutras comunidades pesqueiras da costa atlántica europea. Por exemplo, nas illas de Aran, na costa occidental de Irlanda, utilizábana tamén no século XIX para ter luz nas casas. No interior da cunca de vieira poñían aceite de fígado de pescado e como mecha utilizábase un anaco de cordel de la. Esta lampadiña soían colocala as mulleres dos pescadores sobre unha pedra saínte da parede da casa, ao lado da cheminea do fogar (O’ Dowd, A. 1996, 206). Nas illas Orcadas, ao norte de Escocia, en lugar duna cunca utilizábase antigamente unha pequena pedra cun oco no seu interior que facía de receptáculo para a mecha e o aceite (Allen, J. R. 1887, 82) (Fig. 1). Nas localidades pesqueiras da costa de Banffshire, no leste de Escocia, utilizaban tamén para alumearse pequenas ramas de abeto que introducían nun soporte de ferro, a modo de palmatoria. Tamén tiñan candís nos que se queimaba aceite de peixe, que alimentaba a lapa dunha mecha feita coa medula de xuncos que collían en lugares pantanosos (Ansón, P. F. 1965, 20).

Marin, Mayo 1974

O Illeño de Ons

Poñan atención xente de Marin co maio da Illa xa chegou aquí.

Imoslle contar moitas das nosas penas pois por más que berramos ninguen fai caso delas.

Na nosa Illa señores hai moita necesidá estamos abandonados de que nos ten que coidar.

Faltanos o médico e a sanidá xa hai varios anos que non venen vacunar.

A nosa Illa, señores pra nos é unha pena, bonita pra todo mundo menos pra qui vive nela.

Pois dia tras dia temos que pasar o peor do mundo que é morrer de soildá.

Ven moita xente a conocer a Illa e todos comentan que é unha maravilla.

Pois non é o mesmo estar soio un día que vivir nela perante toda vida.

Porto non temos pra os barcos atracar e pô las noites teñen que marchar.

Así os nosos mariñeiros xente traballadora pón culpa dos barcos teñen que dormir fora.

Sólo somos colonos non somos propietarios nin xíquera é nosa a casinha que habitamos.

Muito prometeron que nos iban dar o que nos deron foi tempo pra escapar.

O barco de pasaxe ven cando quer e si protestamos dannoas as de perder.

Pedimos por favor algo de compasión vivimos arredados desta civilización.

A xente do pobo sólo peusa en fixir comprar as casinhas fora o conto é marchar dali.

Cando de todos nos non quede ninguén moita xente extraña ha de vir pra vivir ben.

Erguete maio fai favor de calar que en vez de premio un pau te vas levar.

Hasta outro ano homes e mulleres no setenta e cinco estaremos con vostedes.

IMP. GAMERO - MARIN

como no das condicións de vida humana: *esa longa noite de pedra* á que se refire Celso Emilio Ferreiro, tardouse moitos anos en conseguilo. Áinda a principios dos anos cincuenta do século XX, na illa de Ons non se coñecía a luz eléctrica. Foi a finais dessa década cando os seus habitantes empezaron a iluminar as súas noites coa tenue luz que se conseguía grazas a un xerador de gasóleo, que funcionaba soamente unhas horas ao día. Por outro lado, *esa “outra escuridade”, a longa noite de pedra*, durou aínda moitos




Figura 1.- Lampadiñas de pedra que se utilizaban nas Orcadas, ao norte de Escocia, no século XIX. (Allen, J.R. 1887, 82)

En Ons o dispositivo de iluminación máis utilizado ata ben entrado o século XX era o candil de aceite ou de carburo. O etnógrafo Xaquín Lorenzo Fernández realizou a mediados do século XX un magnífico estudo de diferentes obxectos da cultura material galega. O seu traballo publicouse en Bos Aires en 1962. No capítulo dedicado aos candís di que *en Galicia debéu estar en uso un artiluxio que hoxe case que non se emprega: o candil de sain ou de aceite de sardina, que ten un vello precedente nas "lucernas" románs... Nos derradeiros tempos, o sain foi sustituido polo aceite corrente e especialmente polo gas ou petróleo... Os candís utilizáñanse na casa mais cando se precisa sair fora usaban tamén os faroles, especie de caixas de lata coas paredes de vidrio, provistos de asa e en cuio interior se atopa un depósito pró combustible e a mecha (Fig. 2)... Nos anos do comenzo diste século espallouse moito por Galiza o uso de carburo prá luz... Nos pazos e nas casas grandes empregábase preferentemente o gas en quinqués mais ou menos artístico e o carburo* (Lorenzo Fernández, X. 1962, 169-172).




Figura 2.- Aparellos prá luz: de carburo e de aceite. (Lorenzo Fernández, X. 1962)

O faro da illa de Sálvora (Pontevedra) no século XIX non era nin un pazo, nin unha casa grande, como conta Lorenzo Fernández ao falar dos quinqués, sen embargo, tamén nel utilizábanse eses dispositivos, que afortunadamente hoxe en día son xa valiosas pezas de museo, cheas de historia, como os que ven na (Fig. 3), grazas á amabilidade de Pepe Pertejo, fareiro da illa de Sálvora, que no verán do ano 2000 me permite facer unha fotografía dese conxunto de quinqués cos que os fareiros de Sálvora iluminaban as súas longas noites de inverno. Se esas lámpadas puideran falar, oíríamos os comentarios dos fareiros sobre os episodios do día, co bramido do mar nos días de temporal como ruído de fondo, ou quizais tamén o de algúns gritos desesperados de alguén que intentaba sobrevivir entre os restos dun naufraxio. E todo iso nun ambiente no que a maioría das veces as voces que se oían relataban soamente soildades infinitas.




Figura 3.- Conxunto de quinqués que se utilizaban no faro da illa de Sálvora

Non tiven ocasión se ver se tamén se utilizaban quinqués no faro da illa de Ons, pero si así foi, sería importante conservalos con agarimo e respecto, porque son unha mostra máis da historia dos habitantes desa illa, que deberíamos coñecer mellor para poder darnos conta do moito que custou chegar a ter luz eléctrica.

BIBLIOGRAFÍA

- ALLEN, J. R. 1887.** The Archaeology of Lighting Appliances (Proceedings of the Society of Antiquaries of Scotland, vol. 22; pp. 79-109).
- ANSON, P.F. 1965.** Fisher Folk-Lore. (The Faith Press. London).
- LORENZO FERNÁNDEZ, X. 1962.** Etnografía. Cultura material. (En: OTERO PEDRAYO (Director), Historia de Galiza. Editorial Nos. Buenos Aires).
- O'DOWD, A. 1996.** Resources and Life: Aspects of working and fishing on the Aran Islands. (: The Book of Aran: The Aran Islands. Editorial: Tir Eolas Newtownlynch. Kirvara)



¡MARIÑEIROS DO GROVE, REXOS E ESFORZADOS, ESPONTÁNEOS EXENEROSOS!

Por: Lino J. Pazos Pérez

Corría o 3 de novembro de 1957, e cando digo corría é que un temporal de vento e choiva arrasaba a costa atlántica galega con ventos de forza 5 e ondas doutros tantos metros de altura, o que facía incómoda a navegación ós grandes mercantes, case todos eles vapores, sumamente difícil ós pesqueiros, e imposible ós iates, como o protagonista deste artigo.

O semanario "Litoral", que veu a recoller a testemuña do "Diario de Pontevedra" cando este periódico deixou de publicarse nos primeiros anos da década dos cincuenta, no seu número 335, de 9 de novembro, cuxo director era Rafael Landín Carrasco, recolle un apaixonante traballo do reportero Pedro Rivas, titulado "*La odisea del Tina en la noche de la galerna*", no que reflicte as peripecias sufridas pola tripulación do barco de bandeira británica.

O *Tina*, un veleiro de dous paus aparellado de Ketch, partía o 20 de outubro de 1957 do porto de Brighton, en plena Canle da Mancha, cando os latexos do foguete espacial soviético Spútnik aínda rosmaban nos oídos dos mariños que tentaban de atravesar o Océano como antes o fixera o noso veciño Cristóbal Colón a bordo da carabela Santa María, construída nos arrabaldes da Moureira pontevedresa.

A tripulación destes arriscados *nautas* (ter en conta a precariedade de medios do momento, sobre todo en comunicacóns), estaba composta polo capitán, e armador

do barco, Lancelot Bristooer White, ex oficial da Royal Air Force, ó que acompañaban dous tripulantes; Norman Ernest Brearley, inglés de 28 anos, membro civil da Royal Air Force, e Andrien Talbot Brady, un irlandés de 27 anos, de profesión (segundo declarou ós medios) decorador.

A partida, en medio do cotián tráfico portuario de Brighton, pasou desapercibida para os operarios dos *docks* que, atarefados nas faenas habituais, tiñan outras cousas más importantes en que pensar, cando áinda non se cumplira unha ducia de anos dende o final da más cruel guerra que estivo a punto de dobrigar a vontade férrea dos británicos, que nun principio se crían amparados polo seu insularidade fronte ós inimigos hitlerianos...

Empurrados por ventos do SW, e con todo o trapo largado, Mr. Lancelot colleu a roda do temón notando sobre os seus pés as primeiras cabezadas do *Tina* ó enfrentarse cas ondas da Canle.

Deixaron por estribor a Portsmouth mentres aproaban cara ó cabo da Hague, para pasar por fóra das Alderney e Guernesey, illas consideradas como a porta do Golfo de Biscaia.

O mar seguía a crecer mentres o termómetro baixaba e o tempo empeoraba a marchas forzadas, vénose obligados a tomar rizos na maior e incluso aferrala quedando tan só cun foque que facía as veces de tormentín.

Celador do porto de O Grove. D. Emilio Montero

A intención de entrar de recalada nalgún porto do Cantábrico viuse pronto que era unha utopía posto que os ventos impedían a manobra afastándoos desa posibilidade; decidindo correr o temporal como mandan os canons náuticos.

Ventos desatados de máis de 60 millas por hora empuxábanos cara ó mar aberto, logrando, despois de dificultades extremas poñer rumbo ó Cabo Fisterra, o que pasaron a pouca distancia de terra xa con vento do nordés, que lles impedía facer unha virada sen arriscar a estabilidade do barco que se defendía ben grazas a súa rexa construcción.

O **Tina** continúa correndo o temporal que acaba converténdose nunha verdadeira galerna que azouta a costa atlántica galega, polo que agora o veleiro británico navega a bandazos, rifado parte do trapo. Os tripulantes aférranse á vida como poden cando, ao lonxe, parece escintilar a luz dun faro que, a intervalos, barre a noite, e cara alí tentan dirixir o barco que voa sobre as ondas.

"A las 9 horas el faro de la isla de Sálvora ilumina la oscura esperanza de los tripulantes. La alegría de cobijarse es corta. El yate es arrastrado contra las rocas. El capitán grita ¡Abandonar el barco! ¡A aquellas rocas! Adrien y Ernest se lanzan al agua con sus Mae west (chalecos salvavidas); el capitán no puede hacerlo. Un golpe de mar desencalla el barco y lo hace brincar de ola en ola...".

As luces que soben ó ceo alarman ós nenos que xogan na praia do Grove; eles teñen escoitado que existen ese tipo de sinais e corren cara ós seus maiores a informar, ó tempo que o contramestre do porto ponse en garda; un barco está en perigo preto da illa de Sálvora, e cara alí parte a bordo do bou **Punta Lissa**; o Axudante de Mariña está en Pontevedra e el é a autoridade.

Os tripulantes non se arredan e un por un van subindo ó barco, que parte de inmediato; son as 12,45 do luns 3 de outubro.

*"Al llegar a la altura de la isla de Sálvora hallaron al **Tina** junto al cual se encontraba la dorna **Clarita**, tripulada por los pescadores Juan, Luis y Gerardo Devesa, y Joaquín Montenegro. Dos de ellos, los citados en primer y último lugar, habían logrado subir al yate y estaban aferrando, a pesar de la galerna, las velas y demás aparejo... Entretanto no llega el **Marino** que ya había salido del Grove, el **Punta Lisa** larga un cabo al yate y lo sostiene. Minutos más tarde llega el **Marino** y lo remolca a puerto. Son las 17 horas del lunes...".*

Durante a viaxe de retorno ó Grove, o contramestre tenta conversar co mariño británico, entendendo que dous dos seus compañeiros de infortunio quedaran sobre unhas



Tres de arriba e de esquerda a dereita: Manolo "O Jardes", Domínguez, Joaquín "O Jobeletero". Os seis de abaxo, e de esquerda a dereita: Manuel Neira, Paco Padín "O Casato", Inglés do barco, o celador: Emilio Montero Rodríguez, Inglés do barco, Bea "O Raposo".

rochas da illa. En canto deixan ó home sobre o peirao (e despois de que un veciño que estivera en Inglaterra traducira o que dicía o asustado mariño) prepárase o **Marino** para outra expedición, que sae ás 18,30 cara á Illa, regresando ás 21 sen atopar sinais de vida.

Ás 22,30 horas, en plena noite outonal, volta a saír ó mar o **Marino**, co Axudante de Mariña a bordo, mentres o Celador (contramestre) arrancha o pesqueiro **Ricardito 2º**.

"A las 0,30 horas del martes, el Ricardito 2º, al mando del patrón improvisado Manuel Domínguez y del Celador

señor Montero Rodríguez, zarpa rumbo a la isla de Sálvora. Durante toda la noche los dos barcos estuvieron haciendo señales de luces, repasando los lugares rocosos cercanos a la isla...".

Ás 8,15 da mañá, xa con luz e o mar máis calmado, o **Ricardito 2º** avista ós dous náufragos sobre as rochas coñecidas como “Pardiñas”, pedras moi batidas polo mar, que en mareas vivas apenas sobresaen da auga.


“Como el Ricardito 2º no podía aproximarse a pesar de haber calmado el temporal, se desplazó un bote con cuatro hombres que rescataron a los dos marineros ingleses después de 18 horas en las rocas. Momentos más tarde llegó al lugar el Marino y ambos barcos retornaron a puerto, llegando a O Grove a las 9 horas”.

A estancia destes homes no Grove foi todo o festiva que se poda un imaxinar; recoñecidos polo pobo enteiro que os homenaxeaba cada vez que os vía polas rúas, chegando a facer verdadeiras amizades, entre elles a do pintor Ernesto Goday, que os obsequia con varias das súas obras, e incluso lle pinta na popa o nome ó **Tina**.

Os mariños británicos fanse ó mar, despois de reparar o veleiro, rumbo a Nova Zelandia, en febreiro de 1958, é dicir, case tres meses despois da aventura que a piques estivo de custarles a vida.

Pedro Antonio Rivas, o correspondente que enviou ó Grove o semanario “Litoral”, deixou impresa para sempre

unha frase que pasa desta maneira á Historia da vila:
¡Mariñeiro do Grove, rexos e esforzados, espontáneos e xenerosos!



Manolo “O Jardés” e Francisco “Chuco” no bar «O Pescador»

O Marino era un pesqueiro de 64 toneladas de arqueo total e 19 netas, de 18,50 metros de eslora, 4,95 de manga e 2,75 de puntal, construído por Francisco Lores, do Grove, en 1952, que montaba un motor Diésel (Gasóleo) que lle proporcionaba 240 Hp e 13 nós de velocidade; sinal de chamada EA 7842, matrícula de Vilagarcía (folio 580). En 1974 figuraba como a súa armadora, Carmen Peribáñez Ortega.



De pé e de esquerda a dereita:
 Bea “O Raposo”
 Manolo “O Jardés”
 Inglés
 Joaquín “O Jabeleteiro”
 Domínguez “O Carrandán”
 Inglés (1º en ser rescatado)
 Paco Padín “O Caxato”.

Sentados e de esquerda a dereita:
 O celador: Emilio Montero
 Manolo “O Campusino”.

A foto foi realizada no bar
 «O Tropezón» e faltan dous
 dos tripulantes:
 Manolo “O Pereira” e
 Domínguez fillo de “O
 Carrandán”.

ÁNCORAS DE PEDRA, ¿RESTOS PREHISTÓRICOS?


Por: Yago Abilleira Crespo

Imaxes: Pontevedra Arqueológica II e autor

Nos fondos mariños galegos, especialmente nos das Rías Baixas, atópanse unhas curiosas pedras talladas. Os arqueólogos cren que se trata de antigas áncoras de pedra, similares ás atopadas no Mediterráneo. Incluso podería tratarse dun invento importado dende o “Mare Nostrum”. A cuestión non é para tomala á lixeira, xa que puideran tratarse dos restos arqueolóxicos más antigos que custodian as nosas augas.

DIFERENZAS ENTRE ÁNCORAS DE PEDRA E POUTADAS


As “Poutadas” son elementos de fondeo moi usados nas Rías Baixas en tempos recentes e, de feito, ainda hoxe hai portos nas que se usan, se ben de xeito case anecdótico. Unha poutada é unha pedra maciza, de forma alongada, e cun rebaixe no centro. A idea consiste en, aproveitando ese rebaixe, envolver a pedra cunha áncora



de madeira (ver debuxo1). Deste xeito, a poutada fai de cepo, ó tempo que lle da un peso ó fondeo que, ó ser de madeira, tende a flotar. É un fondeo fácil de facer e, sobre todo, moi barato. O seu uso, evidentemente, é exclusivo de embarcacións miúdas (gamelas, botes polbeiros, chalanás,...). Hai outra variante da poutadas que consiste en collar a pedra e, pasando o cabo polo rebaixe, usar a propia pedra como fondeo. É aínda más

económica, se ben as súas prestacións non parecen as mesmas. Debido a que o material vexetal podrece, é case imposible saber se unha poutada tivo áncora de madeira ou só o cabo. A súa presenza nas augas da Provincia é moi numerosa, seguramente haxa centos delas.

Pola contra, as áncoras de pedra, ou líticas (termo procedente do latín cuxa raíz significa “pedra”, como Paleolítico ou Neolítico) son auténticas obras de artesanía. Trátase dunha lousa de pedra, tallada a man, á que se lle fan dous ou tres buratos. Por un burato pásase o cabo e nos outros, un pau atravesado, a modo de uña (ver debuxo



2). As máis comúns son as de dous buratos, sendo escasísimas as de tres. A razón do uso minoritario das de tres buratos parece ser a súa fraxilidade, xa que, das 4 atopadas nas Rías Baixas, 2 estaban rotas; a maior complexidade que supón a fabricación dunha de tres buratos tamén o podería explicar.

AS ÁNCORAS DE PEDRA

Xa que a penas hai exemplares de tres buratos, o presente artigo centrarase nas de dous buratos. Ata a data, atopáronse unhas 25, ou máis, só nas Rías Baixas. Para clasificalas, atendeuse á súa forma. Deste modo, temos as rectangulares, elipsoidais e as ovóides. Chama a atención a diversidade de tamaños atopados. Hainas dende os 10 quilos de peso ate case os oitenta, seguramente o tipo de embarcación a fondear influiría niso.

En canto a súa antigüidade, a arqueoloxía parece que aporta algúns datos. Atopouse algunha áncora lítica nos castros, reutilizadas como material de construcción, por estar rotas. Así aconteceu na Illa de Toralla e nos restos escavados na Rúa Rosalía de Castro, en Vigo. Isto permitiu datar algúns exemplares no cambio de era (o chamado "Ano Cero", cando o nacemento de Cristo), e demostrar o seu uso durante a romanización (Século II despois de Cristo). Con estes datos, non parece arriscado supoñer que xa se usaban na Prehistoria. Sen embargo, a ausencia de materiais orgánicos (por haber podrecido) imposibilita a datación por Carbono 14. Esperemos que a Arqueoloxía poida aportar máis información, polo momento, todo apunta a que estamos ante restos Prehistóricos, cuxo uso continúa coa romanización.

As primeiras áncoras foron descubertas nos anos 80, polo Grupo de Arqueoloxía "Alfredo García Alén" e aínda se seguen atopando pezas novas hoxe en día. Hainas por todo o litoral da Ría de Vigo, en Cíes, na Ría de Pontevedra e na Ría de Aldán. Sen embargo, ata o momento, non apareceu ningunha nos fondos de Ons. Sen desbotar outras teorías (guerras antigas, territorios fronteirizos, excesivo aporte de sedimentos na costa das illas,...), a hipótese máis probable é que non se achou ningunha porque moi pouca xente mergullaba en Ons. Estou convencido de que só é cuestión de tempo.

Normalmente, as áncoras líticas aparecen nas proximidades de antigos portos e ricas zonas de pesca. Non parece que haxa un patrón, xa que se descubriron pezas tanto sobre fondos areosos coma rochosos, entre os 3 e os 20 metros de profundidade.

A SÚA PROTECCIÓN

Debido ó gran número atopado, tódolos museos da zona teñen áncoras de pedra: Museo de Pontevedra, Museo do Mar (Vigo), Museo Massó (Bueu) e, creo, que o Museo Quiñones de León


Áncora de tres buracos atopada en Cíes




Búzo e áncora na ría de Aldán



Áncora elipsoidal



Áncora ovoide



(Vigo); asemade, o Parque Nacional das Illas Atlánticas tamén conta con varios exemplares. Sen embargo, non recordo ver ningunha exposta, independentemente do museo, cousa curiosa, pois a pedra non precisa de moitos coidados nin temperatura e humidade constantes. Ó ter pezas tódolos museos, estase optando por deixar as que se atopan xusto onde se descubriron, sen movelas (o que se coñece como "in situ"), limitándose a facerlle unhas fotos e posicionala co GPS, evitándose así cargar máis os xa ateigados almacéns dos museos. En principio non hai risco de roubo (espolio, para ser máis exactos), xa que non teñen valor comercial. É coñecido o caso dun furtivo da Ría de Vigo que tentou vender unha áncora de pedra, levándose a sorpresa de que ningunha lle ofrecía un peso, nin sequera os anticuarios; repetiu a operación cunha das escasas pezas de tres buratos, obtendo o mesmo resultado. Hai museos que nin as aseguran, xa que non lles compensa.

Sen embargo, que non teñan valor económico, non significa que non estean protexidas, xa que se trata de obxectos milenarios. As áncoras líticas de Galicia están protexidas pola Lei 16/1985 de Patrimonio Histórico Español, Lei 8/1995 de Parques, se estivese nas súas augas. O simple feito de extraer unha para "poñela no xardín" (cousa que eu nunca entenderei) está castigado con multas de até 150.000 € (25.000.000 de pesetas), segundo os artigos 95.b e 91.e da Lei 8/1995. Coa actual situación económica, dubido moito de que a Administración perda a oportunidade de recadar 150.000 € "extra". A Garda Civil do Mar coñece ben as áncoras líticas e está familiarizada con elas. O comercio das mesmas xa son palabras maiores, aplicándose o Código Penal, o que implica sancións maiores e, incluso, cárcere.

Bibliografía: Pontevedra Arqueológica II

MICROCONTOS

Historias de mulleres de aqueles tempos

Por: Lolita Agúin

Nunca coma hoxe a escritura resulta máis inexplicable sen o contexto que a rodea.

J. Tallón

Os zapatos roxos

Carmucha tiña sete anos cando morreu a súa avoa paterna. Ese día veu con tristura como a súa roupa dos domingos: o seu vestido rosa, a súa chaqueta branca, os seus calcetíns brancos..., eran mergullados nunha cazola grande onde fervía unha auga de cor moi escuro que a súa nai revolvía cun pau. Carmucha miraba con estrañeza todo aquel ir e vir que había ao seu redor e púxose a chorar... Tamén había choros ao seu redor, mais os choros dela eran por ver como a súa roupa saía transformada nunha masa escura e fumegante da enorme cazola onde a somerxeran. Aínda chorou máis cando veu os seus preciosos zapatos vermellos que alguén tingira tamén da mesma cor escura que saía da ola.



Muller de loito. Retrato de Corradi. 1906

O día do enterro, Carmucha ía toda ela vestida de negro rigoroso. Pero... o loito non foi só naquel día do enterro...

Ao pouco morreu un irmán da súa nai e o loito houbo que seguiu poñendo... Así foi enlazando un loito con outro, ao mesmo tempo que ía pasando da nenez á adolescencia sempre envolta naquela cor. Nin tan sequera puido poñerse de alivio, paso intermedio entre o loito rigoroso e o fin do loito.

Ese espazo non o houbo na vida de Carmucha, polo que perdeu a oportunidade de verse con zapatos, calcetíns, lazos e roupa que, nese intre, podería ser negro, mesturado con gris, branco ou violeta. Carmucha desexába o apaixonadamente. Estaba farta de verse sempre vestida da cabeza aos pés con aquela cor que cada vez detestaba máis.

Un día de temporal a dorna de seu pai non volveu a porto. Con el ía o seu único irmán. Nunca apareceron. Carmucha seguiu vestindo loito todos os días..., incluídos todos os días do Carme, e todos os días de S. Martiño, e tamén o día da súa voda.

Un día calquera, decidiu romper esa tradición que lle obligaría a non vestir outra cor en todo o tempo que lle quedara de vida. Parecía inxusto que, enriba da tristura que tiña por ter perdido aos seres que tanto quería, que tanto baleiro deixaran na súa vida, os seus días tiveran que ter sempre un horizonte tinguido de escuro.

Que distinto era o loito dos homes..., cunha franxa negra na manga, ou na solapa, ou unha garabata negra, con só iso, tiñan o loito solucionado. A comparación clamaba ao ceo.

A decisión estaba tomada:

- *Vou vestir unha roupa que non sexa negra, uns pendentes que non sexan negros, unhas medias que non sexan negras, uns zapatos que non sexan negros...*

Mercou unha tea chea de flores e... cando a costureira lle estaba probando o vestido, mirouse no espello...

De quen era aquela imaxe que se lle aparecía? Non. Aquela imaxe non era ela. Non, non. Aquela louca chea de cores non era ela.

Carmucha quitou o vestido de flores..., e, lentamente, moi lentamente comezou a vestir a roupa negra que trouxera posta.

A tenda de Paquita

A muller en O Grove hai 50 anos, cando facía o gasto, ía a unha tenda onde se vendía de todo.

Paquita era unha moza alta e loura cun sorriso grande e xeneroso que repartía sen moito esforzo. Os seus pais morreran pronto e ela, da noite para a mañá, veuse por detrás dun mostrador que ás veces se lle aparecía como un enorme muro que a cercaba restrinxindo a súa liberdade. Paquita tiña que madrugar moi. Ás seis da mañá xa estaba en pé, non había mais remedio. Tiña unha tenda ao lado do porto onde vendía de todo e a todas horas.

Ese todo abarcaba moi. A tenda de Paquita era ao mesmo tempo taberna que ferretería, ultramarinos que bodega, sala de xogo, efectos navais, tabacalera, droguería..., e todo isto manexába Paquita, pero sen presas, e así o tempo discorría máis lento.

Pola mañanciña comezaba sendo taberna. Os mariñeiros ían cedo “*tomar a mañán*”. Chegaban áinda medio durmidos, pero ao pouco xa estaban argalleiros. Que ben sentaban esos grolos de augardente! Como quentaba a gorxa! Dáballes forza dabondo para ir cantando baixío a enfrentarse co mar para poder quitarlle todo o que se deixara quitar, mediante a arte que manexara cada quien: rapeta, ardora, xeito..., as mesmas de sempre, as mesmas dos seus pais e avós, que pouco ou nada variaran en xeracións.

O azucré, fariña, garavanzos, fabas, arroz, patacas, cuscús..., tínaos nunhas caixas a ras do chan e pechábanse cunha tapa abatible que estaba, case sempre, aberta. As especias introducíñas nuns cucuruchos que facía con destreza. Neles metía o pemento, a canela, a pementa, os cominos,...Ao lado dous barrís de madeira cheos de viño branco e tinto cunhas billas de madeira. Debaixo deles un barcal de louza amarela para recoller as pingas sobrantes de medir os cuartilllos cos que, coa axuda dun funil de folladelata, enchía as botellas que traían, case sempre, os rapaces.

Facer os recados! Tarefa que sempre chegaba no momento más inoportuno e que sempre eran contestados

por un: “non vou”... pero xa indo, por medo a que voase a zapatilla da nai polo aire, ánda que xa estaban ben entrenados niso de esquivala, polo que case nunca daban no sitio. Método rápido e eficaz que non necesitaba discursos.

A tenda ía cambiando de clientela segundo a hora do día. De pronto aparecían na súa tenda, convertida nese momento en ultramarinos, as mulleres do barrio que, antes de ir traballar, deixaban o gasto feito. Tiña que abrir cedo para que as mulleres dos mariñeiros, que saían de madrugada, lles levaran o necesario para ir ao mar.

Os mariñeiros non tiñan un horario fixo, saían ao mar a calquera hora segundo o oficio ao que foran. Os días presentábanse longos e traballosos e levaban todo o necesario para cocinar na dorna. Díciase que estas comidas eran realmente gustosas e que ningúen saberá nunca o que é unha caldeirada senon a fixo e a comeu no mar co peixe recién collido.

mariñeiro, ao volver, repartían na taberna o *changüí*, parte proporcional que repartía o patrón do barco cos mariñeiros,

segundo foran as capturas do día. Era una pequena parte que normalmente acababa convertido en tabaco e viño.

Ás veces, algunhas mulleres ían ao encontro dos mariñeiros a pé, cargadas cos víveres e voltaban coa pesca do día para logo ir á lonxa para subhastalo ou aos pobos dos arredores a vendelo ou trocalo. Isto podía supoñer andar 15 ou vinte km, ida e volta, cargando na cabeza unha patela ben pesada.

Todo iso manexába Paquita, bela muller, alta e loura, que non foi capaz de aceptar a ningún home dos moitos que a cortexaban.

Ninguén podería substituír no seu corazón ao seu noivo de 18 años, aquel que un día de temporal non volviera a porto. Desaparecerá xunto cun irmán e co seu pai. Os corpos non apareceron nunca, quizais por iso, Paquita non era capáz de admitir a súa morte. Dende aquela, Paquita, cando podía, achegábase ata o peirao buscando no horizonte un soño que nunca se cumplió.



Típica tenda - bar en O Grove, naqueles tempos.


FRAGATAS INGLESES EN ONS E NA RÍA DE ALDÁN

Por: Redacción

Liamos no Faro de Vigo¹ un relato inédito que o profesor José Moreira Pumar recolleu das crónicas dalgúns capitáns de barco tras ser abordados polas tropas francesas e inglesas. Neste que imos relatar ten como escenario e punto de partida a Illa de Ons e remata na enseada de Aldán, fronte a antiga fábrica de salga de Pintén e onde atopamos un persoero, Francisco Genaro Ángel, que máis tarde vai ter unha estreita relación coa Illa de Ons na etapa de construcción das baterías de defensa contra os franceses.

A principios do século XIX os ingleses, que saíran vitoriosos de Trafalgar, navegaban polas costas desafiantes intentando dar castigo ao noso cabotaxe.

Conta a anécdota dun quechemarín matriculado en Camariñas e que saíra do porto da Coruña cargado de trigo con destino ao porto de Vigo. Cando se atopaba o día 28 de xuño do ano 1806 á altura das rías Baixas, conta: "... al amanecer del día siguiente tuve que desviar el rumbo ante la presencia de buques enemigos por lo que traté de buscar tierra entrando por la Boca del Centolo, frente a la Lanzada para navegar próximo a la costa por dentro de las Islas de Ons... La casualidad quiso que una fragata inglesa, enemiga de nuestra patria, que allí se encontraba agachada y fondeada por la parte también de dentro de la isla, me descubriera".



Fábrica de Pitén na enseada de Aldán

Interesante este relato que dá a entender, primeiro, o por que do despoboamento por esas datas da Illa de Ons sometida ás incursións de todo tipo de piratas e corsarios. E segundo o por que de varios topóminos na banda leste da Illa que fan referencia á presenza de ingleses en Ons: Fonte dos Ingleses, Monte dos Ingleses, Veiga dos Ingleses,...


A historia dese quechemarín sigue coa persecución á que a someten os ingleses, tendo que refuxiarse na enseada de Aldán e desembarcar na praia de Pintén onde a mala sorte fixo que o barco tropezara cunha rocha que provocou unha vía de auga. Os veciños do Hío acudiron na súa axuda coas armas que dispoñían á vez que con todo tipo de embarcacións conseguiron levar ao quechemarín ata Aldán, varalo e amarralo o que provocou a marcha da fragata inglesa.

Ao día seguinte, os ingleses volveron nun bote con 20 homes ben armados e apoderáronse do quechemarín. Segue contando que: "Pero los vecinos estaban tan instruidos en el manejo y la defensa que algunos optaron por entrar en los almacenes de salazón que hay en aquel lugar, propiedad del catalán don Francisco Genaro Ángel que allí tiene para fábrica de sardina y haciendo agujeros en la pared y muralla para disparar... pasando la situación a ser ventajosa para los paisanos cogiendo así a los ingleses al descubierto y muy cerca, teniendo estos que dejar la acción de apoderarse del buque y ponerse a la fuga...".

Este interesante relato, ao carón, da satisfacción de dar fuga aos ingleses, ponos en relación, de novo, coa Illa de Ons por medio da figura de Francisco Genaro Ángel que máis tarde, 1810, vai ser un dos personaxes protagonistas do proceso de fortificación da Illa de Ons, pois, como conta Salustiano Portela Pazos², foi como o capataz das obras de fortificación contratado pola Junta Provincial de Armamento da Provincia de Santiago.

¹ Faro de Vigo. "Vecinos de O Hío y Aldán, contra los ingleses". Jose Moreira Pumar. Cangas. 14 de marzo de 2010.

² Salustiano Portela Pazos, "Apuntes para la Historia de la Isla de Ons". Revista Nos. 1954



ONS, O MEU PARAÍSO DE ONTE (X)

Lembranzas da miña primeira escola e algo máis

Por: Julio Santos Pena

Cando chegamos á illa coa ilusión propia dun mestre que se vai facer cargo da súa primeira escola, non podíamos pensar que nos toparíamos cunhas condicións que ían mellorar moito a nosa calidade de vida. Embarcámonos na aventura conscientes de que podíamos acceder a un lugar inhóspito, incómodo e, se cadra, con xente que podería non recibirnos con moita simpatía. Corrían rumores de que algún mestre anterior tivera certos problemas de incomprensión, probablemente alleos ao seu labor docente, e ese detalle poñía unha nebulosa sobre as nosas cabezas. Xa teño contado en capítulos anteriores que o temor foi infundado porque a realidade demostrou que a Illa, sabendo entendela a ela, como espazo vital, e ás súas xentes, era un verdadeiro paraíso ao que lle faltaban moitas cousas que tiñamos “en terra” pero lle sobraba beleza, tranquilidade, misterio e sobre todo agarimo nas súas xentes ao menos no que á aceptación que nos brindaron dende a chegada se refire.

A primeira sorpresa fora, nada máis chegar, atoparnos cunha preciosa vivenda do mestre radicada nun lugar de privilexio da Illa formando un conxunto coas da mestra, do cura e tamén co templo. Enfronte a escola, tan moderna e funcional áinda que, a verdade, rechiaba un pouco urbanisticamente co medio pero, sen dúbida, unha escola cómoda que calquera profesional da docencia desexaría en todas partes.

Organizar o traballo escolar non foi doado. Os nenos levaban varios anos con irregularidade na asistencia á escola, non así as nenas que contaron con mestra con maior frecuencia e regularidade. Dábase o caso de que moitos rapaces, a punto

de rematar o tempo de suposta formación escolar, tiveran escola moito menos do que lles correspondía e, naquel intre, xa nin se lembraban dela. Os, digamos medianos, estaban máis dispostos en acudir e, os más cativos, resistíanse como o fan en todos os sitios sobre todo porque oían con frecuencia nas súas casas que na escola lles ían dar “moita leña” pois era ese o costume. Por iso non era de estrañar aqueles ollos abertos que os nenos que viñan por primeira vez, poñían para detectar de onde lles podería caer a primeira labazada.

Pouco a pouco fomos artellando o sistema de traballo no ámbito dunha escola unitaria con máis de trinta rapaces desde os cinco ou seis anos. Daquela aos Mestres, xoves ou veteranos,

non nos preocupaba moito esta situación porque case todas as escolas eran unitarias salvo os centros situados nas grandes concentracións urbanas que estaban organizados por niveis ou grados. E, salvando determinados meses do ano en que os rapaces eran requiridos para atender certos labores do campo, a vida escolar ía se levando con certa facilidade una vez feito o engrenaxe lóxico do funcionamento diario. Facilitaba aquel bo facer o feito de que nós vivíamos na mesma illa e nela estabamos a práctica totalidade dos fins de semana co que non corriamos o risco de non poder volver o luns seguinte en que o

barco de pasaxe non facía a travesía argumentando que facía mal tempo áínda que non fora certo o que provocaba en ocasións que si, en efecto, se levantara una marusía de varios días, a escola quedaba sen funcionamento por falta de mestre que non daba chegado e iso era o gran problema da escola das nenas que perdían moitas xornadas por esta causa.

COLABORA:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Co tempo, xa afianzado no traballo, meses despois da nosa instalación na Illa e consciente deste problema das rapazas cheguei a un acordo coa compañeira que as atendía de xeito que dividimos sendas matrículas en pequenos e maiores para evitar que estes, más próximos a abandonar o tempo escolar pola idade, se foran sen o mínimo de preparación debida. Os más cativos, nenos e nenas, quedaron coa mestra e, os maiores rapaces e rapazas pasaron á miña responsabilidade co que penso que, ¡hai que ver! A Illa de Ons foi a pioneira da ensinanza oficial mixta. O experimento dou moi bo resultado porque desde xeito aseguramos a escolaridade dos mozos e mozas mantendo algúns deles e delas na escola despois de cumplir os seus anos regulamentarios nunha licenza que nos demos sen pedir permiso a ninguén e conscientes da necesidade de formación daquel grupo próximo a entrar na vida laboral ou doméstica á que podían acceder en Ons. Os mais cativos gañaron tamén porque en moitas das ocasións nas que a mestra non podía volver á Illa polo mal tempo ou calquera outra razón, eran atendidos pola miña dona disposta a colaborar na normalización escolar dentro das súas posibilidades xa que non era profesional da docencia.

Día por día fomos superando as poucas dificultades que se nos presentaron entre outras cousas pola nosa ilusión profesional pero tamén porque aquel pobo de xentes distintas empezou a acostumarse a nós e ás nosas maneiras. Moitas veces cando, pola mañanciña ou no serán, eu vestía a roupa de deporte e saía a correr polos camiños, cousa que en Marín, no meu pobo de orixe, facía con toda normalidade, pero que ninguén mirara tal en Ons e menos nun mestre, notaba como os homes ou as mulleres que ían ou viña aos seus labores do campo ou acompañaban ao gando de ida ou de volta, saudábanme con agarimo e quedaban fitando para a miña figura que se perdía cara a Cucorno, Melide, Canesol ou Pereiró, moito más rápido do que era normal despois de apreciar o suor que me corría pola cara. As primeiras veces parábame para cambiar algunha que outra palabra con eles áinda que a verdadeira intención, una vez que me decatei que aquilo non estaba dentro do normal naquel enclave mariño, era demostrarles que o mestre non

estaba tolo e o que facía era simplemente un pouco de deporte. Pouco a pouco, aquela escena do mestre corriendo polas corredoiras, parando aquí e alá para estirar os músculos das pernas arrimado a calquera valado ou árbore do percorrido, ou facer neste punto ou no outro as flexións que a idade me permitían dentro dunha táboa máis ou menos lóxica de adestramento ou mantemento físico, foise facendo habitual e bastaba con saudar ao paso da xente que de calquera xeito volvía a cabeza para ver como me perdía na distancia e, seguramente, pensando que, de verdade, o mestre estaba algo más tolo do que parecía.

Xa contei algunha vez que foi a miña teima desde o principio, sacar aos cativos das tabernas nos días santos e nos sábados que xa daquela non había escola nin os homes ían ao mar. Fixeramos na propia escola primeiro, un campo de fútbol que, mira por onde, foi tamén pioneiro do que agora se chama "futbito" ou "fútbol sala" e que naquel intre non existía áínda que, o que tamén temos que apuntarnos, é o mérito de ser pioneiros sen querer deste deporte que, en efecto, conseguiu que os rapaces non estivesen nas tabernas, nas que respiraban o nocivo aire dos centos de pitillos que os maiores fumaban e escoitaban cousas que non lles conviñan dos mesmos

homes que no fragor da loita no xogo do "truco" e, se cadra co cerebro quente polo coñac sorbido naquel ambiente pechado, soltaban calquera cousa polas súas bocas. Os rapaces maiores algúns fóra da idade escolar pero asistentes á escola cando tiñan posibilidade, foron uníndose ao mestre "tolo" que choutaba polas veigas de mañanciña ou de tarde e fixemos un grupo do que todos nos sentíamos orgullosos pois deixabamos a un lado a relación mestre-escolares para ser compañeiros un día si e outro tamén na teima de mellorar a nosa preparación física. Marcial, Francisco, Camilo, Juan, Benito, Manolo Reiriz... por nomear algúns como exemplo (algúns deles xa finados en plena xuventude), gozaron comigo daquelas sesións que moitas veces, cando había seca, rematabamos na praia recollendo mexillóns, camaróns e algún que outro polbo, tarefa na que aqueles mozos eran verdadeiros expertos porque coñecían ademais cada "gocho" das pedras do entorno.

Barrio de Canexol. Antiga escola e casa escola.



Principios anos 70, chegada do barco de Pancho con illáns e turistas.



Ninguén debe pensar que este modo de facer restaba en absoluto respecto polo mestre ou polo seu labor. Viviamos unha época educativa na que ninguén se extrañaba que ao mestre se lle escapase una labazada e contaban alí verdadeiras historias do antigo nas que quedaba ben patente que os mestres e as mestras apoiaban a súa autoridade nos castigos deste tipo. Curiosamente non oíñ a ninguén renegar dos seus educadores a pesar de que, nalgúns casos, si era certo o que contaban, sería para tal. As familias depositaban no mestre toda a súa confianza e os rapaces eran conscientes desa autoridade delegada neles ata o punto de que a aceptaban, sen ningún tipo de rexeite, calquera castigo que se puidera impoñer polo seu inadecuado comportamento, sabendo que, na casa, non ían atopar moita defensa en contra do proceder do docente. Imperaba aquela a lei de *"A letra con sangue entra"* que poñía una barreira infranqueable entre mestre e alumnos e mesmo parecía una obriga para uns e para outros. Por iso, para moitas familias, era tan raro ver ao mestre correndo polos camiños xunto con algúns dos seus alumnos ou xogar con eles aqueles partidos de fútbol que acabaron sendo un espectáculo dominical para xogadores e espectadores que se acercaban á escola. Algo estaba cambiando no mundo escolar.

Tal era o respecto pola máxima de *"A letra con sangue entra"* que non me resisto a contar una anécdota que o reflicte. Corría o tempo de primavera cando unha mañá do sábado chegou o barco de pasaxe con xente da Illa que retornaba de terra, as provisións de costume e o correo que Pancho, o dono do Azor, repartía aos destinatarios. Daquela estábamos na taberna de Checho, que era o alcalde pedáneo e recibía o

pouco correo oficial que por alí chegaba de cando en vez. Nunha mesa charlabamos como sempre das cousas cotiás da semana Manolo "O Pequeno", Avelino e o sempre "coñero" Manolo Reiriz (q.e.d. os tres) que se levantou e foi acercándose a Checho falando en baixa voz sen que nos decatáramos os demais volvendo a sentarse na mesa para seguir a conversa na informalidade de sempre. Ao cabo dun pouco tempo acercóusenos Checho cun sobre na man e fitando cara a nós dixo: *"Ídevos preparando que vén una orden do Goberno que di que, os que non saben ler teñen que ir obrigados á escola"*. Decatéime deseguido de que non había tal e simplemente era una leira de Checho alentada polo trasno de Manolo Reiriz e cando vin para Avelino que a pesar dos seus máis de sesenta anos era praticamente analfabeto coma moitos dos veciños do entorno por mor das eternas dificultades da escola da Illa, observei que me fitaba cos ollos abertos como se o acabaran de recrutar para a guerra de Cuba. Aquel home praticamente xa xubilado cando recobrou o alento preguntoume: *"E... Don Julio...¿vostede peja?"*.



Sr. Checho, antigo alcalde pedáneo, e a súa familia. Anos 70

Lémbrome que aquela inocente pregunta arrincou as gargalladas dos poucos que estábamos alí e que a miña resposta, botándolle a man polo ombreiro a aquel homazo foi *"Non te preocipes, Avelino; ti xa sabes de mais"*.

¡Ai, a Illa do meu corazón, canto me ensinou a ser mestre pero sobre todo, xente, como a xente daquela paraxe inesquecible!

CONTOS E LENDAS DE O GROVE

Por: Anxo López Vergara

Debuxos: Miguel Besada Costa


Aínda que colaboro na revista AUNIOS desde a súa fundación como corrector lingüístico, praticamente nunca escribira nela. Así que me atopaba moi tranquiliño ata que, para esta edición o seu coordinador Tinón Pardellas, deume un traballo extra. Resulta que chegaron ata el unas historias que María do Carmo Henríquez Salido¹ recollera en O Grove alá polos anos sesenta do pasado século para a súa tese doutoral. Daquela tese, que levaba o nome de "El habla de O Grove" e que recibiu a cualificación de "Sobresaliente cum laude" nós xa coñeciamos un libriño, co título "Léxico de O Grove", que formaba parte dela.

A pesar de que só se trataba de poñer o meu nome a un artigo xa feito, a tarefa era complicada e, aínda que non me neguei, o primeiro que falamos era que había que pedir permiso á autora para poder facelo. A continuación pregunteille que era, verdadeiramente, o que quería que fixera. Dende logo, púxomo moi doado. Só se trataba de reescribir e recuperar aquellas historias que María do Carmo recollera hai anos e pasalas á revista, co único obxectivo de que a xente de O Grove as coñecera, xa que forman parte da cultura popular desta terra e non nos parecía ben que quedasen esquecidas.

Pois moi ben, así o fixen. Deume uns folios onde el copiara as lendas que María do Carmo recollera e eu só fixen escribíllas de novo. Como non sabía que facer, escribinas tal e como as redactara ela á espera, cando llas mandaran para o seu visto e prace, que opinara se ían así ou se as poñíamos co galego actual normativizado. Pasamos a dar a coñecer algunas das que alí viñan.

As primeiras son da informante Regina Santalla Lorenzo, que daquela (anos sesenta do pasado século) contaba coa

idade de 72 anos. Vivía na parroquia de San Vicente e era coñecida coa chata de "Regina a Laranxa". Transcritas tal e como as contaban e escribiu M^a do Carmo:



< Estaba eu na casa de miña abuela, e tíñame alá e fóime buscare meu paí; e fóronme buscare. E cando viñan por ahí, por cerca do bare, e entonces viren unhas luces, un alumbrado. E díolle mi padre a mi madre: "Oes, corre lixeira". E entonces había unha canceliña, e vai mí padre e subéu dúas escaleiriñas e mí padre traía unha botas calzadas e un sombreiro na cabeza. E dixolle el: "iSube, Ramona! E subé e de camiño colléu a cancela no aire e enseguida pasaren un mundo de luces por aquela congostríña. Eran un mundo de mulleres e homes con panos cubertos, as mulleres. A mí padre caéulle o sombreiro na congostríña e non o foi coler có medo. E dixolle a mí madre: "Hai que mirar pra onde vai eso" -as luces-. E miraron e forn pra o cementerio, e andaban a subire e a baixare.>

¹ Estes contos foron sacados dunha Memoria para a obtención do Grado de Doutor, elaborada pola, daquela licenciada, María del Carmen Enríquez Salido. Santiago de Compostela 1971. Están transcritos tal e como os recolleu a autora.



MAQUIEIRA

PESCA DEPORTIVA

Plaza de España, 4
Teléf.: 986 851 814

PONTEVEDRA






< Un home estaba a cenare, e más dúas irmáns, a comere unha cunca de caldo. E enseguida o irmán, viñan do baile, e entonces el saléu de xunto elas e non lle dixo nada; e deixou alí o caldo, e marchou. E elas comeron o caldo e non viña. E dixolle unha á outra: "¿onde irá Ricardo, que non ven?" E entonces fórense para a alcoba, a deitar. E dixolle unha: iAi!, moito tarda, ¿onde irá? E enseguida chegou, e dixolle: ¿Tí donde ves? E de camiño el colléu a taza do caldo e foi comere a cabo delas. E dixeronlle: ¿Tí donde ves, oh? E dixolle el: Calade miñas irmáns, que vénvos de moi lonxe. E dixeronlle elas: ¿Eló? ¿Tí dónde ves? E dixolle el: Veño de Faro, porque eu nunca volo, eu ando cá vela. E dixeronlle elas: ¿E logo? ¿Cómo é a vela? E dixo el: A vela é un gueso, cando un home vai por un camiño traie un gueso no bolsillo e metelló na chaqueta a outro e entonces descarga a vela. E dixeronlle elas: ¿Hai moito meu irmán? E dixolle el: Xa hai dous meses que ando con ela. E dixeronlle elas: ¿E logo, cómo viñestes tan pronto, que o Faro é lonxe? E dixolle el: Porque no sabes, cando meten a vela, diche o meigo: ¿quereres ir restante ou voante? Si queres ir voante váise a voare, e eu vóuché volante. E dixeronlle elas: ¿E logo tí como voastes que non es paxaro? E dixolle el: iAh! Pero como son meigo xa vou polo aire como un paxaro. E dixeronlle elas: pois vai comer o caldo, oh, vai comer o caldo. E dí Malvina: Cándida, por eso Ricardo hai moito que nos baixou. E dí Ricardo: Claro que baixin, porque non pudo comere, cando teño a cita.>

< Era un vello do Grove, que lle chamaban o "Lobo do Con", e era o capitán das meigas e más dos meigos. E as meigas xuntábanse todas pa salire de noite. E dunha volta citáronse as doce da noite. E marcharon a Faro. E o chegar alí estaban todas xuntas a esperare, mulleres e homes, todos os meigos xuntos. E dempois un pouco máis tarde, chegou outro

meigo e tamén sentou alí. E entonces dixo o capitán, que era o Lobo do Con: Bueno, agora vamos comere. E puxo no medio dos meigos un cesto de pan e da que o comeron dixo o capitán: Perico, vente. E velo ahí ven o Perico e sentouse no medio das mulleres, e montounas a todas, cabaleóunas a todas. E despois cabaleóu o meigo, que era o capitán. E de camiño, díxeron: Alá seguimos. Levantáronse todos e vinérone po Grove. E de cando viñan as mulleres, viñan tapadas con mantóns e viña primeiro, era a capitana, diante, e despois as outras meigas e despois os homes en procesión. E un home daqueles, porque os homes non as coñocían cos panos cobertos. E dixolle un meigo a outro:



Oes, eso que vai diante de nos ¿non che parece a miña moza, ho? E dixolle o outro: a min parece que a coñozo polas pernas, que as ten moi feitas. E dixolle o que lle preguntou: pois como sea no a quero más. Héille de preguntar a capitana se é que me ha de decir a verdá. E preguntouollo, e dixolle que non - negóulle -. E dixolle el: Si me di a verdá regálolle un refaixo. E dixolle ela: pois é, pero non me descrubras. E vai o meigo, e non quixo á moza. E el ainda siguéu dous meses de meigo, non pudo entregar ea vela.

Outro informante foi o popular Francisco Caneda Otero que daquela contaba con 54 anos de idade. Dirixía varias comparsas do barrio de Peralto (barrio mariñeiro por excelencia), pois tiña a fama de enxeñoso e chistoso.

<Hai atrás chegou un iate ó Reeiro, e deu fondo. Colléu un bote de lona e ístirouno e botouno ó mar. Saltou a bordo cunha escopeta e entonces foi cazar. E andaba ali arriba un home cas vacas e resulta que el pasaba ca escopeta ó lombo e o outro era un pouco aficionado á caza, o que andaba cas vacas, e dixolle: "Señor, ¿Véndeme esa escopeta? O outro non lle contestou. O non contestarlle, dixo el: este polo pantalón que leva vestido, debe ser inglés. E vai el e foi chamar pola entérprete a Balea. E chegou ali e dixolle el: Oes, ven conmigo ó Reeiro, que anda ali un ca escopeta que nunca vin escopeta no mundo como ela. E dixolle el: ¡Coño! ¿eló? ¿vou perder agora de mollar o centeo e vou ir contigo ó Reeiro? E dille o outro: págolle medio día de traballo, home. E entón foron andando e virono a baixada do sanatorio: ¡Ah!, velo ahí anda. Con que foron andando. O chegar a xunto el, dille o enterprete: ¿qué maestro, véndeme esa escopeta? E dille el moi campante: "guinjai". E dille o outro, o que lle quería comprar a escopeta: ¿que che dixo? ¡Ai! Disque no a vende, que lle berra o pai. E fóreronse cas quinientas>.

Xa por último citar a outro dos informantes, José Ventura Fernández Prieto. Tiña daquela 39 anos e era mariñeiro do barrio de Platería.

<Unha vez, unha invernada moi grande, nunha taberna os mariñeiros contaban moitos contos, ¿non?, así as aventuras que lle pasaban. E dícia un deles: Unha vez ahí nunhas pedras que lle chaman Roxins, botín a liña ó mar, e fun preso; tiro, a alá ven, tira, tira, tira, un congro coma un mundo. Metino á bordo e tira, tira, tira, un congro coma

un mundo. Metino á bordo e tira, tira, tira, tira, media hora tirando, e inda había congro, e o congro tiña polo menos vinte brazas de largo e pesaba mil kilos, ese congro. E entonces había un home ali, escoitando, e foi pa porta e calou a boca, meneando a cabeza, non, pero calou a boca. E entonces aquelo pasou; todos dixeron que se iban. E entonces, o cabo de certo tempo o home que fora á porta tamén contou ali un conto, cando estaban todos reunidos, e tamén estaba o do congro ali. E dixo el: ehi, nesa pedra dos Roxins botín a liña ó mar, e fun preso; e tira, tira, tira,



Begada

un farol encendido cas iniciais dos tempos de Felipe Segundo. E dille o do congro: bo, bo bo, apaga o farol, apaga o farol. E dille o outro: héi de apagar o farol, cando tí lle saques metros ó congro.>

Aquí rematan os contos e lendas que M^a do Carmo Henríquez colleu por aqueles anos. Son parte da riquísima cultura inmaterial que ten o pobo galego e que, en O Grove, non ía a ser menos. Oxalá houbera moitas persoas que, como M^a do Carmo, recolleran estas historias. De ser así, teríamos hoxe unha riqueza cultural inmensa, froito do traballo de persoas que souberon estar ao carón do pobo, escoitalos,..., e ter a paciencia de recoller toda esa sabedoría popular que, dende logo hoxe, temos que dar por perdida.

A VERDADEIRA DATA DA INAUGURACIÓN DO GRAN HOTEL DA TOXA

Por: Francisco Meis

O progreso trivializa e transforma de forma anódina o día a día que vivimos e porén moitas veces desexaríamos quedar ancorados no pasado para poder formar parte de ambientes ou lugares que nunca chegamos a coñecer. Desexaríamos ter as facultades de navegar nos soños para sentir e vivenciar escenas ou lugares que soamente podemos ver nos libros ou nas fotografías antigas.



formando un esqueleto de pedra e formigón. As obras irían a bo ritmo ata que o 1 de xullo de 1908 inauguraríase oficialmente o Gran Hotel.

Os primeiros hóspedes puideron gozar dun hotel aínda por rematar pero que daba cabida a todas as necesidades que solicitaban. O proceso que culminaría coa finalización das obras chegaría no ano seguinte, porén, non foi motivo suficiente para que o visitaran e chegaran a durmir ilustres hóspedes como os marqueses de Elduayen tan vinculados á historia da cidade de Vigo.

Como xa mencionaba ao comezo do artigo o eclecticismo das súas formas, a maxestosidade do anxo trompeteiro como sentinelas no alto do hotel ou a feminilidade coa que embelecían as cariátides cada un dos torreóns, desgraciadamente, xa forman parte das fotografías e das poucas persoas vivas que aínda se acordan. Un patrimonio que se perdeu e que vai esmorecendo na memoria dos nosos grovenses máis vellos.

¹ A través de Galicia. Francisco Camba. 1908

O Gran Hotel da Toxa é unha das imaxes que xa poucos grovenses teñen a posibilidade de recordar da súa infancia ou xuventude. A súa construción comezou como un elemento máis da modernidade que trouxo a illa a fundación, en 1903, da Sociedade Anónima da Toxa.

Ilustres escritores como Francisco Camba tiveron a sorte de visitar en xullo de 1907 a illa e alí poder ver a “silueta dun enorme edificio en construcción”. Falaría del como unha “obra realmente espléndida: montado cos últimos adiantos do confort”¹. Temos que ter en conta que falar da posibilidade de posuír nun establecimiento timbre e teléfono en todas as habitacións ou servizo de auga quente ou fría, formaba parte, naquela época, dun luxo que escasos hoteis podían ofrecer.

A súa construcción, por tanto, era patente aínda nese ano. O Palacio Comedor, contigu o Palacio de Habitacións, aínda se encontraba aberto, sen retellar e




ACTIVIDADES “PineirÓns”

Agradecemento á:

Colabora



CONCELLO DE O GROVE
CASA DE CULTURA DE O GROVE



A LENDA DA ILLA DE ONS

Por: José Taboada Pérez

Así era un día calquera ao amencer, ían os homes a cazar, a pescar e a recoller froitos salvaxes como landras, castañas, centeo, amoras e outras cousas.

As mulleres, os vellos e os rapaces quedábanse nas casas do poboado, curtían as peles, preparaban lanzas e frechas, facían a comida e conservaban os alimentos.

Non descubrían a agricultura, nin a gandería e nin falta lles facía. A caza era abundante. Había cervos, xabarís, cabras salvaxes, perdices, coellos, pombas, pitas do monte e outras especies.

Se a caza era abundante a pesca tamén. Había no mar grande cantidade de peixe e mariscos.

A Illa tiña dous poboados. Un preto do actual Canexol, chamado polos nativos “Cano do Sol” porque alí había unha cova de pedra cunha fenda natural pola que se coaba o sol e marcaba un raio dentro dela.

Vivían nunha cidade fortificada ou castro preto do mar. As casas eran pequenas, de forma circular, moi achegadas unhas doutras, con cuberta de palla e dun só andar.

No medio de todas había unha moi pequena na que ninguén vivía. Era a <Casa do Lume>, si, a Casa do Lume, porque sempre tiña lume. Polo día coidaban del as mulleres e os rapaces e pola noite quedaba un home facéndolle garda.

Aínda que non tiñan xefe, facía como tal “Pedro o Listo”, así chamado porque tiña resposta para case todo. Era un bo cazador, sabía acender o lume con dúas pedras que sempre levaba na bolsa bandoleira. Era tamén moi bo facendo arcos e frechas.

Dirixía sempre as tácticas de caza. Ao romper o día levantábanse os homes. Despois de asearse e comer, algúns saían a cazar, a estes o <Listo> mandáballes fregar os seus corpos cunha mestura de ramas machucadas feitas con ruda, xesta, loureiro e romeu. Desa maneira podían achegarse aos animais sen que o seu cheiro corporal delatase a súa presenza.

Se as mulleres falaban moito entre elas, pola contra os homes case non falaban, eran cazadores e se falaban podían escorrentar as pezas de caza. Comunicábanse por acenos e cando falaban, facíanlo con poucas verbas: Vós pescar, ti queda, vós a <mel ide>. De aí ven o actual nome de Melide, lugar onde había moitas colmeas e abondaba o mel.

Tiñan tamén unha linguaxe de asubíos que facían metendo os dedos na boca, un era si, dous era non e catro seguindos marchar.

Os que non ían a cazar, ían pescar, a recoller froitos, arranxar as casas ou a outras tarefas que lles encomendara o <Listo>.

A vida era, pois de comuna, traballaban todos para todos e compartían todo.

O <Listo> vivía fóra do poboado, tiña a casa a carón da fonte. Era cadrada e grande.

O <Tolo> era un home moi especial, non tiña casa, non traballaba, con barba e cabelos moi longos, andaba case espido, nunca ninguén o vira comer ou beber, falaba só, andaba polos montes ou polo mar, de día ou de noite. Era un tolo pacífico, que non se metía con ninguén.


Preto de Melide había outro poboado, o dos “Negros”, así chamado porque eran de pel moi escura, nunca se lavaban e cheiraban mal. O seu xefe era o <Chosco>, home salvaxe e cruel que non dubidaba en matar a quen se atrevese a levarlle a contra.

Un día, ao amencer, as xentes non saíran do seu asombro. Apareceu xunto a Illa outra illa case tan grande coma a deles. Uns miraban cara aos outros, abraiados, sen saber que dicir.

- Ese é un bicho! - Dixo o <Tolo>.

Vaia se era un bicho! Pois movíase!

Dirixiuse á Illa e empezou a comer nela. Tiña unha boca tan grande que lle cabía dentro unha casa de cinco andares, uns ollos coma noras e uns dentes grandes e negros que semellaban vigas de ferro. Tres días seguidos estivo comendo, formando así a Illa de Onza. Aquel bicho marchou e pasaron más de cinco anos sen que ninguén o volvera a ver.



Vista das Ilas Cíes dende a zona norte

O <Chosco> un día veu unha moza moi fermosa doutro barrio e pediulle que casara con el:

- Casar eu contigo! Antes morro!
- Pois vas a ser miña queiras ou non!
- Iso nunca, porco cheirento!

Marchouse o <Chosco>, maldicindo polo baixo.

Máis aquel día todo ía cambiar no quefacer diario da Illa, unha Illa que se caracterizou pola súa convivencia e tranquilidade.

Os do poboado durmían sosegados como facían de costume. Eran as catro da mañá.

O Garda do Lume, para entreterse, ata que os primeiros raios do sol amosasen a súa presenza, miraba como ardía, pois o lume nunca arde o mesmo, as cores mudan, tornanse azul, vermello, amarelo, si, case sempre amarelo, máis, de súpeto, escoitouse un pequeno estoupido, saltan muxicas, a chama levántase e volta a baixarse, é como se quixera dicirme que estou aquí, que vivo.

Neso cavilaba esa noite o garda lume, que o lume tiña vida. E, debía tela, pois xa fixera moitos experimentos con el: Un día botáballe follas de loureiro verde, a resposta eran uns estalidos e pequenas lapas de cores xunto a uns cheiros gorentosos. Outro día botáballe unha pel vella, pelos,..., e a resposta nunca era a mesma.

Así era unha noite calquera do Garda Lumes. Algo tiña que argallar para non quedar durmido. Así era a noite dese Garda do Lume, cando de súpeto oíu unhas voces que viñan romper o silencio noitebrego.

- Veñen os negros, veñen a matarvos a todos! - Era o <Tolo>.

- Ti que dis, que dis! Vai durmir que son horas!
- Mira para alá! - Díxolle sinalando unha curva do sendeiro.

Saíu o Garda Lume da <Casa do Lume> e viu como viñan os Negros co <Chosco> ao fronte armados de arriba abaxo.

Miralos era tarefa dodata. O mes era agosto, o ceo estaba cuberto de estrelas e a lúa era chea e brillaba con forza.

Ao <Chosco> cantáballe no bandullo a vitoria, eran tres veces más e cinco más salvaxes.

O Garda Lumes foi correndo á casa do <Listo> a contarlle o acontecido.

- Vamos! - Dixo o <Listo> saltando de súpeto dos seus apousentos. Dese malparido podemos esperar o peor!

Dirixíronse a toda carreira ao poboado, espertaron a todos e contáronles o acontecido.

- Non podemos facer nada! - Dixo un dos maiores.

- Se nada facemos dentro de pouco todos estaremos mortos!

- Respondeulle o <Listo>. Loitemos, pois, de morrer fagámolo con honra! Collede as armas!

E todos os homes colleron os arcos, as frechas, as lanzas, as espadas e os puñais.

- Vós tamén! - Díxolle ás mulleres e aos rapaces.

- Nós! - Dixo Mariña, unha moza de longo cabelo.

- Si, todos xuntos somos máis ca eles.

Sinaloulle cun dedo para onde os homes tiñan que ir. Quedouse o <Listo> cos rapaces e as mulleres, armounas con longas varas aguzadas, arcos e frechas cos que os rapaces adoitaban xogar. Abriu un pequeno barril e mandoulles mollar alí a punta das frechas e as lanzas. No barril había unha mestura de plantas venenosas con veneno de abellas e estramonio.

Cando partiron, xa os homes estaban arriba. O <Listo>, as mulleres e os rapaces foron na súa procura. A escasos vinte metros, o <Listo> mandounos parar e, usando as varas a modo de pértegas, agocháronse no medio dos toxos.

Cando os do <Chosco> chegaron ao poboado, só quedaba nel o velliño coxo e unha vella enferma.

- Onde están todos? - Díxolle o <Chosco> ao vello.

- Vaite de aquí! E sacando a espada, matouno.

- Tan alá! - Díxolle a velliña cando tiña a espada no pescoco.


Matouna tamén.

Foron o <Chosco> e os seus homes a polos do <Listo>. Cando o viron, dixo o <Chosco>

- Alí están! Non quero ningún vivo

Máis o que non sabía o <Chosco> era que se ía a atopar cunha sorpresa. Xa uns preto dos outros, o <Listo> baixou a espada e as mulleres e os rapaces de pé, dende o medio dos toxos, comezaron a disparar os arcos e frechas certeiras que facían branco nas costas do inimigo.

Caían os do <Chosco> coma moscas entre berros que se oian a máis dun quilómetro. Alporizados e cheos de rabia



Barrio de Curro. Illa de Onza ao fondo.

correron cara aos outros que os esperaban coa espada na man. Empezou a loita corpo a corpo, mentres que seguían recibindo frechas envenenadas. Comezou a haber moitas baixas por ámbolos bandos. Aínda que agora eran dos do <Chosco>.

Sabedor el disto e ao verse derrotado, tirou a espada e levantou os brazos. Os seus guerreiros fixeron o mesmo. Rendéronse ante uns rivais inferiores en teoría, máis non en estratexia.

De xeonllos todos e coas mans na cabeza, agás o <Chosco> que estaba de pé. Achegouse o <Listo> e mirándoo fixamente fíolle un aceno para que se axeonllara coma os demás. Negouse maldicindo e berrando aos alí presentes. De súpito apareceu no chan retorcéndose da dor, acababa de recibir un golpe do <Listo> co pau da lanza no lado esquerdo do seu corpo, xusto onde acaban as costelas.

- Atádeo! - dixo o <Listo>. Foi atado de pés e mans e alí mesmo foi xulgado e sentenciado a pena de morte. Máis non a unha morte calquera, senón á morte dos traidores e malvados, ser tirado ao mar cunha grande pedra atada aos pés.

Achegáronse os vencedores aos vencidos e, coa espada levantada, rodearon aos derrotados que, mirando para o chan, mantíñanse calados.

- Serenádevos, eles perderon moitos homes e nós tamén! - Dixo o <Listo>

- Vós, levantádevos.

Cando se achegaron ao <Chosco> para a súa execución, un mozo de cabelos louros, do bando do <Chosco>, preguntoulle ao <Listo>

- Podemos facelo nós?
- Si! - Respondeu o <Listo>

E alí colleron a aquel malvado e traidor e tirárono ao mar polo Xobenco. Lugar así chamado agora, pois cando introduciron as vacas na Illa, por aí caeu un becerro do que nunca máis se soubo. Como tampouco se volveu a saber máis do <Chosco>. O mar tragounos para sempre.

Xa de volta pasaron polo campo de batalla, onde se mataran entre eles.

- Levade o que é voso - Dixo o <Listo>

Colleron as armas e aos feridos e fóreronse. Os outros fixeron o mesmo.

Ao día seguinte, ao amencer, atopáronse outra vez os dous bandos no mesmo sitio, só que esta vez non viñan con armas, viñan con sachos e pas; ían x enterrar aos seus mortos.

A escena era esperpéntica, homes sen cabeza, sen brazos, mulleres e nenos mortos... Se esperpéntica era a escena, non era menos a cara dos alí presentes

- Este era o meu fillo!
- Este era o meu irmán!
- Este o meu mellor amigo!
- Este salvoume a vida!

E así, con bágoas nos ollos e cara, apesarados soterraron aos que sucumbiran no combate. O lugar foi o Chan da Polva,

hoxe Chan da Pólvora, chamado así porque cando empezaron traballar esas terras, levántase moito po. Estes homes que un día antes se mataron entre eles, agora axudábanse a poñer baixo terra aos seus mortos.

Xa de volta a casa, o <Listo> dirixíndose ao mozo de cabelo louro, dixo

- Como te chamas?
- Pelaio, máis todos me chaman Loiro

- Es un bo guerreiro! Vin como lle perdoaches a vida a aquel rapaz dos nosos.


- Era moi novo para morrer
- Si, é moi novo

O <Listo> , esta vez en voz alta e dirixíndose a todos, dixo:

- Quen vai a ser agora o voso xefe?

Ninguén dixo nada

- Ti poderías facelo ben, Louro
- Eu xefe?
- Si, algúén ten que ser. - Dixo un dos máis vellos.
- De acordo!
- De acordo!! - Contestaron todos.
- Mañá ao solpor ven pola miña casa e trae e espada.
- A espada!!



Teléf: 986724333

* ALBARIÑO

BAR

**LONXA
PORTONOVO**

ESPECIALIDAD

*PESCADITOS

EL PUERTO. CÓMODA TERRAZA

*MARISCOS

- Si, a espada
- Ben.

Xa preto da casa do <Listo> cruzouse coa moza que rexeitara ao <Chosco>. Fitáronse, el fixamente, ela con disimulo sen artellar palabra.

- Gústache a moza, e!
- É a muller máis fermosa que vin!
- Máis, nós ao noso.

Coas espadas na man comenzaron ámbolos dous a andar. Paráronse encima dunha laxe. O <Listo> cravouna con forza na pedra, e volveu a cravala, unha vez, outra e outra e cada vez con más forza. Máis a espada seguía tendo pico. Colleuna coas duns mans e empezou a movela arredor de onde antes a espetara. O Louro fixo o mesmo. Pararon cando as díñas espadas estaban sen punta.

- Se as espadas estivesen así, hoxe estaríamos todos vivos. - Dixo o <Listo> mirando para a súa.

- Que razón tes! - Respondeu o Louro.

Dese desgaste de espadas quedaron unhas marcas nesa laxe, coñecida hoxe como o Petróglifo de Ons.

O Louro empezou a roldar á moza e acabaron casándose. Á voda asistiron todos os do outro poboado, iso si, limpos e aseados.

Pasaron máis de catro anos sen nada que salientar, ata que volveu aquel monstro. Empezou a comer outra vez a Illa, só que esta vez viña dereito ao poboado.

Todos escaparon monte arriba, agás o <Listo>. Este quedouse mirando para el, colleu catro barrís grandes nos que meteu pan de cobra do máis velenoso, catro enxames de abellas, cobras, sapos e estramonio, moito estramonio. Púxolle diante estes barrís tapados con herba, comeunos dun bocado. Aquel bicho, que nunca probara ese amoado, comenzou a bruar, perdeu a vista e, cun golpe que deu, formou o Burato do Inferno.

Foise afastando e o eu corpo comenzou a quecer tanto que se puxo roxo vivo. O mar fervía e estoupou. Foi tan grande o estoupiido que se oíu en Ribeira. Os seus restos quedaron esparexidos polo mar. Os dous máis grandes formaron as Cíes. As tripas quedaron preto de Onza e foron a dar ao lugar coñecido como Fedorentos, pois aínda hoxe cheira mal.

Ao día seguinte aquel monstro seguía botando fume. No mar había cantidade de peixe morto. Foi a primeira vez que viran comer ao Tolo. Sentado nun con da praia de Canexol estaba papando unha centola, xa cocida polas altas temperaturas que acadaran as augas. Algún illán probou ás agachadas a que sabía aquilo. Grazas ao Tolo, os illáns empezaron a comer marisco.

Xuntouse o poboado e decidiron darlle ao <Listo> o nomeamento de "Sempremantido". Polo que todos os días levárianlle leña, auga e comida. Dedicouse neste tempo a aconsellar, a facer armas para a caza e tamén fixo de curandeiro. Os anos fórónlle caendo. Unha noite saíu da casa e comezou a andar monte arriba, as forzas faltáronlle, sentouse e logo deitouse. O frío da noite fixo o resto. Foi a súa derradeira viaxe.

Ao día seguinte atoparon o seu corpo, trouxérono e levárono con auga de rosas e cubrírono cunha pel de castrón. Foi soterrado nun sarcófago escavado na pedra e tapado cunha lápida, tamén de pedra, e selado todo con estopa e brea. Ese sarcófago e coñecido agora como a Laxe do Crego. Pasaron moitos anos e os illáns viviron en harmonía e paz.

A Santa Compañía saía sempre por Melide, o que significa bos presaxios. Un día chegou un barco moi grande, con grandes velas e viñan homes con armaduras, escudos e armas que nunca viran.

Un deles faláballes dun ser superior ao que tiñan que adorar e ao que habfa que facerlle unha casa. Así foi como fixeron a igrexa e un sitio para soterrar aos mortos, a capela e o cementerio.


Para levar isto a cabo, tiraron a casa do <Listo>. Achaíron todo, tiraron tamén coa fonte. Isto apesarou moito aos nativos, pois a casa do <Listo> era algo moi especial para eles.

Xa descubrían a gandería e unha primitiva agricultura. Foron pouco a pouco abandonando o poboado e facendo as casas onde antes tiñan os alprendes para o gando. E así se formaron os actuais barrios da Illa: Canexol, Melide, Curro, nomeado así porque alí tiñan un cerrado onde xuntaban ás ovellas para cortarles a la, o Caño, porque alí nace un río, máis este non nace na superficie como case todos, senón nunha falla de auga, mana por unha especie de tubo. Pereiró, alí había un pereiro moi grande, e xurdíu un dito popular "ir ao pereiro". O Cucorno, acostumaban os deste barrio levar un corno colgado que lles servía de vaso, dicía o dito, "Vós sempre cun corno"

Cando xa estaban asentados nos barrios, a Santa Compañía apareceu esta vez polo Centolo, o que trouxo para a Illa peste e fame.

Aquel monstro mariño que comeu parte da Illa orixinouse dunha bacteria que chegou ao mar nun meteorito procedente doutra galaxia.

Proba de que aínda algo queda, foi a resistencia que amosou o Monolito das Illas Cíes ao seu derrubo con explosivos. Investigacións recentes feitas polo "zcesife" no lugar onde se levantaba, atoparon un mineral que non hai no noso planeta, aínda que o mantiveron en segredo para non alarmar ao respectable.



Praia de Melide